



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 78

Sesión plenaria
10 de xullo de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Debate e votación de dúas propostas de cesamento da valedora do pobo

Debate e votación das propostas de cesamento da valedora do pobo, formuladas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 32981) e polos grupos parlamentarios de En Marea e dos Socialista de Galicia (doc. núm. 33004)

Punto 2. Textos legislativos

2.1 Debate e votación do ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia, e, se é o caso, fixación do número de membros da Cámara encargados da súa defensa e posterior designación (doc. núm. 20737, 10/PPLC-000007)

Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 329, do 29.06.2018

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 329, do 29.06.2018

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (doc. núm. 30911, 10/PPL-000023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 304, do 15.05.2018

2.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, pola que se regula a publicidade sanitaria e sociosanitaria de centros e actividades na comunidade autónoma de Galicia (doc. núm. 31026, 10/PPL-000024)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 308, do 22.05.2018

Punto 3. Comparecencia

31529 (10/PPP-000065)

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar das demandas propostas por Galicia en relación coa reformulación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, coñecido como FEMP, e os traballos levados a cabo para a súa consecución

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

Punto 4. Mocións

4. 132737 (10/MOC-000097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 31575, publicada no BOPG nº 316, do 06.06.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

4.2 32740 (10/MOC-000098)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio. (Moción consecuencia da Interpelación nº 29887, publicada no BOPG nº 299, do 03.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

4.3 32745 (10/MOC-000099)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo. (Moción consecuencia da Interpelación nº 31237, publicada no BOPG nº 312, do 30.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

Punto 5. Proposicións non de lei**5.1 26542 (10/PNP-001875)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consecución do obxectivo de incorporar o Pazo de Meirás ao patrimonio público de xeito gratuíto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

5.2 30403 (10/PNP-002252)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento, a aplicación e o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 301, do 08.05.2018

5.3 31955 (10/PNP-002399)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe inserir o Goberno galego no Decreto de axudas para paliar os danos causados pola explosión dunha pirotecnia en Paramos, no concello de Tui, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

5.4 32077 (10/PNP-002415)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis**

Sobre a elaboración polo Goberno galego, logo de informe da comisión correspondente, dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

5.5 32222 (10/PNP-002423)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

5.6 32339 (10/PNP-002434)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos compromisos referidos ao avance da execución e data de remate das obras do AVE a Galicia, así como a actuación que debe levar a cabo respecto dos investimentos estatais e o cronograma previsto para ese fin

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

5.7 32700 (10/PNP-002469)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis**

Sobre a demanda dunha axenda galega diante do Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

5.8 32887 (10/PNP-002484)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das conclusións inseridas no informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para analizar as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres ou pazo de Meirás, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 328, do 28.06.2018

Punto 6. Interpelacións**6.1 2099 (10/INT-000084)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a prestación sanitaria pediátrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28, do 14.12.2016

6.2 30285 (10/INT-000999)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia sexual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 302, do 09.05.2018

6.3 32461 (10/INT-001090)**Grupo Parlamentario de En Marea**

Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**7.1 33015 (10/POPX-000100)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a manipulación dos medios de comunicación públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 331, do 04.07.2018

7.2 33016 (10/POPX-000101)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre o prazo previsto para o impulso da axenda de cambio dependente da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 331, do 04.07.2018

7.3 33017 (10/POPX-000102)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre o uso en beneficio propio ou partidario das institucións e medios públicos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 331, do 04.07.2018

Punto 8. Preguntas ao Goberno**8.1 32447 (10/POP-003768)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa catástrofe ocasionada pola explosión de material pirotécnico no lugar de Paramos, no concello de Tui

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

8.2 33010 (10/PUP-000176)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das posibles consecuencias da sentenza núm. 327/2018 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa valedora do pobo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 331, do 04.07.2018

8.3 32640 (10/POP-003793)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero e dar a coñecer no ámbito educativo

a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

8.4 30993 (10/POP-003607)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar as Directrices de paisaxe no prazo comprometido

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 23.05.2018

8.5 31312 (10/POP-003642)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do impacto ambiental que está a ter a carencia de estación depuradora de augas residuais no lugar de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

8.6 31322 (10/POP-003644)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos ubicadas en Teo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

8.7 31723 (10/POP-003691)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre a posición que vai adoptar o Goberno galego en relación coa solicitude de instalación dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga, no concello de Teo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 06.06.2018

8.8 32698 (10/PUP-000175)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e nove deputados/as máis

Sobre o posible traslado polo Concello de Teo á Xunta de Galicia dalgún informe en relación co proxecto de instalación dunha planta de tratamento e reciclaxe de residuos en Casalonga, promovido pola empresa Toca y Salgado, S.L. (TOYSAL)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 28.06.2018

8.9 32365 (10/POP-003760)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e catro deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adaptación do denominado Plan de transporte público de Galicia ás necesidades de servizos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

8.10 31903 (10/POP-003709)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e nove deputados/as máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da construción do novo espazo denominado Domingo Fontán no complexo da Cidade da Cultura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319, do 13.06.2018

8.11 32242 (10/POP-003745)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre o anuncio de construción do novo edificio Domingo Fontán na Cidade da Cultura, destinado ao acollemento do Consorcio Interuniversitario de Galicia e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, así como dun futuro Centro Europeo de Investigación de Paisaxes Culturais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

8.12 33014 (10/PUP-000177)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para atender as demandas salariais do profesorado galego, de xeito que cando menos recuperen o sexto lugar na táboa salarial do Estado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 331, do 04.07.2018

8.13 29766 (10/POP-003489)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre a comprobación no Sergas dalgunha mellora nos tempos de atención e no prognóstico dos cadros clínicos do ictus desde a posta en marcha da campaña informativa respecto dos signos de aparición desa enfermidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e sete minutos da mañá.

Debate e votación das propostas de cesamento da valedora do pobo, formuladas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego e polos GG. PP. de En Marea e dos Socialistas de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 12.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 14.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 17.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 20.)

Votación das propostas de cesamento da valedora do pobo

O señor presidente consulta a Cámara sobre a posibilidade de votar as tres propostas conxuntamente, o que é aprobado por asentimento. A continuación o señor presidente explica o procedemento que se vai seguir para esta votación. (Páx. 24.)

A señora secretaria procede a efectuar o correspondente chamamento, por orde alfabética, das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 24.)

Votación das propostas de cesamento da valedora do pobo: *rexeitadas por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 24.)

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia, e, se é o caso, a fixación do número de membros da Cámara encargados da súa defensa e posterior designación. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas e votos particulares presentados a esta proposición de lei que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 25.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Castiñeira Broz). (Páx. 25..)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 26.), Sr. Fernández Fernández (S) (Páx. 30.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 33.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 37.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 41.), *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 43.), *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 44.) e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 47.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 49.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 52.), *Sra. Vázquez Verao (EM)* (Páx. 55.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 58.)

Rolda de réplica: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 61.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, pola que se regula a publicidade sanitaria e sociosanitaria de centros e actividades na comunidade autónoma de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 67.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 70.) e *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 73.)

Rolda de réplica: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 76.)

Votación dos textos lexislativos

Votación dos votos particulares número 1 e 2 do G. P. do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia: *rexeitados por 19 votos a favor, 55 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 78.)

Votación das emendas números 1 a 3 do G. P. de En Marea ao Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia: *rexeitadas por 20 votos a favor, 55 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 78.)

Votación do Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia: *aprobado por unanimidade da Cámara* (páx. 79.)

O señor presidente expón que, unha vez aprobado este ditame, procede fixar o número de membros da Cámara para a súa defensa no Congreso dos Deputados. (Páx. 79.)

O señor Bará Torres (BNG) solicita a palabra para facer unha proposta sobre esta cuestión. (Páx. 79.)

Os portavoces señores Villares Naveira (EM) e Puy Fraga (P) interveñen sobre este asunto (Páx. 79.) e o señor presidente, dado o consenso sobre o aprazamento da elección dos membros da Cámara para a defensa da proposición de lei, procede á seguinte votación. (Páx. 80.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia: rexeitada por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 80.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do G. P. de En Marea, pola que se regula a publicidade sanitaria e sociosanitaria de centros e actividades na Comunidade Autónoma de Galicia: rexeitada por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 80.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e dous minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar das demandas propostas por Galicia en relación coa reformulación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, coñecido como FEMP, e os traballos levados a cabo para a súa consecución. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 81.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 87.), Sra. Toja Suárez (S) (Páx. 90.), Sra. Quinteiro Araújo (EM) (Páx. 94.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 98.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 101.)

O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 105.) Nesta rolda interveñen a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 105.), a señora Toja Suárez (S) (Páx. 107.), a señora Quinteiro Araújo (EM) (Páx. 108.), a señora Egerique Mosquera (P) (Páx. 110.) e a señora conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 112.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Díaz Villoslada (S). (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 118.) e Sr. Moreira Ferro (P). (Páx. 120.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG). (Páx. 122.)

O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 124.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 125.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 128.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 130.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 131.)

Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 133.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 135.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 136.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 139.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 141.) e *Sra. García Míguez (P)*. (Páx. 143.)

A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 144.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia: *rexeitado por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 146.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 146.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo: *rexeitado por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 147.)

Suspéndese a sesión ás sete e corenta minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e sete minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 332, do 5 de xullo de 2018, polo que non procedemos á súa lectura.

E entramos na orde do día. Como punto primeiro:

Debate e votación das propostas de cesamento da valedora do pobo, formuladas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego e polos GG. PP. de En Marea e dos Socialistas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Conforme o preceptuado no artigo 5.2 da Lei 6/1984, do 5 de xullo, unha vez substanciado o trámite da audiencia dentro do prazo establecido para o efecto, que rematou o pasado día 9 de xullo, e presentado o escrito de alegacións pola institución do Valedor do Pobo (documento 33296), procede o debate das propostas de cesamento formuladas.

Logo do acordo da Xunta de Portavoces do 3 de xullo, a ordenación deste debate constará dunha única rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición por un tempo de dez minutos por grupo.

Polo tanto, comezamos polo debate dos grupos parlamentarios e, posteriormente, procederase á votación das propostas de cesamento da valedora.

Rolda dos grupos parlamentarios, polo tanto.

Comezamos polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Valedoría do Pobo, institución creada para velar pola transparencia e polo cumprimento da legalidade nas administracións públicas. E de súpeto cáenos o rótulo luminoso e escacha en mil anacos no pavimento. E cae porque por baixo da pintura superficial das paredes do edificio —fresca en aparencia— están as humidades de sempre: o vello e rancio sistema caciquil que encarna e abandeira o PP.

Estes postos son para os elixidos, para os que sempre mostraron maior capacidade de adaptación e integración no *modus vivendi e operandi* do caciquismo consolidado, e nunca posto en cuestión realmente por este sistema podre do 78 que *tan bien supieron darse algunos españoles*. Isto pode lerse na capa de pintura balorecida que está por baixo da que desconcha pola humidade.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anula o concurso para cubrir 69 postos de traballo da Deputación de Baltar —perdón, de Ourense— e ninguén se ruboriza. «Foi sempre así» —dirán algúns—, «o peixe grande sempre comeu o pequeno» —sentenciarán outros—, «quen manda manda», amentarán os terceiros. Haberá tamén quen diga: é o PP e as súas mañas, eses que o corrompen todo, eses que manteñen na pobreza o noso país e que ralen-tizan un pobo creativo e dinámico, pasando por riba da razón e do sentido común, facendo arbitraria a lóxica democrática máis elemental.

Habería que recorrer á Valedoría do Pobo para ver se esta sentenza dá en algo positivo para a democracia e así devolve algo de confianza na Xustiza. ¿Como? ¿Que quen está envolveita e baixo sospeita confirmada é a mesma valedora? Non, joh! Sería contraditorio en si mesmo. ¡Pois é! Non se trata dun rumor nin dun comentario de lavadoiro ou de taberna, é unha sen-tenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia quen dá a alarma, ¡aí é nada!

Non é unha nova dun xornal dixital, deses nados para desestabilizar o sistema, non, é unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nun contencioso-administrativo onde se dá por probado arbitrariedade na decisión e desvío de poder na actuación administrativa no nomeamento de María Puy Fraga como xefa de servizo.

No seu momento, nesta Cámara, o BNG xa puxera en cuestión a elección como titular da se-ñora valedora, a señora Otero, previa repartición entre o PP e o Partido Socialista de Galicia. O seu *curriculum vitae* traía o aval dunha traxectoria de compromiso público co PP e coa de-reita rancia deste noso e sufrido país. Podería pois ser a cabeza visible da transparencia feita institución, da imparcialidade que defende o débil fronte os abusos da maquinaria político-administrativa, xélida como carambelos de xaneiro. E podería ser, pero non foi. Rematou por ser a non transparencia da institución creada para velar pola transparencia. Todo un exercicio de cinismo político dun sistema que se contradí en si mesmo. E así nos vai.

Estamos unha vez máis nas mañas do Partido Popular nas institucións e que consisten en copalas incumprindo os principios básicos de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público. Estamos diante dun abuso de poder manifesto con arbitrariedade, unha elección a dedo conculcando os dereitos doutros aspirantes. ¿Que se chaman postos de libre designación? ¡Vaia! ¿Pero logo non eran recomendacións, buscar padriños, o xamón, os tres quiliños de troitas para molestar un señor? ¿E non se lle chama caciquismo desde hai tempo e tempo? Pois iso, que continuamos na repetición continua dun sistema caciquil que permite a transparencia da opacidade, transparencia da opacidade, que aprisiona nestas catro pare-des o debate serio e sisudo do silencio e da impotencia, do divorcio entre a esperanza e a re-alidade. Porque, no fondo, do que se trata é diso: que nada cambie e que continuemos discutindo o cambio en *petit comité* aquí entre nós, en confianza. Nova duquesa de Franco que presume de que viviu toda a súa vida sen traballar, portada da revista do cotilleo xeral *Dez minutos*. Definición de libro do parasitismo: vivir do conto a conta dos demais.

Porque para os que vivimos en galego a palabra «valedor» pode ter significados contra-postos; podo poñer por caso: «conseguidor». E no inicio das accións xulgadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia todo é previo —quería demostrarnos a señora Otero o xoves pasado—. Ela inicia unha acción xa vergoñante en si para unha democracia: posto de libre

designación —eufemismo puro, legalismo para unha irregularidade—. Pois iso, inicia e logo lava as mans permanecendo á marxe da operación, pasándolle a responsabilidade a un segundo. «Que si, pero non. Eu non fun». Tamén se constatan nomeamentos non moi precedentes de certas asesorías.

No apartado de determinación dos criterios de selección do posto hai un que chama a atención, o apartado e): «Acreditación e visualización da independencia ou imparcialidade e especialización na defensa dos dereitos dos cidadáns fronte á Administración». Pero este criterio imparcial non ten o peso de dous méritos preeminentes en si mesmos que dan consistencia á designación a dedo: dous apelidos con solera e con *curriculum vitae* acreditado; o *pedigree* feito norma democrática. E non hai máis que discutir nin ponderar.

O BNG xa o dixo no seu momento cando o Partido Popular e o Partido dos Socialistas de Galicia repartiron a Radiotelevisión, o Consello de Contas e a Valedoría en pleno mes de agosto, o mes idóneo para facer estes apaños. E da imparcialidade e da transparencia da señora Otero souberon a Mesa, os colectivos de sanidade pública, os da hepatite... Sempre se puxo do lado do Goberno.

Agora o mal está feito, o descrédito está servido, a sentenza é pública e a xente non dá creto do que ve. Nós temos a obriga de salvar a institución da Valedoría do Pobo dese descrédito no que caeu mercé á súa utilización antidemocrática. A pelota está no tellado do Partido Popular. Vostedes dirán.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

Hai escasamente tres anos votabamos dende o Grupo Socialista a valedora do pobo, votabamos nesta mesma urna. Eu mesma votei a valedora do pobo.

Hoxe imos votar o seu cesamento. E as cousas mudaron. E hoxe realmente este debate non debería ser: a valedora debería ter cesado dende o momento en que lle foi retirada a confianza dos tres quintos da Cámara o xoves na Comisión de Peticións, e despois desa *horribilis* entrevista que fixo nun xornal galego. Os grupos da oposición fomos claros e rotundos: xa non hai unha maioría de tres quintos que a queira, así que debería ter renunciado ao seu posto o mesmo xoves da semana pasada, pero non o fixo.

Hoxe é un día lamentable no que temos que fidelizar —como explicarei máis adiante— que a valedora do pobo vive nunha realidade virtual, perdeu a perspectiva da realidade; realmente temos un avatar de valedora. E esquece que foi esta Cámara quen a elixiu por tres quintos

para estar á fronte dunha institución que se chama Valedor do Pobo. E que vai ser nesta Cámara onde lle digamos que xa non ten o apoio das 45 deputadas e deputados que a apoiamos no seu día. Así que hoxe é un día moi triste para a institución.

Tamén por ser histórico. É a primeira vez en todas as comunidades autónomas de España e no Estado que debatemos nunha Cámara lexislativa o cesamento dun valedor do pobo. A institución creouse para ser alto comisionado do Parlamento de Galicia para defender os dereitos e as liberdades públicas e para ser un faro de transparencia. Esta valedora non é unha comisionada deste Parlamento, xa non o é, porque non ten o apoio de 45 deputadas e deputados.

Vou falar desta sentenza (*A señora Vilán Lorenzo mostra un documento*), que todos coñecemos, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que aínda non é firme. Pero non é certo que sexan simplemente as opinións de tres maxistrados. Os que ditaron esta sentenza, cando a ditaron, eran poder xudicial. É necesario que a valedora tamén o saiba. E esta sentenza di cousas moi contundentes. Fala de numerosas irregularidades na abstención, de flagrante vulneración do procedemento, de que a valedora seguiu intervindo pese á súa abstención. E, revisada a documentación que recibimos na comparecencia e onte mesmo, *in extremis*, quédanos claro que foi a propia valedora quen indicou os criterios e os méritos á xunta de coordinación e aos autores do informe para seleccionar esa candidata, para a que foi feito un traxe á medida; criterios que a valedora xustificaba en que están na memoria, memoria que non se aportou —di o tribunal— precisamente porque non a hai, non existe a memoria; e criterios que só coñecía a propia valedora, que decidira a propia valedora.

A sentenza fala de desviación de poder, de arbitrariedade na resolución, de que non se motivou a elección desa candidata. E nós non discutimos os méritos da candidata dende o Grupo Parlamentario Socialista; nós non discutimos os méritos da candidata. A sentenza estimou a demanda, anulou a resolución e impuxo as custas: 1.500 euros de custas, que nos gustaría saber quen vai pagar.

O xoves a valedora compareceu na Comisión de Peticións, porque o demandamos conxuntamente o Grupo Parlamentario de En Marea e o Grupo Parlamentario Socialista, para deixar ver —como antes dixen— que vive nunha realidade virtual e paralela. Primeiro dixo que delegara, logo dixo que realmente era unha substitución, logo dixo que se abstivera en xeral, logo dixo que se abstivera por unha causa concreta, logo por unha causa con relación á candidata que logo foi elixida, e logo na entrevista dixo que tamén tiña outras dúas amigas dentro desa lista de dezaoto persoas que concorreron ao mesmo posto. Pero para esas dúas non se abstivo, só se abstivo para unha, porque estaba predeterminada a ser a persoa elixida para ese posto. A sentenza di que exerceu de valedora pese á súa delegación.

A valedora botou balóns fóra contra todo o seu equipo e contra o adxunto á Valedoría. ¿Quen vai crer que, sendo a elixida a irmá do portavoz do Grupo Parlamentario do Partido Popular, foi o adxunto nomeado polo PSdeG quen decidiu todo o proceso e que fose elixida esa persoa? É unha argumentación que a valedora utilizou e algunha voceira doutro grupo parlamentario utilizou na comparecencia do outro día e que ninguén pode crer fóra.

A valedora non especificou a causa da abstención, inicialmente, porque consideraba —dixo— que é de público coñecemento que «son discípula académica do pai dunha das persoas que concorria», a elixida. Outra vez realidade virtual.

A valedora conculcou o principio de transparencia. A convocatoria da praza foi en decembro de 2015. A Lei de transparencia aprobámola nesta Cámara e entrou en vigor en xaneiro de 2016. ¿Como ía ser un criterio en decembro de 2015 obrigado por unha lei de xaneiro de 2016?, salvo que alguén decidise que así o fose, e esa foi a propia valedora.

Na memoria non se especificaron os méritos que se necesitaban —recoñeceu a propia valedora este xoves—, sinxelamente porque non hai memoria, non a houbo; só un plan estratéxico do valedor do pobo que non é unha memoria e que podería valer para esta praza ou para calquera outra de todas as institucións do valedor.

A propia valedora dixo que non a aportara coa contestación á demanda. Esta señora foi decana da Facultade de Dereito e calquera sabe que coas demandas e coas contestacións é obrigatorio aportar a documentación, porque, se non, xa non hai oportunidade de facelo.

Dixo tamén que a memoria está publicada no Portal de Transparencia, pero o Portal de Transparencia non é o DOG, non é o *Diario Oficial de Galicia*. Gustaríanos saber se estes son os argumentos que van utilizar dende a Valedoría do Pobo para o recurso de casación que supostamente se vai interpoñer, porque imos facer o ridículo espantosamente ante o Tribunal Supremo.

A valedora acatou a sentenza, sen prexuízo do seu recurso. ¿Por que a executa, se aínda non é firme?, porque tiña sesenta días despois da súa firmeza para a súa execución, segundo di esta mesma sentenza.

A valedora dixo que a sentenza apunta algunhas deficiencias formais que non invalidan o procedemento iniciado e simplemente ordenan a súa corrección. Non é certo: a sentenza anula unha resolución, non corrixe, anula unha resolución e impón as custas.

En definitiva, o noso grupo parlamentario pensa que Milagros Otero Parga xa non está lexitimada para continuar no seu cargo, porque esta sentenza puxo de manifesto o notorio incumprimento das obrigas e deberes do seu cargo, como di o artigo 5 da Lei do Valedor. Porque na entrevista que fixo a un medio de comunicación, antes de comparecer nesta Cámara, revelou que non respecta o poder lexislativo e, como dixen antes, cos seus comentarios nesa entrevista non respecta o poder xudicial, e, sobre todo, porque o prestixio da institución xa está afectado. Hai un dano irreparable para o valedor.

Igual que pasara no seu día no ano 2017 coa sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela que condenou o Consello de Consultivo de Galicia por un acordo torpe e inxustificado por parte do Consello na persoa do seu presidente, por terse adoptado por un organismo precisamente creado para velar polo axeitado rigor no cumprimento das formalidades procedementais que existen as normas. Iso é o que dixo a sentenza do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago, que xa é firme. Tamén se recorreu en casación ao Tribunal Supremo e tamén fixemos o ridículo.

A valedora foi proposta polo Partido Popular; o presidente do Consello Consultivo foi proposto polo Partido Popular; Baltar, o presidente da Deputación de Ourense, é do Partido Popular e acaba de ser condenada a Deputación, a través dunha sentenza precisamente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por un proceso selectivo na propia Deputación. Señoritas e señores do Partido Popular, vostedes teñen un problema coa transparencia.

Hoxe poderían, se queren, dar imaxe de que o seu partido quere pasar páxina; está nas súas mans. Pero, voten o que voten os deputados do Partido Popular e as deputadas do Partido Popular, esta votación de hoxe manifestará que Milagros Otero Parga non ten o aval, como dixen ao principio, dos tres quintos das persoas que formamos esta Cámara.

«*El pueblo gallego tendrá que valorar quién soy, lo que he hecho*», dixo o outro día na súa entrevista. O pobo galego está aquí representado polos 75 deputados e deputadas que conformamos esta Cámara, e deses 75 non hai 45 que a avalen para seguir sendo valedora do pobo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.

Este non é un debate calquera. Hoxe o Partido Popular ten que retratarse; ten que decidir se está do lado dos enchufes, do clientelismo, dos que actúan con arbitrariedade utilizando o seu poder indebidamente; en definitiva, se está do lado dos corruptos ou, se pola contra, reconece que se equivocou depositando a confianza nunha persoa que defraudou esta Cámara e, como non ten nada que ver co que a valedora fixo, se desentende dela.

Señorías, hoxe nesta Cámara ímonos posicionar se este Parlamento lle retira a confianza á valedora do pobo tras ter sido condenada a institución que preside a causa da súa intervención persoal nun asunto de colocación clientelar dunha persoa nun posto da Administración vulnerando dereitos fundamentais dos demais aspirantes e obstaculizando o acceso á información sobre o procedemento ao propio tribunal. Precisamente ela, tribunal do órgano, encargada de velar polos dereitos fundamentais da cidadanía fronte aos abusos das administracións, é quen preside a Comisión de Transparencia de Galicia, como lle reprocha a propia sentenza.

Pero este debate é algo máis, é o debate seguramente máis importante que sobre a corrupción política teñamos dado na lexislatura. Trátase de decidir se estamos dispostas e dispostos ou non a seguir tolerando que haxa persoas que empreguen as institucións públicas en beneficio particular para beneficiar os seus amigos, os seus antigos xefes e para devolver favores ao partido que as puxo no cargo.

O Partido Popular vaise retratar hoxe: ou está cos dereitos fundamentais ou está coa corrupción. Hai unha institución condenada por sentenza xudicial porque a súa titular pisoteou

dereitos fundamentais, concretamente os de igualdade, mérito e capacidade, porque desprezou o resto dos cidadáns, todo para enchufar unha amiga, todo para enchufar a sobriña de Manuel Fraga, todo para enchufar a filla do seu antigo xefe, todo, señorías, para enchufar, en definitiva, a irmá do voceiro do Partido Popular no Parlamento de Galicia. Ou se está cos corruptos ou se está coa democracia. Aquí non hai equidistancias. En realidade, este debería ser o debate máis importante da lexislatura.

Comecemos por facernos esta pregunta: ¿por que debemos cesar a valedora do pobo? A resposta é simple: por notorio incumprimento das obrigas do seu cargo, que é unha causa prevista no artigo 5 da Lei do Valedor do Pobo.

¿E cales son esas obrigas? —podería preguntarse calquera oínte—. En primeiro lugar, a defensa dos dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidas na Constitución, como di o artigo 1 da súa propia lei. En segundo lugar, asesorar en materia de transparencia o dereito de acceso á información pública, como di a Lei de transparencia de Galicia.

Pois ben, a sentenza do Tribunal Superior anula o nomeamento de María Puy Fraga para un posto de traballo na Valedoría por pisotear os dereitos fundamentais e obstaculizar o acceso a unha información pública para os interesados no procedemento, que son xusto as dúas principais encomendas que ten a valedora por lei. Así o sinala a sentenza claramente cando indica que existen datos reveladores da arbitrariedade na decisión e a desviación de poder, sendo evidente a indefensión que xera no demandante, explicando, ademais, que a infracción dos principios de igualdade, mérito e capacidade permite incardinar a causa de nulidade na recollida no artigo 62 da Lei de procedemento administrativo, precepto que recolle a vulneración de dereitos fundamentais susceptibles de amparo constitucional. Nada máis e nada menos. Unha decisión que se produciu —continúa a sentenza— polo desexo de adxudicalo a unha das candidatas, con desprezo da valoración dos méritos e actitudes dos restantes aspirantes e co favorecemento da candidata finalmente escollida. ¡Que vergoña, señorías!, a institución condenada por unha actuación da valedora a favor dunha candidata amiga súa, que pisoteou e —díó a sentenza— desprezou os dereitos fundamentais, xusto o encargo do artigo número 1 da Lei da Valedora do Pobo.

Di a sentenza, ademais, que non resulta admisible que non se consignara na resolución de abstención e que inicialmente tratase de ocultarse o verdadeiro motivo que deu lugar á abstención, mostrándose a valedora reacia a subministrar tal información —di a sentenza— pese a que a súa condición de valedora de dereitos fundamentais e presidenta da Comisión de Transparencia a obrigaba a ser extremadamente escrupulosa no dito cometido. ¡Que indignidade, señorías! Que un tribunal lle teña que reprochar a Milagros Otero Parga, non á institución, senón a ela, persoa física, ser precisamente ela quen obstrúe e oculta información a un tribunal, ela, que ten como función velar pola transparencia das administracións e que subministren información aos cidadáns. A encargada da transparencia, ocultando as súas propias vergoñas; un auténtico bochorno democrático.

Unha condena a unha institución consecuencia da actuación dunha persoa en concreto que actúa de forma indigna, corrupta, que pisotea dereitos fundamentais dos cidadáns para beneficiar unha amiga súa; que vulnera o dereito á igualdade, ao mérito, á capacidade; que

despreza o pobo de Galicia; que mente, que oculta información aos cidadáns e mesmo a un tribunal. Si, collérona enchufando unha amiga, a filla do xefe, a irmá do cargo do partido que a puxo a ela no posto, que agora emprega, con abuso de poder, para devolver ese favor.

Si, señorías, existen motivos dabondo para acordar o cesamento da valedora. Se con estas evidencias, baseadas en feitos probados dunha sentenza, o Partido Popular non quere cesar a valedora, será que lle parece ben o que fixo; en consecuencia, terá oportunidade de retratarse. Deberá ser entón o Partido Popular, con Núñez Feijóo á fronte, quen explique que intereses oculta este respaldo. Deberemos entón talvez preguntarnos a quen beneficia a valedora pisoteando os dereitos fundamentais dos cidadáns. ¿A quen debe tanto a valedora para arriscarse a facer o que fixo? ¿Era unha simple amiga da valedora? ¿Era por ser a filla do seu xefe na universidade? ¿Era por ser irmá do voceiro parlamentario que a puxo no cargo de valedora? ¿Este é o prezo que se paga no Partido Popular polos cargos de libre designación?

¿Que ten que suceder para que a cesen? Xa a colleron *in fraganti* pisoteando dereitos dos demais e ríndose dun tribunal, mentíndolle a un tribunal, en definitiva, para que a verdade quedase oculta. Preguntémonos, señorías, a quen protexe a valedora mentíndolle a un tribunal. ¿Quen é tan importante que mereza a pena que a valedora arrisque a súa propia reputación, o seu propio currículo, a súa propia traxectoria para chegar á segura fin da súa vida institucional desta maneira tan indigna?

Este é un debate, señorías, sobre un sistema político corrupto onde unha señora abusa da súa posición de poder nunha institución para agradecer o favor do seu nomeamento ao partido que a colocou.

E ao pleno, a este pleno, correspóndelle decidir se non fai nada ou se, pola contra, censura esta forma corrupta de actuar.

Falemos claro: ¿quen é a valedora? É a discípula universitaria do cuñado de Fraga, tertuliana nos medios de comunicación no seu momento a proposta do Partido Popular, proposta como valedora do pobo polo Partido Popular. ¿Que fai a valedora con esta cacicada, declarada en sentenza? Pois devolver favores aos amigos e ao partido.

Falemos claro: ¿a quen beneficia a valedora? Beneficia a filla do seu xefe na universidade, como ela mesma declarou que era público e notorio, que é sobriña de Fraga e ademais irmá do voceiro actual do Partido Popular nesta Cámara.

Falemos claro: ¿quen é o branqueador de sepulcros nesta causa? Martínez Girón, catedrático de Dereito do Traballo, a quen o propio tribunal da sentenza cuestiona por non ter coñecementos sobre aquilo sobre o que tiña que informar e que ademais fai mal o seu traballo, posto que non emite informes sobre todos os currículos, senón só sobre aquela persoa que Otero Parga quería colocar. ¿É casualidade que un catedrático faga mal o seu traballo? Ben, se temos en conta que Girón é membro da Xunta Electoral de Galicia polo Partido Popular, cuxa proposta foi asinada polo mesmísimo Pedro Puy, resúltanos máis fácil comprender que non tivese problema en aceptar un encargo así. ¿É casualidade? Certamente debe ser casualidade. O membro do Partido Popular na Xunta Electoral, proposto por Pedro Puy Fraga, fai

mal o seu encargo e acaba beneficiando a María Puy Fraga. Aínda que sexa casualidade, a estética política queda cuestionada.

Señorías, estamos ante un entramado político totalmente corrupto de pago de favores e de clientelismo. O PP apoia a valedora neste trance para protexer a súa rede clientelar, para protexer a supervivencia dunha institución corrompida pola súa titular en beneficio particular da propia valedora e do partido que a nomeou. Apóiaa a valedora, en definitiva, tamén para protexer o seu voceiro parlamentario.

Aquí o Partido Popular ten a oportunidade de retratarse: ou coa corrupción e o enchufismo ou cos dereitos fundamentais e a democracia. Manter no cargo a quen enchufou a sobriña de Manuel Fraga, irmá do voceiro popular nesta Cámara, pisoteando os dereitos fundamentais, como declara a sentenza, da xente e obstruíndo o labor dos propios tribunais, é algo que, se o Partido Popular non censura, pagará caro. Porque Galicia non se merece pasar por este bochorno e vivir nesta vergoña.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señorías, ben, debatemos hoxe a solicitude de cesamento da valedora do pobo por parte de dous grupos: o Partido Socialista, da man das Mareas de Podemos. E, neste sentido, o que temos que valorar, antes de votar, é se realmente a titular da institución do Valedor do Pobo cumpriu coas súas obrigas do cargo. Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que si, que cumpre a valedora as súas obrigas, porque non só presenta os seus informes e as súas memorias ordinarias, senón que tamén algún extraordinario de temas que nos preocupan ou nos deberían de preocupar a todos, como, por exemplo, o informe extraordinario sobre discapacidade que trouxo a esta Cámara a semana pasada e no que o resto dos grupos se abstiveron de participar e, por tanto, incumprindo gravemente as súas obrigas como deputados e como deputadas; un informe sobre a discapacidade que os grupos da oposición desprezaron, desprezando tamén o traballo das organizacións que participaron nese informe.

Cumple a valedora os seus deberes cando cesa de xeito case inmediato a adxudicataria da praza en conflito, en menos de corenta e oito horas, cando tiña un prazo de sesenta días pola sentenza da que estamos hoxe falando.

Pero é que, ademais, cumpre a valedora coas súas obrigas cando pide á Xunta máis transparencia na xestión das listas de espera. Cumpre a valedora as súas obrigas cando pide á Xunta que os recortes non diminúan a calidade asistencial. Cumpre a valedora as súas obrigas cando atende 25.000 expedientes máis que o ano anterior. Cumpre a valedora as súas obrigas cando considera indigno que os casos de pobreza enerxética non tiveran atopado unha saída. Cumpre a valedora cando fai unha campaña para dar a coñecer a institución no

territorio rural de Galicia, e iso fai que se incrementen as queixas nese territorio. Cumpre a valedora as súas obrigas cando se dirixe á banca para interceder polas persoas que sufrían abusos bancarios. Cumpre a valedora as súas obrigas cando se dirixe ao Concello de Santiago ante a súa inoperancia cando deixaba morrer os sen teito da cidade. Pero isto, señorías, non lles gustaba ás mareas de Podemos. A valedora só ten que cumprir as súas obrigas criticando a Xunta e non os concellos gobernados polas mareas, xa que aí, segundo eles, se estaba mendo en política.

Vostedes teñen pedido a dimisión da valedora en reiteradas ocasións, e todas tiñan como fondo o cumprimento das súas obrigas defendendo os máis desfavorecidos, fosen os sen teito de Compostela ou fosen os xubilados que non cobraban a pensión de Venezuela. Hoxe dan un paso máis na súa carreira de destrución das institucións, pero como novidade hoxe teñen un socio nesa demolición de institucións; ese socio é o Partido Socialista Obreiro Español.

Hoxe pretenden que sexa titular a valedora do pobo porque hai unha sentenza non firme que lle dá a razón a un recorrente nun proceso de provisión de prazas de libre designación. E debemos analizar se a actuación da valedora do pobo neste proceso cumpriu ou non coas súas obrigas. E, á vista da comparecencia da titular do Valedor do Pobo xunto co adxunto ao valedor, a documentación que axuntaron os dous comparecentes e as alegacións que presenta a institución onte pola tarde, nós consideramos que hoxe, por primeira vez, temos máis información que o tribunal. E pode ser que houberse erros no expediente administrativo, e pode ser que houberse un erro na estratexia de defensa da valedoría, pero do estudo da documentación aportada dedúcese que non houbo desvío de poder por parte de ningún.

Señorías, aquí non estamos en sede xudicial. Polo tanto, non temos que asumir os postulados xudiciais, senón construír —como dicían vostedes o outro día na comparecencia— un xuízo político a partir da documentación que temos. E, por suposto, non manipulala e dicir que pon o que non pon, porque xa bastante problema temos coa documentación, senón que enriba veñan vostedes manipular a información. E está aí para que todos a poidan ler.

En relación coa determinación dos criterios de selección dos aspirantes, vostedes parten da premisa falsa de que a valedora coñecía algúns nomes e fixo unha praza á medida dunha persoa. Ben, para o Grupo Parlamentario Popular quedou constatado que iso non é certo. Non é certo, porque, primeiro, os méritos que se pedían para o exercicio desta praza non só están no artigo 30 do Regulamento de organización do funcionamento do Valedor —que é por todos coñecido e publicado—, senón que tamén estaba nesta memoria que di a señora Patricia Vilán que non existe. Eu xa a exhibín na comparecencia da valedora e do adxunto ao valedor da semana pasada, porque está na páxina web á disposición de todo o mundo. E pode ser que o tribunal non o coñecera porque ninguén llo fixera chegar. Pero os deputados e as deputadas temos a obriga de coñecelo, porque ademais estes eixes estratéxicos, estas liñas do plan estratéxico cítanse nas memorias que debatemos habitualmente nesta cámara. E quen non os coñece e quen nos os leu, ao mellor, o que se tiña que plantexar é se está cumprindo as súas obrigas como deputado ou deputada. Pois ben, nesta memoria establécense tres dos requisitos, dos méritos finais que vostedes din que se fixeron á medida. Pois deses tres, a adxudicataria só cumpre dous. Polo tanto, ¡que torpeza cometeu a institución que

non deseñou os tres senón dous! Polo tanto, señorías, nós consideramos que non hai deseño a ninguén, senón que estamos falando de necesidades obxectivas deseñadas previamente á convocatoria, e a proba é este documento. E seguro que se o tribunal tivera este documento, a sentenza daría outro resultado. Pero como nós non estamos facendo un procedemento xudicial, senón que estamos valorando se a valedora cumpriu ou non cos seus deberes, nós á vista deste documento podemos dicir que non se fixo a praza á medida.

Señorías, o adxunto ao valedor na súa resolución do 4 de marzo, que todos vostedes teñen á súa disposición, e que alguén malintencionadamente, señor Villares, esta fin de semana manipulou, dicindo que a valedora actuou no mes de marzo cando a praza estaba xa convocada. Mire, señor Villares, se vostede lera os documentos, porque se me di que os leu é moito máis grave, señor Villares, porque eu recoñézolle polo menos a cuestión de que vostede ten algo de coñecementos xurídicos, entón se vostede leu os documentos puido ver, por exemplo, no documento 8, que é a acta da segunda reunión... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Si, non é que me parece que non os leu, porque eu lin os xornais esta fin de semana, e se os leu, manipulounos. Está vostede actuando de mala fe. E actuar de mala fe, señor Villares, non está ben. Di punto 1: «Antes de iniciar a reunión abandona a sala de xuntas a valedora do pobo, Milagros Otero, por concorrer causa de abstención no asunto que integra a orde do día». Punto 2: «Decontado abre a reunión o señor adxunto, actuando en virtude de delegación de data do 25 de xaneiro de 2016». Señor Villares, non sei se leu isto. Vostede falaba de marzo, e a acta desta reunión fala de xaneiro.

E, señora Patria Vilán, vostede que lle gusta moito falar das cuestións que se aprenden en primeiro de Dereito, mire, cando alguén se abstén de coñecer nun expediente, abstense de todos os candidatos, non só dun. Señora Vilán, vostede di que aquí a señora valedora se abstinivo de coñecer só dun candidato, e non, señora Vilán, abstívose de coñecer de todos e cada un dos candidatos que se presentaron a esta praza.

Polo tanto, señorías, en relación a que se o informe do catedrático de Dereito Laboral di ou non que estivo inducido pola señora valedora, a verdade é que resulta sorprendente que vostedes digan que nese informe se di que os requisitos e os méritos llos induce a valedora. Está claro que están neste documento, señorías, *(A señora Prado del Río amosa un documento de varias páxinas.)* cando lemos —eu non sei se lelo porque, a verdade, despois de escoitalos a vostedes dáme a impresión de que non o leron— cando explica os requisitos di ao final *(Murmurios.)* —escoiten, escoiten, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* porque como vexo que non o leron—: «Todos estes requisitos configuran a esencia mesma da institución do Valedor.» Todos, todos. ¿E por que? Porque están na esencia da institución do Valedor, están nas liñas estratéxicas, señorías. Entón, non lean unha parte e lean o todo. Polo tanto, a sentenza é evidente que obvia isto, pero porque non coñece este documento. Pero nós si que o coñecemos ou deberíamos de coñecelo, señorías.

Con relación a que estamos falando dunha libre designación e non dun concurso de méritos, vostedes mesturan aquí todo, e as libres designacións é un procedemento moi habitual en todas as administracións. Xa, señor Villares, vostede di que é unha práctica corrupta, e, mire: ¿sabe que pasa coas prácticas corruptas? Que ao Concello de Coruña lle anuláron once libres designacións — ¡iso non é corrupción! — *(Interrupcións.) (Murmurios.)* da área de urbanismo.

Esa, señor Villares, que despois lles compra os pisos aos firmantes da Marea. Iso é corrupción, señor Villares; esas son as sucias mans que hai que quitar da política. *(Aplausos.)*

Señorías, nós non dubidamos da honorabilidade nin da honestidade do portavoz do noso grupo; estamos absolutamente seguros de que non influíu en absoluto neste procedemento. E tamén podo dicir que ningún desa bancada pensa iso. Estou segura de que todos e cada un de vostedes están convencidos de que o portavoz Puy Fraga non influíu nese procedemento. Vostedes están utilizando este asunto para arremeter contra unha persoa honrada e para desprezar a honra política dunha persoa, *(Aplausos.)* e ademais polo medio levan unha institución. *(Aplausos.)* E fano, señorías, con base en casualidades.

Mire, eu tamén podería citar aquí unha ristra de casualidades, señor Villares, de familiares e amigos de maxistrados e maxistradas, pero non, non vou entrar no lodazal que vostede plantexou aquí; no lodazal déixoo a vostede só e a quen o queira acompañar, nós non. Eu xa sei que vostede colgou a toga —porque o dixo nunha das súas primeiras entrevistas— porque na xudicatura non se podía facer xustiza. Vostede foi o que optou de pasar de xuíz a xusticeiro. Pero nós non, nós hoxe non imos facer xusticeiros de ningún, señor Villares. Se quere vostede seguir enlodando o digno labor político dunha persoa, dunha familia, dun catedrático, dunha valedora e de toda unha institución, jalá vostede e os que o acompañan nese lodazal!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Nós non imos entrar. *(Aplausos.)*

Señora Vilán, vostede falou aquí de que había un pacto para nomear a valedora. Vostede...

O señor PRESIDENTE: Xa lle dixen que fora rematando. Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...—si, si— Sorprende a súa actuación pedindo o cesamento da valedora dende o minuto un sen escoitala e sen plantexar ao grupo co que pactaron ese nomeamento unha solución. Non sei se o que vostedes queren é que cese a valedora ou que quede o adxunto ao valedor en funcións.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: E se queda acreditado que a valedora influíu no procedemento, está claro que alguén se deixou influír. E aquí ou se piden máis cesamentos, ou un só non.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, só dicir unha cousa: nós non imos tomar decisións firmes cando non hai unha sentenza firme.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Polo tanto, hoxe non imos votar o cesamento da valedora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das propostas de cesamento da valedora do pobo

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procédese agora á votar as propostas formuladas polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea e do Grupo Socialista. Podémolas votar conxuntamente, se non se opoñen.

A votación será secreta mediante papeleta e chamamento por orde alfabética conforme establece o artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Para estes efectos confeccionáronse papeletas nas que constan baixo o enunciado das propostas de cesamento da valedora do pobo que se someten a votación tres recadros: «Si», «Non» ou «Abstención». «Si», a favor da proposta de cesamento da valedora. «Non», en contra da proposta do cesamento da valedora. E «Abstención», que non se pronuncia nin a favor nin en contra das propostas de cesamento. E os deputados expresarán o seu voto marcando un dos recadros. Considérase voto nulo cando figure calquera riscadura ou anotación diferente, e voto en branco cando non figure ningún recadro sinalado.

Lembro ás súas señorías que para o cesamento da valedora do pobo, conforme o artigo 5.2 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, se require o voto favorable das tres quintas partes dos membros da Cámara, é dicir, 45 votos.

Están repartindo xa as papeletas. E unha vez repartidas comezaremos a votación por chamamento, feito pola secretaria da Mesa, dona Raquel Arias Rodríguez. E rógolles que para iso o vicepresidente primeiro e a vicesecretaria se sitúen ao carón da urna para a recollida das papeletas.

Procedemos. Señora secretaria, proceda ao chamamento dos deputados e deputadas.

(A señora secretaria, Arias Rodríguez, procede a efectuar, por orde alfabética, o correspondente chamamento das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Queda algún deputado ou deputada por votar? *(Pausa.)* ¿Non? Ben, pois procedemos ao escrutinio.

(Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de cesamento da valedora do pobo.

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora a continuación ao punto 2 da orde do día, que son textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia, e, se é o caso, a fixación do número de membros da Cámara encargados da súa defensa e posterior designación

O señor PRESIDENTE: Presentáronse votos particulares e tamén emendas; en concreto, votos particulares do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do ditame ten a palabra o presidente da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, don Jaime Castiñeira.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Castiñeira Broz): Bos días, señor presidente.

Señorías.

Esta Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia presentouse polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no Rexistro da Cámara con data do 27 de novembro de 2017 e co asento rexistral 20737.

Logo da súa toma en consideración, por unanimidade, polo Pleno na sesión do 8 de maio de 2018 e unha vez rematado o prazo de presentación de emendas ao articulado o 1 de xuño, coa formulación dun total de doce emendas —cinco do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, tres do Grupo Parlamentario de En Marea, catro do Grupo Parlamentario Popular de Galicia—, a Ponencia foi designada na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o 14 de xuño. E logo da súa sesión constitutiva ao remate da sesión, presidida por dona Marta Nóvoa Iglesias, vicepresidenta desta comisión, e cos ponentes titulares don Martín Fernández Prado —do Grupo Parlamentario Popular—, don Antón Sánchez García —do Grupo Parlamentario de En Marea—, don Xoaquín Fernández Leiceaga —do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia— e don Xosé Luís Bará Torres —do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego—, emitiu informe o 19 de xuño, coa asistencia dos ponentes o señor Fernández Prado, o señor Sánchez García, o señor Fernández Fernández e o señor Bará Torres.

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do pasado 26 de xuño, aprobou por 9 votos a favor e 2 abstencións o ditame que estou a presentar, cuxo debate e votación procedemos nesta sesión plenaria, así como dos dous votos particulares presentados polo Grupo Parlamentario do BNG e as emendas mantidas polo Grupo Parlamentario de En Marea.

Cómpre pois rematar a tramitación deste procedemento lexislativo especial coa aprobación, se é o caso, da Proposición de lei deste parlamento, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender os votos particulares presentados e as emendas mantidas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Volvemos tratar nesta cámara por terceira vez, despois de que o fixeramos en marzo de 2016 e en maio de 2017, a Lei de transferencia da AP-9. E temos que dicir que é responsabilidade do Partido Popular que teñamos que estar debatendo e aprobando por terceira vez neste parlamento en tres anos unha lei a este respecto.

Voume centrar na miña intervención en tres cuestións:

A primeira, a cuestión de fondo sobre a AP-9 e a necesidade da súa transferencia a Galiza.

En segundo lugar, faremos o posicionamento sobre o ditame e a defensa do texto orixinal presentado polo BNG, defensa a través dos nosos votos particulares.

E, en terceiro lugar, tamén o noso posicionamento sobre a representación do Parlamento galego na defensa da lei en Madrid, cunha proposta concreta que traemos a este debate de aprazamento da decisión por dúas cuestións. Unha primeira cuestión, de carácter formal, é que este tema non se tratou na Xunta de Portavoces, e tampouco hai unha urxencia de que se faga neste momento, porque sabemos que os prazos de tramitación, aprobación e debate da lei son moi dilatados. E, en segundo lugar, porque por lóxica e por xustiza non nos parece que o BNG, que foi o impulsor, o promotor destas leis, quede apartado da súa defensa no Parlamento. E pensamos que hai fórmulas —e defenderémolas aquí— para que iso se poida facer con tempo, con prontitude e sen que haxa interferencias nesos prazos, que —xa digo— son moi dilatados.

Ben, a primeira cuestión, a cuestión de fondo, lévanos un pouco ao absurdo —como dicía— de aprobar por terceira vez en tres anos unha Lei de transferencia da AP-9. E isto realmente pode pensarse que é difícil de ser explicado publicamente á xente por que pasan estas cousas. Ben, pasan porque hai causas profundas e causas concretas que nos levan a esta situación. E este tema eu creo que nos dá unha profunda e clara lección de historia e de política,

porque expresa dunha maneira rotunda a dependencia política de Galiza, a falta de capacidade de decisión e de intervención en asuntos que son clave para o benestar e futuro colectivo, como, por exemplo, a xestión por nós mesmos das nosas infraestruturas. Nese sentido, podemos dicir que a AP-9 é o exemplo perfecto dun complot contra Galiza, dunha alianza dos grandes poderes económicos, as empresas do IBEX, as empresas voitre, que son auténticas depredadoras dos nosos recursos, cos grupos políticos que protexen o seus intereses. E hai unha causa determinante directa, que é o papel dos partidos estatais que gobernan en Madrid —e fago expresa referencia ao Partido Popular, aínda que non só— e en Galiza protexendo intereses alleos ao noso país. Actúan por delegación, por submisión, por pleitesía e por vasalaxe a Madrid, e a AP-9 eu creo que é o exemplo máis claro disto, dándolle, polo tanto, cobertura á explotación, ao espolio e ao roubo dos nosos recursos. Como dicía, esta actitude ten nomes e apelidos, e a responsabilidade máxima —volvemos dicilo aquí, volvemos dicilo as veces que faga falta— é do Partido Popular polo veto político no Parlamento do Estado á tramitación das leis aprobadas por unanimidade no Parlamento galego. E iso fíxose coa complicidade e a conivencia de vostedes, deputados e deputadas do Partido Popular que se sentan nesta Cámara.

¿E cal é o argumentario do Goberno central e do Partido Popular? Son argumentos falsos e tramposos que ás veces visten de argumentos técnicos, outras veces de argumentos orzamentarios ou de argumentos políticos. As supostas razóns técnicas fálannos de que é un itinerario de interese xeral, incluído nun percorrido de tráfico internacional e interese europeo. Por certo, este argumento, tal cal, foi repetido polos ministros ou polas ministras de Fomento do Goberno do Estado ao longo dos últimos doce anos, con gobernos de cores distintas que utilizaron exactamente este argumento. Despois fálannos de supostas razóns orzamentarias, do impacto económico. De 4.300 chegouse a subir a case 5.000 millóns de euros nas arcas públicas nunha absoluta falta de rigor, unha auténtica trapallada, porque inventaron unha cifra que é o resultado de multiplicar os ingresos que tivo a concesionaria no ano 2014 polos anos que restaban da concesión.

Na realidade sabemos que as razóns son de tipo político, algunhas confesábeis e outras non, e quen máis claramente o expresou foi o ministro Gómez de la Serna, cando dixo que non se transfería porque era do Estado; era do Estado e, polo tanto, o Estado non podía desprenderse desta infraestrutura. E chegaron mesmo a dicir que estaba ameazada a unidade sagrada do Estado, no momento aquel de máxima tensión no outono do ano 2017.

En realidade, nós pensamos que hai unha razón política que pesa máis, que é que está en xogo a venda da concesión; un multimillonario negocio que é unha poderosa razón para non tocar a transferencia, pois estamos falando de beneficios millonarios durante trinta anos que superan os 1.500 millóns de euros —de aí para arriba—, polo tanto, é un succulento negocio, hai unha operación en marcha de venda desa concesión, e calquera cambio na situación da AP-9 trastoca eses plans, polo tanto, non se toca, non se toca.

En realidade estamos ante un contubernio intolerábel, porque hai un veto non só á transferencia, senón —o que é aínda máis grave— á tramitación parlamentaria. Vostedes non permiten que funcione a democracia, que se tramite unha lei no Parlamento que despois, en todo caso, será sometida a debate e a cambios, a modificacións e a emendas, o que faga falta;

pero o que hai que facilitar é a tramitación da lei. E isto, ademais, deixárono claro tanto o Tribunal Constitucional como a Asesoría Xurídica do Congreso, con informes absolutamente contundentes que denuncian e critican o uso abusivo por parte do Goberno do artigo da Constitución que lle permite o veto á tramitación das leis por razóns orzamentarias. Agora non teño tempo, pero, en todo caso, na segunda rolda poderemos centrarnos nesa argumentación, que é —xa digo— absolutamente contundente e demoledora, porque na práctica o que fai é vetar a capacidade lexislativa do Congreso e procurar unha interferencia absolutamente intolerábel do poder Executivo sobre o poder Lexislativo.

O BNG denunciou, denuncia hoxe aquí e seguirá denunciando as veces que faga falta o dobre discurso do Partido Popular, que di unha cousa aquí e a contraria en Madrid, que vota no Parlamento galego a favor da lei e veta a súa tramitación no Congreso dos Deputados. E ademais, fíxense..., (*Aplausos.*) ...vostedes superáronse. Temos que recoñecer que están preto da perfección nos distintos graos da traizón a Galiza. Hai un álbum de debuxos de Luis Seoane que son *As trece estampas da traizón*. Vostedes xa superaron as trece estampas da traizón, porque o Partido Popular, na historia da AP-9, escolleu o papel de Xudas, de traidor; ese foi o papel que escolleu o Partido Popular. Xa digo, chegaron a facelo ese día da vergoña, o 13 de decembro de 2016, votando a favor aquí e en contra en Madrid no mesmo día. Superaron xa todas as marcas posibles.

Desde logo, no BNG non estamos dispostos a consentir este desprezo, esta burla, esta nova humillación ao pobo galego, esta falta de respecto ao Parlamento. Non nos imos cansar, non imos ceder, non imos parar —como dicía Castelao— ata que remate esta vergoña. É unha cuestión —xa o dixemos moitas veces— de respecto e de dignidade, de lealdade a este país e a este Parlamento, que non se pode utilizar nesta cuestión como moeda de cambio.

Con respecto á cuestión do ditame, entrando en materia —ou en fariña, como se di popularmente—, o noso posicionamento sobre o ditame e sobre os votos particulares dáse neste momento nun contexto no que hai algunhas novidades.

Hai un cambio de papeis entre Partido Popular e PSOE no Goberno do Estado, e a verdade é que agora asistimos —xa non con asombro, porque a nós xa non nos asombra nada do Partido Popular— a ese cambio de camiseta ao que facía referencia o voceiro, o señor Fernández Prado, nunha entrevista radiofónica. A veces hai que poñer unha camiseta, a veces outra; agora cambiaron de camiseta. O señor Feijóo antes tiña unha actitude de complicidade co Goberno central e agora ten unha actitude de exixencia. Antes era Manolito e agora é Mafalda, ¿non? Cambiou de papel.

Falta por ver agora cal vai ser a posición do PSOE no Goberno do Estado, e temos que dicir que os precedentes non son moi esperanzadores. Podería remitirme a esas declaracións da ministra Magdalena Álvarez e o ministro José Blanco, que utilizaban ese argumentario de razóns técnicas ás que fixen referencia antes. En todo caso, esperemos que haxa un cambio de actitude por parte do Partido Socialista e que esa negativa que expresaron en anteriores ocasións á transferencia se converta agora nun apoio decidido non só neste Parlamento, senón tamén no Parlamento do Estado, por parte do Goberno central, que non pode seguir poñendo eses vetos que puxo ata agora.

Non sei se será por este cambio que houbo no panorama estatal que o Partido Popular e o Partido Socialista acordaron un texto conxunto e común no ditame que significa rebaixar e descafeinar a proposta orixinal. O BNG decidiu manter o texto orixinal. En todo caso, aceptamos algunhas emendas de carácter técnico que entendemos que melloran a redacción pero preferimos manter o texto orixinal a través dos votos particulares e, sobre todo, a través da disposición adicional terceira, que fala dun posible rescate da concesión, no que os custos, loxicamente, terá que asumilos o Estado por moitas razóns que citarei a continuación. Polo tanto, aínda que a segunda versión, a versión rebaixada, tamén foi aprobada e tamén foi rexeitada polo Goberno do Estado, polo Partido Popular na Mesa do Congreso, preferimos seguir mantendo e defendendo esa propostas de máximos, porque, en todo caso, xa haberá tempo para aplicar a rebarbadora coas leis, que é unha cousa que xa teñen feito e saben moito no Parlamento do Estado, sobre todo con leis aprobadas en Cataluña.

¿Por que defendemos entón a proposta orixinal? Primeiro, porque temos que aspirar ao máximo, ao que máis beneficia a Galiza. E o que máis beneficia a Galiza é a transferencia da AP-9, pero tamén a posibilidade, a opción, a necesidade do rescate da concesión e da eliminación das abusivas peaxes.

En segundo lugar, porque o Estado ten unha débeda con Galiza en xeral e, especialmente, en relación coa AP-9. Ademais de todas as decisións que beneficiaron á concesionaria, a AP-9 —non me vou agora deter nesas cuestións porque xa as falamos aquí moitas veces— supuxo ingresos millonarios para as arcas centrais vía privatización e tamén vía impostos. Considérase que os ingresos que supuxo para o Estado desde o ano 2000 superan os 2.000 millóns de euros. Polo tanto, hai máis razóns para que se faga ese rescate e que se faga por parte do Estado.

En terceiro lugar, porque o Estado deixou de investir en Galiza máis de 2.000 millóns de euros no período 2012-2017 por baixa execución orzamentaria.

E, en cuarto lugar, polo agravio comparativo do rescate das radiais madrileñas, que poden supoñer máis de 4.000 millóns de euros para as arcas públicas. Por certo, levando ao incumprimento dos obxectivos do déficit, que é un dogma sagrado para este goberno —para o anterior e para este—, e que neste caso o Partido Popular decidiu incumprir.

E por se non fose suficiente con todas estas razóns, unha máis é que nestes momentos se adoptou a decisión da nacionalización e liberalización das peaxes de autoestradas que son da mesma época que a AP-9, que remata a concesión nestes anos, entre o 2018 e o 2021. Polo tanto, queremos o mesmo trato, nada máis e nada menos que iso. O ministro de Fomento acaba de anunciar o rescate desas concesións e a eliminación das peaxes, e en Galiza queremos o mesmo para a AP-9. Polo tanto, tendo en conta que só existen tres autoestradas no Estado que teñen períodos de concesión ao máximo legal de 75 anos e dúas delas están en Galiza —unha delas é a AP-9—, non nos parece xusto que se manteña esta situación.

Por todo isto, consideramos que a transferencia da AP-9 sería un paso adiante e moi positivo, pero aspiramos ao máximo, por iso queremos tamén incluír esa disposición adicional terceira, que fala de que no caso de que a Comunidade Autónoma acorde o rescate da con-

cesión, esta terá que ser sufragada por parte do Goberno do Estado, da Administración xeral do Estado.

Por último, desde logo isto parécenos unha cuestión de xustiza, pero tamén nos parece unha cuestión de xustiza que non se exclúa o BNG da defensa desta lei no Parlamento do Estado. Porque se houberse probas de ADN na tramitación, na xestación, na creación das leis, desde logo esta lei ten a maternidade e a paternidade do BNG. Polo tanto, por ese defecto formal do que falei ao principio e porque hai tempo para tratar esta cuestión e para decidila, non ten por que tomarse hoxe unha decisión aquí, pensamos que é mellor aprazar esta cuestión, e proporemos unha reforma do Regulamento do Parlamento, que dá unha dobre alternativa para que se poida resolver satisfactoriamente, dunha maneira xusta, esta cuestión.

Primeira. Que o grupo autor e promotor dunha lei sempre participe nesa representación. Parécenos lóxico, parécenos xusto, parécenos razoable. E, segunda. A posibilidade de incrementar de 3 a 4 o número de representantes, de maneira que haxa un representante por cada grupo parlamentario.

Xa digo, hai tempo para facelo, pódese facer por un trámite de lectura única, pode estar operativo este cambio do Regulamento en setembro, e daríanos marxe para que o BNG...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...participe nesta representación. Parécenos de xustiza, parécenos lóxico, parécenos razoable e parécenos acorde co que foi o papel do BNG en defensa xa non só nesta lexislatura, senón tamén nas anteriores, no Parlamento do Estado, da transferencia da AP-9 e da eliminación...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...das abusivas peaxes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señores deputados, señoras deputadas, bo día a todas e a todos.

Unha vez máis, a AP-9, a autoestrada do Atlántico, mantén o seu protagonismo nesta Cámara; un protagonismo, sen dúbida, merecido e motivo de permanente recoñecemento, e tamén de lamento, polas circunstancias que a envolven. E tamén de reivindicación, de recoñecer a súa relevancia para Galicia, de reivindicación da necesaria relevancia inicial en beneficio das galegas e dos galegos.

A relevancia da AP-9 está recollida no *Diario de Sesións* desta Cámara, a través de múltiples louvanzas de deputadas e deputados durante as sucesivas lexislaturas. Durante varias lexislaturas, e con máis intensidade na anterior e na presente, os grupos parlamentarios valoramos o protagonismo da AP-9 na rede viaria galega, recoñecemos a súa importancia para Galicia e o valor engadido que nos pode aportar cunha xestión dende Galicia e para Galicia. Ese recoñecemento compartido tomou forma no ano 2016 coa aprobación polo Parlamento de Galicia da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade da competencia da AP-9 á Xunta de Galicia. Esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego contou co apoio unánime desta Cámara.

O debate nesta Cámara sobre a AP-9 parecía, polo tanto, superado en canto á posición dos grupos e sobre a titularidade e competencias. Lamentablemente non aconteceu así, e non foi así porque o Goberno do señor Rajoy vetou o debate no Congreso dos Deputados, alegando a improcedencia dalgúns aspectos do texto aprobado no Parlamento galego. E este Parlamento, lonxe da submisión e da rendición foi quen de reaccionar e entender ese veto como unha decisión discriminatoria en negativo con Galicia. Así, a flexibilidade dos grupos parlamentarios fixo posible a transformación da proposición de lei orixinal, vetada polo executivo do señor Rajoy, modificando aqueles aspectos utilizados como coartada para ser tomada en consideración polo Congreso dos Deputados, e facilitar deste xeito que a iniciativa fora efectiva.

Esa flexibilidade permitiu que o 18 de xaneiro de 2017 os grupos parlamentarios Popular de Galicia, En Marea, Socialistas de Galicia e Bloque Nacionalista Galego, a través dos seus portavoces, presentaran ante a Mesa do Parlamento a Proposición de lei para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia. Con isto reabriuse o debate global sobre a AP-9, coa súas virtudes e carencias, cos seus beneficios e prexuízos, co seu modelo de xestión, que conleva beneficiarios e prexudicados, co que é a AP-9 e o que debería ser.

O 9 de maio de 2017 o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade esa iniciativa conxunta sen emendas, blindada dende o punto de vista xurídico e sen resquicios dende o punto de vista técnico e económico. E outra vez, unha vez máis, o Goberno do señor Rajoy, amparado nun informe desfavorable do Ministerio de Fomento, vetou novamente o debate no Congreso dos Deputados por acordo da Mesa, con maioría conservadora. Un informe do Ministerio de Fomento cheo de senrazóns legais, técnicas e económicas. Non houbo razóns legais, nin técnicas, nin económicas para o rexeitamento, porque a AP-9 discorre integramente por territorio galego, porque a AP-9 non conecta directamente nin con Portugal nin coas comunidades autónomas limítrofes con Galicia —Asturias e Castela-León—, porque a AP-9 non conecta directamente cos portos de interese xeral ubicados en Galicia, porque non conecta directamente cos aeroportos. Porque a transferencia de AP-9 a Galicia non impide que continúe integrada na Rede transeuropea de transporte, como ten sucedido en transferencias de autopistas no País Vasco, a A-8, e en Cataluña, a A-17 e a A-19.

O informe non contiña argumentos para o veto pero foi vetada. Tivo que ser o Tribunal Constitucional quen considerara improcedente ese veto. Dende o noso punto de vista, a xestión

actual da AP-9 minimiza as súas potencialidades e escenifica as súas carencias en términos de interese xeral.

Debemos lembrar que a autoestrada do Atlántico é receptora e distribuidora da maior densidade de tráfico de Galicia; conxiona cinco das sete principais cidades galegas; dá soporte e canaliza o intenso tráfico viario de cidades, vilas e pobos da franxa atlántica, onde reside o 60 % da poboación galega e arredor do 70 % da actividade económica de Galicia.

A AP-9 ten un papel decisivo na integración e articulación do sistema viario galego, impulsando a mobilidade e ordenando e xerarquizando os sistemas de comunicación viaria. Con esta importancia que lle outorgamos á AP-9, o Grupo Socialista preferimos un escenario de unidade, onde todas as forzas políticas poidamos coincidir. Estamos convencidos de que a unidade da proposta fortalece o obxectivo final.

Nos últimos anos, nun tema tan relevante como o que estamos a tratar, transferencia da titularidade e competencias da AP-9 do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, houbo tres momentos que convén lembrar neste Parlamento. O primeiro, aconteceu cando o Parlamento galego validou a solicitude de 49 transferencias propostas polo Goberno do señor Pérez Touriño; entre elas incluía a transferencia da AP-9. Lamentablemente, o Grupo Popular en España adoptou a estratexia de trocar esa petición na Comisión Mixta de Transferencias, converténdoa en inasumible.

En 2016 debatemos e aprobamos unha proposición de lei para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia. O veto do Goberno Popular impediu o seu debate no Congreso dos Deputados. E en 2017, o 9 de maio de 2017, esta Cámara aprobou por unanimidade, sen emendas, unha proposición de lei conxunta dos grupos parlamentarios Popular de Galicia, En Marea, Socialistas de Galicia e Bloque Nacionalista Galego para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia. Unha vez máis, a maioría da Mesa conservadora vetou o seu debate no Congreso. Nembargantes, a novidade foi que o Tribunal Constitucional considerou improcedente ese veto.

Señoría, relatei estas tres situación sobre a AP-9 para situarnos en contexto. As tres foron vetadas, pero nunha delas, só nunha, foi anulado ese veto polo Tribunal Constitucional, e esa foi a que presentamos conxuntamente todos os grupos da Cámara e aprobamos unanimemente o 9 de maio de 2017. Por iso, nós cremos que esta forma de facelo, conxuntamente; e o fondo, un texto compartido e blindado nos aspectos máis vulnerables, marca o camiño a seguir.

Con esta convicción, o Grupo Socialista votamos a favor da toma en consideración desta proposición de lei do Bloque Nacionalista Galego, e xa naquel mesmo momento anunciamos que na súa tramitación intentaríamos melloralala, intentaríamos volver á formulación que saíu unanimemente deste Parlamento, modificando as disposicións transitorias correspondentes para evitar que no Congreso dos Deputados poida haber algún elemento —o que eu denominei «gretas» durante a miña intervención— ao que se agarre o Goberno para alonxar a tramitación. Non queremos correr ese risco, por iso concretamos o anuncio de mellora

do texto para reivindicar o texto aprobado o 9 de maio de 2017, presentando cinco emendas no proceso de tramitación desta proposición de lei.

Emenda número 1, de modificación, que afecta ao título. Emenda número 2, de modificación, que afecta á disposición adicional primeira. Emenda número 3, de supresión, que afecta á disposición adicional terceira, e emendas números 4 e 5, de modificación, que afectan á exposición de motivos.

Coa súa aprobación e consecuente incorporación ao ditame, entendemos que cumprimos co anuncio de mellorar o texto e identificalo co aprobado o 9 de maio de 2017. Unha lástima, unha pena, no tema que abordou anteriormente o señor Bará na súa intervención. Estes días anunciouse que varias autopistas do Estado deixarán de pagar peaxe nos próximos anos. Por exemplo, a AP-1 Burgos-Armiñón, deixa de cobrar peaxes en agosto de 2021; ou o tramo da AP-7 Zaragoza-Mediterráneo, tamén en agosto de 2021; ou o tramo da AP-7 Montmeló-El Patirol, tamén en agosto de 2021, ou o seguinte tramo da AP-7, Alicante-Tarragona, en decembro de 2019. Como a AP-4, Sevilla-Cádiz, en decembro de 2019; ou AP-1, Burgos-Armiñón, en agosto de 2021.

Señorías, a concesión da AP-9 remataba en 2023, dentro de poucos anos. Debemos lembrar sempre o dano que significou que o señor Aznar outorgara unha ampliación da concesión de 25 anos máis. Se o horizonte das autopistas que acabo de enumerar remata no 2019 ou 2021, dentro de un a tres anos, a AP-9 rematará a súa concesión dentro de trinta anos.

Remato xa, señor presidente, como dixen, coa aprobación na Ponencia das emendas presentadas polo Partido Socialista, co cal identificamos o ditame da Ponencia co texto aprobado o 9 de maio de 2017. Con esa incorporación, como digo, imos apoiar o ditame emitido pola Comisión 2ª.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Fernández.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Despois de asistir á votación onde o Partido Popular votou si ao enchufismo e á impunidade para os seus, e de escoitar a Paula Prado dicir que viñamos converter o Parlamento nun lodazal, ¡paradoxos da vida!, quería aclararlles unha cuestión, a ela e ao señor Tellado, ante a acusación de que non lemos os documentos, cuestión que pode corroborar despois o señor Fernández Prado, esa sentenza á que aluden, de once postos, de libre designación do Concello da Coruña, é certa —xa se pon colorado o señor Tellado, claro—, pero foron designados polo Partido Popular en 2014. *(Aplausos.)* ¡Hai que ler os documentos!

«Contra la resolución del teniente de alcalde y de la delegada de personal del Ayuntamiento de La Coruña de fecha del 24 de setiembre de 2014, por la que se desestima el recurso de re-

posición interpuesto el 27 de agosto del 2014 contra el acuerdo de la Junta de gobierno local del Ayuntamiento de A Coruña.» En 2014 gobernaba o partido da Picachu, polo que eu sei. Polo tanto, lean e non mintan, señora Prado.

O señor PRESIDENTE: Á cuestión. Vaia coa AP-9

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non mintan e non veñan converter nun lodazal este Parlamento.

Iso é por non poñer turno de réplica. Por iso temos que aproveitar esta intervención. Se puxeran turno de réplica, como pedimos na Xunta de portavoces, xa llo podíamos aclarar e facer pedagogía coa señora Paula Prado, que o necesita..

O señor PRESIDENTE: Vaiamos coa AP-9, que é un tema moi importante.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Pero tamén, seguramente, era polos nervios que tiña na intervención. Vir aquí defender o que defendeu vostede é normal que a poña un pouco nerviosa, e notábaselle. Seguramente foi por iso.

Debatesmos esta lei de transferencia da AP-9 por terceira vez neste Parlamento de Galicia. ¿Por que será? ¿Porque non se aproba no Parlamento de Galicia? ¿Porque non hai unanimidade? ¡Non! Votámosla porque o Partido Popular, ese partido que é garante da unidade de España, vota aquí unha cousa e outra no Congreso dos Deputados. E é porque o Goberno do señor Rajoy —ese goberno tan exemplar no seu exercicio— bloqueou antidemocraticamente a tramitación desta proposición de lei que se votou unanimemente neste Parlamento —dun xeito moi rastreiro e antidemocrático, si señor—, como fixo con outras trinta leis. Agora incluso o Tribunal Constitucional ten que poñer as cousas no seu sitio e dicir o que dixemos nós aquí nas anteriores intervencións: que o Goberno de Rajoy utilizou malas artes para impedir que democraticamente se aprobase a transferencia da AP-9 no Congreso dos Deputados. Porque sabían que se pasaba e non o bloqueaban, habería unha maioría suficiente para decretar a transferencia da AP-9.

E por terceira vez tamén podemos dicir que non temos garantido que o Partido Popular vaia apoiar esta proposición de lei en Madrid cando chegue alí. Tampouco o temos. Ese partido que é garante da unidade, tampouco pode garantirnos que votará o mesmo aquí que en Madrid aínda agora. E iso, evidentemente, xa pode converter isto nun pequeno circo. Vir aquí debater algo, acordo unánime do Parlamento galego, unha infraestrutura estratéxica... ¡para que despois chegue a Madrid e o Partido Popular vote en contra!

E despois tamén veremos o que fai agora o Partido Socialista no Goberno, a ver se segue na mesma liña e apoia a transferencia, ou se lle entra o virus do Goberno. De feito, o señor Raúl Fernández falou de que apoiaba o texto que saíu por unanimidade a segunda vez, cando se lle retirou a posibilidade do rescate e da reversión ao público, porque cre que ten máis posibilidades de prosperar debido ao fallo do Tribunal Constitucional, e eu dígolle que non. O Tribunal Constitucional o único que di é que se ten que concretar e demostrar fehacientemente que as decisións ou a aprobación desta lei afecta aos orzamentos deste exercicio. E entón a lei primeira de transferencia, que contaba tamén co apartado á disposición adicional

da reversión pública, tampouco afectaba directamente aos orzamentos do exercicio presente porque falaba hipoteticamente. Se a Xunta de Galicia decidise, se se decidise a reversión ao público, o Estado tería que asumir os custos derivados desa reversión, e, polo tanto, tamén cumpriría. Non caímos na trampa do Partido Popular, porque o que se fixo é unha trampa escandalosa, un manexo escandaloso das institucións para evitar que saísen adiante leis aprobadas democraticamente.

Ante este terceiro debate, quero dicir que a evidencia da corrupción expulsou o Partido Popular do Goberno do Estado. O xuízo e a sentenza da Gürtel mostroulle moi claramente á sociedade a natureza do Partido Popular. Non eran casos illados, formouse un entramado para delinquir. Mostrou parte da natureza estrutural do Partido Popular. Pero os efectos da trama Gürtel, os efectos económicos en si, son pequenos, é o chocolate do loro. Hai outra corrupción de maior calado: a utilización das institucións e da lexislación para beneficiar intereses privados a custa do interese xeral. Nesta corrupción a grande escala podemos encadrar a historia da AP-9, dese que chamamos «capitalismo de amiguets».

A AP-9 é un dos exemplos máis evidentes dese «capitalismo de amiguets», a punta do iceberg dunha corrupción institucionalizada, dun roubo legalizado e apoiado polo Partido Popular. Hai moitos exemplos máis, como, por exemplo, as privatizacións no sector eléctrico ou no das telecomunicacións; pero o da AP-9 é un deles que afecta gravemente a este país, aos galegos e ás galegas. En todos os casos, diferentes gobernos agasallaron as empresas amigas, a prezo tamén de amigo, con enormes negocios monopolísticos, con infraestruturas que se pagaron con diñeiro público, que se sanearon con diñeiro público, con diñeiro de toda a cidadanía, para entregar por moitos anos a empresas amigas.

A privatización da AP-9 e a súa posterior e progresiva consolidación a través de decretos aprobados por gobernos do Partido Popular, pero tamén do Partido Socialista, bota as súas raíces na corrupción como forma de goberno. Non ten outra explicación que a complicidade dos gobernos sucesivos cos intereses da empresa privada, aínda a custa de prexudicar a maioría. O relatorio de agravios e gravames excesivos nos prezos é interminable; os últimos, esas subas para o ano 2018 do 3,1 %, ou esa hipotética supresión da peaxe de Redondela a Vigo que sexa soportada polo resto dos usuarios da autoestrada. Por certo, nestas privatizacións soe argumentarse por parte da dereita máis neoliberal que a privatización mellora a xestión, *know-how*, etc. Pois o director xeral de Audasa foi durante moitos anos o mesmo que cando era pública, Andrés Muntaner, amigo íntimo de Mariano Rajoy —do Casino de Pontevedra creo que lles chaman—. ¿Para que se necesitan bos xestores ou cambiar de xestores, se estes, como os do oligopolio ético, son beneficios caídos do ceo, máis exactamente roubados a galegos e galegas? A AP-9 ten sido un gran negocio para moitos menos para os galegos. A súa historia é a historia dunha grande estafa na que participaron gobernos con personaxes como Aznar e Álvarez Cascos. E protagonizaron esa privatización habitual para vostedes, para o Partido Popular. Primeiro, saneouse con diñeiro de todos. E despois, vendeuse a prezo de saldo, a prezo de amigo. Negocio redondo, e con prórroga ata o 2048 incluída. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, era a prezo de saldo porque Sacyr —esa empresa amiga— en poucos anos vendeu a autoestrada sen facerlle ningunha obra e sacou plusvalías multimillonarias; polo tanto, era visto que era prezo de amigo. E daquela xa Feijóo

era conselleiro da COTOP, de Infraestruturas, e non dixo nin mu. Poden revisar a hemeroteca e non hai ningunha crítica do señor Feijóo a aquela vergonzosa privatización.

Polo tanto, a situación actual é gran parte responsabilidade do Partido Popular. A maior parte da responsabilidade da situación actual é do Partido Popular. E, en cambio, o señor Feijóo amaga e botou balóns fóra, culpabilizou incluso o Partido Socialista, que tivo parte de responsabilidades, pero a maior parte —como xa digo— foron responsabilidades do Partido Popular. O Decreto 104/2013, a prórroga do 2000, a privatización do 2004, o convenio que implica o desconto de Pontevedra-Vigo que o paguemos co incremento de tarifas..., ten todo a autoría do Partido Popular. E estamos debatendo outra vez esta proposición de lei por responsabilidade do Partido Popular.

E quero dicir tamén que, agora que cambiou o Goberno, seguramente o discurso do señor Feijóo cambie, porque se demostrará unha vez máis que non é o presidente de Galiza, non é o presidente dos galegos e galegas, é un home do Partido Popular que só traballa para o Partido Popular. E pode que cambie o seu discurso, porque non lle escoitamos grandes críticas ao señor Feijóo cando o Goberno Popular bloqueou esta lei; non dixo nin mu. Cando tiña que defender a dignidade desta Cámara e a dignidade dos galegos e galegas, o señor Feijóo non dixo nin mu. Veremos agora se hai cambio de actitude, pero —como xa dixen antes— non sabemos nin sequera se o Partido Popular votará a favor da transferencia da AP-9 no Congreso cando se tramite. ¡Nin sequera son capaces de dicirnos iso!

Audasa —como xa teño dito moitas veces— é o colmo da abundancia, gaña 1 de cada 2 euros dos que factura como peaxes, e ademais gaña 1 de cada 3 euros despois de impostos. É das autoestradas con máis reclamacións do Estado e con menos persoal por quilómetro; iso si, das que máis dividendos reparte entre os seus accionistas. De feito, é unha máquina de extraer diñeiro de Galicia para refinar o grupo ENA Itínere, como recoñecen no propio acordo de refinanciamento da débeda do Grupo ENA Itínere do 16 de xaneiro de 2016, onde se pacta expresamente que Audasa debía destinar o máximo beneficio posible ao pago de dividendos á sociedade propietaria —ENA Itínere—, así consta expresamente no folleto público da última emisión de débeda de Audasa. As excesivas peaxes que pagamos os galegos e galegas, que determinan uns elevados beneficios para Audasa, emigran despois ao grupo propietario, ENA Itínere, como condición expresa e pactada para a renegociación da súa elevada débeda. Débeda, evidentemente, xerada noutras latitudes e non en Galicia. Son os beneficios de Audasa, os correlativos ingresos da propietaria, os que compensan as perdas doutras concesionarias do Estado propiedade deste grupo empresarial. Unha vez máis, en Galicia estase extravertendo capital fóra do país a custa da cidadanía.

Mentres, o Partido Popular, o Goberno de Feijóo, baixou as orellas obedientes co poder, submisos ata perder toda a dignidade. Non tiveron nin a dignidade de levantar a voz ante esta aldraxante actitude do Partido Popular en Madrid, do seu Goberno. Fixeron de parapeto dos seus en Madrid, e fixeron unha impostura perfecta.

Tragaron e calaron cando sabían que se aldraxaba a Galicia e bloquearon a transferencia da AP-9 con argumentos tramposos e falsos. Foron submisos diante de Génova e mansos ante

a Moncloa. E veremos agora tamén o Partido Socialista, confiamos en que defenda a mesma liña que veu defendendo ata o de agora.

Nas nosas emendas que propoñemos ao texto, no mesmo sentido que tamén anunciou o Bloque Nacionalista Galego, nós recuperamos unha idea; a idea de contemplar a posibilidade de reverter esta infraestrutura ao público, á xestión directa, para acabar con este espolio. Cos datos económicos que din, é inevitable pensar que esta infraestrutura xestionada directamente sería moito máis rendible para a cidadanía, sería moito máis rendible para Galicia, sería moito máis beneficiosa esa solución.

Pero nin sequera pedimos agora esa solución. Pedimos nesta Cámara en reiteradas ocasións que a Xunta de Galicia fixese un estudo para valorar a rendibilidade de tomar esa decisión da reversión ao público, e nin sequera iso fixeron. ¿Como pode ser que un goberno galego non teña datos de canto pode custar a reversión ao público, e teñamos que escoitalle dicir ao señor Martín Fernández Prado ou ao señor Tellado que custa 4.300 millóns, cando é simplemente o resultado de multiplicar todo o que se factura ao ano polos anos que quedan da concesión?. Claro, o que pasa é que non se pode debater en serio cos repetidores de argumentarios nada máis. Non se pode debater en serio con quen non toma en serio as institucións.

Por iso nós cremos que hai que contemplar esa posibilidade. Neste acordo ten que haber a posibilidade de que, se se decide aquí en Galicia a reversión ao público, se poida facer, e que haxa un pago xusto dos custos da reversión ao público que non grave máis aínda á sociedade galega, que leva soportado durante moito tempo que nun eixo principal, de norte a sur, deste país as peaxes sexan das máis caras de todo o Estado.

Por esa razón, cremos que se debe apoiar a inclusión desas emendas para contemplar esa posibilidade de acabar coa inxustiza, co latrocinio, co espolio provocado pola política corrupta do Partido Popular. E así lles vai, e así lle vai a este país, con gobernos corruptos que apoian —como apoiaron esta mañá— o enchufismo e a impunidade para os seus amigos: na Deputación de Ourense, na Valedora do Pobo e en todas as institucións que vostedes gobernan. Funcionan así porque está no seu ADN.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Por facer un pequeno... xa que me nomeou anteriormente, señor Sánchez. Vou deixarlle ao señor presidente dúas sentenzas —non teño a terceira—: unha libre designación do xefe de infraestruturas do Concello da Coruña, nomeamento do Goberno de En Marea de data do 31

de maio de 2016. *(Protestas.)* Outra, o nomeamento dun xefe de servizo, de libre designación, no Concello da Coruña, de data do 5 de agosto de 2016... *(Protestas.)* Non trouxen *(Murmurios.)* aquí a do xefe de planeamento, tamén... e outras máis. Non só aí, tamén podemos sacar do Concello de Lugo e doutros concellos, *(Murmurios.)* tamén do BNG, se queremos, de libre designación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero ¿quen gobernaba no 2016? *(Murmurios.)* Os dos pisitos, *(Murmurios.)* gobernaban os dos contratos a dedo, *(Aplausos.)* os 7.500 contratos a dedo que leva Xulio Ferreiro, ¡7.500 contratos a dedo! Dise pronto. *(Murmurios.)*

Cando pedimos, señor Villares e señor Sánchez, que dimitan por corrupción, *(Murmurios.)* ¿falamos de Xulio Ferreiro? *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* ¿As loitas de En Marea chegan a tanto que piden a dimisión por corrupción e enchufismo do alcalde das Mareas? *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* ¡Pode ser! ¡Imos camiño...! En Zaragoza xa están con iso.

O señor PRESIDENTE: Vamos á AP-9.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Imos ao tema, señor presidente. Era unha alusión directa, xa que teño tempo. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Correcto.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Como xa se comentou, debatemos e votamos hoxe por terceira vez a transferencia da AP-9. Pero, miren, señores Bará e Sánchez, creo que se equivocaron en cualificala. E grazas ao PP podemos votala tres veces. *(Murmurios.)* Grazas a esta maioría e ao voto do PP pódese votar, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* porque cando gobernaba a esquerda, cando gobernaba o Bipartito, pedímolos e non puido ser porque votaron en contra. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

¡Ah!, cando gobernaba a esquerda, había unha maioría de esquerdas desta cámara, votábase en contra. Claro, algún, señor Bará, o que facía, cando fala vostede de graos de traizón, algún do BNG é o grao máximo de traizón, porque coa camiseta da selección galega metía un gol en propia porta adrede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É dicir, tiraba contra Galicia desde o mesmo Parlamento de Galicia. Por iso cando falaba das camisetas, falaba dese interese xeral, e iso vostede omíteo. ¿Cal era o interese xeral cando votaban en contra a xente do BNG desa transferencia, cando gobernaban aquí, porque non querían molestar o Goberno de Madrid? ¡Amigo, cambian as cousas!

Miren, nós imos seguir mantendo a mesma postura que levamos mantendo neste tema desde o principio, mal que lles pese; outros non poden dicir o mesmo. Pero vimos mantendo unha dobre postura: por un lado, máxima exigencia na calidade do servizo, e imos seguilo facendo, governe quen governe, e queixándonos cando non se fai ben; e, por outra parte, pedindo o traspaso desta titularidade. Pero imos facelo —digo— coas mesmas exigencias, intensidade, características e argumentos, e se non se cumpren, coas mesmas queixas, señor Sánchez, porque houbo as queixas, non terxiverse. E ímolos seguir facendo governe quen governe, pedíndollos a Rajoy e pedíndollos a Sánchez. Non só con isto senón con outras infraestruturas

tamén, como o AVE, porque estamos verdadeiramente preocupados. Hoxe vén outra vez o AVE porque o trae o PP. ¡Carai, señores da esquerda!, desde que goberna o Partido Socialista cos votos da Marea e de esquerdas, ¡como cambiaron os niveis de exixencia de Galicia e da esquerda galega! (*Murmurios.*) Pero nós imos traer as mesmas que votamos, igual que dicimos para a AP-9.

¿Como non imos estar preocupados co que escoitamos dos líderes do Partido Socialista en Galicia? O último, o novo delegado do Goberno, o amigo Javier Losada, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) señor e amigo. Di: «Non fixo nada este goberno para parar o AVE». ¡Só faltaría! ¡Home!, se encima fan algo en contra, xa sería de escándalo se pararan algunha das cousas que están en marcha. Pero non chega con non interferir, señores do PSOE; hai que poñer o ombro, hai que traballar e exixir ás concesionarias. Porque, claro, rematando o 2019 hai que duplicar e triplicar os datos e hai que contratar, e iso seguramente sae máis caro que se o deixamos pasar. Hai que estar encima cos compromisos. E, afortunadamente, esperemos que estean encima diso, pero as declaracións son verdadeiramente preocupantes.

Dicía, ademais, que imos seguir demandando o mesmo que tiñamos non só coa transferencia. Temos aprobado aquí tamén de hai cinco ou seis meses eliminar esas vantaxes do tema do IBI, imos seguir facéndoo. Imos seguir demandando as cousas de Redondela e de Chapela; claro que as imos seguir demandando. E protestaremos igual que protestamos se funciona mal a autoestrada, como fixemos e fixo a conselleira e este goberno innumerables veces. E imos seguilo facéndoo porque entendemos que é posible. Pero, como dicía, estas dúbidas que xeran preocupánnos. E pedimos tamén —creo que tampouco é moito pedir— que se manteña esa comisión creada entre a Xunta e o Ministerio. E mal que lles pese temos moitos exemplos de que vén funcionando moi ben o traballo da Consellería e do Goberno con esa comisión. Aforramos catrocentos millóns en bonificacións de peaxes, conseguíuse que as futuras obras, que espero que as manteñan, non se paguen á conta das peaxes, como fixo no 2011... (*Murmurios.*) Non lles gusta escoitalo, pero o decreto do 2011 de subir un 1 % acumulativo cun interese fixo do 8 % —¡bonito negocio!— fíxoo un goberno socialista cunha empresa que presidía —Itínere, a matriz— un ex-secretario de Estado do Partido Socialista. (*O señor Sánchez García: ¡Ala!*) (*Murmurios.*) Recorde iso tamén, señor Sánchez, recorde iso tamén. Nós imos seguir demandando para Chapela e para Redondela as cousas que cremos xustas, e entre elas tamén o tema da peaxe.

En calquera caso, non imos enganar a cidadanía. Non o fixemos ata agora e non imos seguir agora por moito que governe en Madrid o Partido Socialista. E non podemos enganar mesturando o traspaso de competencias coa eliminación de peaxes, porque sabemos que esa eliminación de peaxes ten uns custos inxentes que vostede quere pagar a unha empresa privada. Porque é coller os cartos dos galegos ou dos españois e darllos a Itínere ou a Audasa a través de tal... E o que fixo é... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Agora temos a posibilidade, e por iso vén por terceira vez; non porque teñamos un cambio de goberno, senón, efectivamente, esa sentenza do Tribunal Constitucional, señor Sánchez, ofrece máis posibilidades para que o Goberno teña menos posibilidades de opoñerse en informes técnicos que fai o propio ministerio a esa tramitación.

Nós celebramos esa sentenza. Celebrámola porque cremos que ofrece esas maiores posibilidades de acadar o que levamos pedindo desde hai anos. E levámolo pedindo, non como cre o BNG que empezou o mundo en 2016, cando presentou a proposición de lei. Claro, é que ao BNG non lle interesa recordar cando gobernaba. Xa no 2010, segundo chegou este goberno, xa o puxo nas peticións na Comisión de Transferencias, e seguiu pedindo cada vez que tivo ocasión no 2012, no 2014 e sucesivamente. Foi unha demanda cando gobernaba o Partido Popular, porque cando gobernou o Bipartito non estaba na axenda, porque, claro, era outra cousa.

Pero, mire, nós —como tamén o explicou— presentamos unha serie de emendas —igual que explicou o Partido Socialista— porque entendemos que é máis doada a aprobación e máis posible con este texto. Pero ademais queremos facer un chamamento. Entendemos que é verdadeiramente importante acadar a unanimidade desta cámara. E, a verdade, cremos que ese consenso acadado co segundo texto da lei é o que maior posibilidades de aprobación e de tramitación ten no Congreso. E preocúpanos, claro que nos preocupa, porque o BNG e En Marea na comisión abstivéronse. Entón, claro, logo falaremos de quen defende estas leis e dos votos, porque claro... (*Murmurios.*) Non, claro, encima quere ir defendela xente que non vota a lei, ¡si que é unha cousa estraña! Pero logo falaremos do tema dos representantes. En calquera caso, entendemos que chegar ao Congreso co apoio unánime deste parlamento é algo positivo. Nós animámoslos a cambiar o voto, deixar esa abstención e votar a favor deste texto consensuado porque entendemos de verdade que esta petición unánime é o mellor para Galicia.

Falabamos do representante, porque aquí unha vez máis parece que o único que lle preocupa ao BNG é máis pensar en termos partidistas que en termos de país; o importante é saír na foto. Claro, todos recordamos que os cidadáns non puxeron ningún representante do BNG no Congreso en Madrid; ao mellor por iso teñen tantas ganas de ir. Pero o que piden non é posible. Non é posible, primeiro, porque vai en contra da Constitución. Eu xa sei que a vostedes o tema da Constitución non lles parece. Di textualmente o artigo 87.2 que se pode nomear un máximo de tres representantes. Entón, non se trata de cambiar o Regulamento da Cámara para poñer catro; habería que cambiar a Constitución. Ata agora pedían para independizar Galicia do resto de España, pero agora se tamén queren incluír este artigo, para nomear un cuarto representante non chega con cambiar o Regulamento, senón que teríamos que cambiar a Constitución.

A outra solución que propoñen é cambiar o Regulamento. Din para que o grupo propoñente poida ir xa si ou si. ¡Home!, eu creo que polo menos debería ir un grupo que a vote a favor, porque que a defenda un grupo que se abstén a verdade é que ten pouco sentido. En calquera caso, as leis, eu non sei moito de leis, perdóenme os letrados, pero creo que de verdade as leis non son do grupo que as propón, nin son tampouco as leis dos grupos que as aproban. É máis, atévome a dicir que as leis non son nin da Cámara; as leis son xa desde que se aproban de todos os cidadáns de Galicia. E na representación os cidadáns de Galicia, sinceramente, non consideran o BNG o seu mellor representante; non o mellor, non o de maior representatividade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É nos grupos da Cámara o de menor representatividade.

Polo tanto, creo sinceramente que o Partido Popular cos seus votos e coa representatividade que lle deron os galegos podía nomear os tres representantes, máis dun... (*Murmurios.*) Ben,

dous. Podía nomear máis dun. Bastante xenerosidade é dicirlles que ese segundo, en vez de nomealo o Partido Popular, o decidan entre os grupos da oposición. (*Murmurios.*) Póñanse de acordo vostedes para nomealo. Para darlle duro ao PP póñense facilmente de acordo; póñanse de acordo para nomear esas dúas persoas. O problema non é do PP, que xenerosamente cede un dos que podía ter como representantes, senón que é da oposición, que, cando teñen que construír algo positivo, igual que vimos cando gobernaba o Bipartito, construír en positivo non; o único que saben é poñerse de acordo para tirar contra o Partido Popular. Niso si que estamos de acordo.

Nós, como dixemos xa na comisión, votaremos a favor e esperamos que nesta ocasión poida ser tramitada e aprobada no Congreso dos Deputados.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre os votos particulares e as emendas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Fernández Prado, veu vostede aquí de novo facer un auténtico papelón; un auténtico papelón ademais pragado de mentiras ou de medias verdades ou de distorsións da realidade. (*Murmurios.*) Porque vostedes crean un mundo á súa medida, un mundo incluso no que se permiten establecer categorías dos representantes parlamentarios, como se houbo alguén aquí que manda máis, que pesa máis ou que vale máis ca outros en función da representación. (*Aplausos.*) Somos todos e todas representantes do pobo e merecemos, polo tanto, ese respecto.

Vostedes agárranse como un cravo ardendo a unha votación deste parlamento no ano 2006, e despois fan un exercicio de amnesia ata o 2016; non pasou nada. Esquecen vostedes que nese período de tempo o BNG levou ao Parlamento do Estado en máis de dez ocasións votacións en forma de proposición non de lei sobre a transferencia da AP-9, ao Congreso e ao Senado; algunhas delas foron votadas por unanimidade e foron vetadas polos gobernos de turno. Pero foi o BNG quen levou eses debates ao Parlamento do Estado, quen levou esa bandeira da AP-9 ao Parlamento do Estado. Polo tanto, respecto e verdade, respecto e verdade. E foi o BNG quen trouxo o debate da Lei de transferencia da AP-9 a este parlamento no 2015, no 2016, no 2017 e no 2018. Foi o BNG quen trouxo este debate aquí. Nunha ocasión propuxemos unha proposta conxunta de todos os grupos. Puidérono facer outros, puidérono facer vostedes, pero foi o BNG quen o fixo. Polo tanto, respecto á verdade e ao papel que tivo cada grupo neste tema.

En fin, que nos quedou claro en todo este tempo que o Partido Popular, non só, pero o Partido Popular, neste caso no das leis, vetou a súa tramitación no Congreso dos Deputados. Foi o Partido Popular quen a vetou, foi a señora Ana Pastor quen a vetou, foi o Goberno do Estado do Partido Popular do señor Rajoy quen vetou a tramitación (*Aplausos.*) destas leis aprobadas polo Parlamento galego. É a súa responsabilidade. Por iso dicímoslles que son traidores a

Galiza. Esa é a verdade, esa é a realidade, e por moito que queiran mentir, por moito que queiran distorsionar non a van cambiar; asuman esa realidade. Foron vostedes os que vetaron a tramitación destas leis, e por iso temos que volver por terceira vez tratar esta cuestión aquí.

E non se preocupe, nós imos votar a favor de calquera iniciativa de lei que permita a transferencia da AP-9. O que quixemos deixar claro aquí neste debate é que preferimos unha opción de máximos, que non peche a opción do rescate da concesión, da nacionalización, do rescate para o público e da eliminación das peaxes, porque é de xustiza e porque temos dereito, igual que teñen outros territorios nos que hai concesións que rematan nos próximos anos. Por iso trouxemos aquí a versión de máximos —por certo, que xa foi aprobada neste parlamento— e porque ademais —e dígollo tamén ao representante do PSOE— a sentenza do Tribunal Constitucional non se refería a esta cuestión. A sentenza do Tribunal Constitucional o que vén dicir é que non se pode facer un veto orzamentario ao abeiro do artigo 134.6 da Constitución, porque o veto non pode exercerse en relación cos orzamentos futuros que aínda non foron aprobados. Iso é o que vén dicir a sentenza do Tribunal Constitucional. E, polo tanto, vale para a versión A e para a versión B da lei que presentamos aquí. Deben precisarse as partidas orzamentarias concretas do orzamento en vigor que se verían afectadas pola aprobación da lei. Débese facer iso no momento da admisión a trámite, e non hai ningunha partida orzamentaria do orzamento en vigor que sexa aceptada pola admisión a trámite desa lei. Polo tanto, non vale ese argumento.

E tamén é concluínte, porque vostedes, claro, agora fíano todo para cambiar de postura, supostamente, á sentenza do Tribunal Constitucional, que era de abril de 2008. Pero hai un informe da letrada da Asesoría Xurídica do Congreso, que é de marzo de 2017, que é claro e contundente a este respecto: este tipo de vetos deben ser excepcionais, non a norma, porque, se non, impiden a función lexislativa. O artigo 134.6 da Constitución non concede un dereito ilimitado de veto, que cercearía a capacidade lexislativa do Congreso. E fai referencia tamén á cuestión orzamentaria. Xa había en 2017 razóns xurídicas para impedir o veto. E a pesar diso vostedes desde o Goberno e desde a Mesa do Parlamento impediron e vetaron a tramitación da lei. E por iso temos que estar de novo aquí falando desta cuestión. É responsabilidade do Partido Popular.

E agora fágolle unha apelación directa ao Grupo Socialista, para que se comprometan aquí, primeiro, a admitir, a votar a favor da admisión a trámite, que iso supoñemos que si porque xa o fixeron outras veces, e en segundo lugar, o que é máis determinante, a facer posíbel desde o Goberno e desde o seus votos no Congreso dos Deputados a transferencia a Galiza da AP-9. Porque xa lle digo que teño aquí declaracións da ministra de Fomento Magdalena Álvarez e do ministro de Fomento José Blanco —tamén os teño da señora Pastor— que dicían que era ilegal e inviábel, que non nos dan moitas esperanzas.

E, por último, con respecto á representación, nós, en primeiro lugar, pedimos soamente unha cousa: que se aprace a decisión para estudar distintas vías, que as hai, legais, regulamentarias para poder permitir unha representación máis plural e máis xusta deste parlamento. E facemos propostas concretas. Polo tanto, trátase simplemente de aprazar a decisión e analizar as distintas vías que o BNG presentou a este respecto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: Polo tanto, queda claro o noso apoio a calquera decisión e proposta que permita a transferencia da AP-9, pero tamén queríamos deixar claro neste debate, e por iso a abstención na comisión, de que a nosa opción seguía sendo e segue sendo a opción de máximos de transferencia, pero tamén de nacionalización, de rescate da concesión, de eliminación das peaxes, como se vai facer proximamente nas autoestradas que son da xeración da AP-9.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas novamente, señor presidente.

Señor Fernández Prado, a suba do 1 % fíxose en 2012. En 2012 gobernaba o señor Rajoy, e quen asinou a suba foi a señora Pastor. (*Aplausos.*) De todos os xeitos, tampouco lle oín nada sobre a ampliación da concesión e do seu autor. Vou lembrarllo: ampliación por vinte e cinco anos, ata o máximo permitido; autor: señor Aznar; e cómplice: señor Feijóo, sendo conse lleiro do ramo en Galicia. Por certo, tamén lle lembro que xa o Partido Popular vetou en Madrid na Comisión Mixta de Transferencias, en 2005, a transferencia da AP-9, incluída nas corenta e nove transferencias aprobadas por este mesmo parlamento. Polo tanto, señor Fernández Prado, ás veces hai que facer menos ruído e intentar entenderse.

O Grupo Socialista cremos que é de xustiza que a AP-9 sexa xestionada dende Galicia, porque é unha infraestrutura decisiva para a nosa articulación territorial, porque é nese escenario unha inmensa oportunidade para a sociedade galega, porque debe supoñer unha permanente oportunidade de crecemento para Galicia, porque debe exercer ese liderado e ese papel de xerar valor engadido para poñelo ao servizo das galegas e dos galegos e non ao servizo doutros intereses á custa dos galegos e das galegas, porque co modelo actual estase a converter nunha carga inasumible para familias e empresas, porque co modelo actual os galegos sempre perdemos e a concesionaria sempre gaña, porque só será posible reverter esa situación se se consegue a transferencia e xestionamos as competencias. E ese é o abecé, señor Bará, da intencionalidade do Grupo Socialista e polo que imos loitar permanentemente. Nós apostamos pola transferencia da AP-9 e pola xestión das competencias porque é posible. É posible xuridicamente, pois permítieno o Estatuto de autonomía, a Constitución española, a Unión Europea, e é posible técnica e economicamente e é posible politicamente.

Neste escenario, non exento de dificultades, empezando pola ampliación de vinte e cinco anos da concesión outorgada polo señor Aznar, o Grupo Socialista preferimos que haxa un escenario de unidade, onde todas as forzas políticas poidamos coincidir. Neste senso, a presentación conxunta e a posterior aprobación unánime desta proposición de lei o 9 de maio de 2017, brindada dende o punto de vista xurídico e sen resquicios dende o punto de vista técnico e económico, estabilizou e marcou dende a nosa opinión o camiño a seguir na trans-

ferencia da AP-9. Unha tarefa difícil que non deberíamos complicar con elementos que son propios de negociación na Comisión Mixta de Transferencias.

Para que Galicia teña a titularidade e as competencias da AP-9 é imprescindible a unanimidade do Parlamento galego, e que esa unanimidade xire en torno ao texto aprobado o 9 de maio de 2017, e só é modificable dende o noso punto de vista co consenso de todos os grupos da cámara. Rachar coa unidade de acción ou rachar coa unidade do texto de 2017 só nos vai debilitar no noso obxectivo.

Por iso custounos entender esta iniciativa e tamén a presentada por En Marea no Congreso dos Deputados. Pero máis nos sorprende o retorno do BNG, ausente disto en 2016, a través da presentación de dous votos particulares nesa dirección.

En todo caso, dende o Grupo Socialista, e entendendo tamén esa postura na súa liberdade de acción, temos a convicción de que a transferencia se vai producir, de que esa demanda unánime deste parlamento vai dar lugar a unha solución positiva nalgún momento. Tamén porque hai unha clara convicción da cidadanía respecto da utilidade desta transferencia. En definitiva, cremos que se vai producir porque hai unha maioría política clara en Galicia pero tamén no conxunto de España. E estas maiorías sociais e políticas acaban sempre imponéndose.

En consonancia co que pensamos e dicimos e co exposto, nós non imos apoiar os votos particulares do BNG, tampouco imos apoiar as emendas de En Marea, e imos votar a favor do estipulado no Regulamento vixente en canto ao número de membros.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Fernández.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Antes de nada, señor Fernández Prado, vostede tamén me aludiu en reiteradas ocasións. Mire, eu non teño culpa de que o señor Tellado e a señora Paula Prado non lean a sentenza, e aludiran a unha sentenza dun nomeamento do Partido Popular que foi anulado con once persoas. En tal caso, o que lle digo é que as anulacións de libre designación pasan en moitos concellos, que pode ser. No Concello da Coruña fórono por non considerar xustificadas o procedemento escollido de libre designación, pero nunca por desviación de poder, nunca por enchufismo e nunca pola participación da interesada, que tiña que absterse e non o fixo, como fixo a señora Milagros Otero, (*Aplausos.*) e nunca para beneficiar a irmá do portavoz do Partido Popular nin do partido de En Marea. Polo tanto, non veña comparar o concelleiro que estivo no célebre goberno da Pikachu. Señora Prado, estou falando da Coruña, se quere tamén podemos falar dos «regalos de la hostia» e dos sucesivos cambios na alcaldía do Concello de Compostela, que tanto exemplo deron para a democracia. Uns «regalos de la hostia». (*Aplausos.*) Si señor, dá uns «regalos de la hostia». Quedoume...

O señor PRESIDENTE: Á AP-9. Vaíamos á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...gravado. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Á AP-9, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Tranquilos!, ¡tranquilos!

Si, a Martiño tamén. Vostede tamén viu aquí dicir que Martiño deixou morrer dúas persoas na rúa de Compostela. Fai falta ter pouca decencia para vir aquí dicir iso, non teñen vergonza.

O señor PRESIDENTE: Á AP-9.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non teñen vostedes vergonza. E como non teñen vergonza... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) A ver se paran xa de ladrar dunha vez.

O señor PRESIDENTE: Non, non ladra ninguén, perdoe. Coidado co vocabulario. Non ladra ninguén.

¡Silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, retíroo.

O señor PRESIDENTE: Afortunadamente neste parlamento aínda non ladra ninguén.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Perdón.

O señor PRESIDENTE: E vaia á cuestión xa. Vaia á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...Moi nervioso. E como non teñen vergoña por enésima vez o portavoz do Partido Popular non falou do substancial, non falou da privatización da AP-9 polo Partido Popular, o saqueo do século en Galicia. Non falou de como vostedes entregaron a prezo de amigo esta infraestrutura e condenaron galegos e galegas a pagar as peaxes máis caras ata o ano 2048, cando xa leven no resto do Estado moito tempo sen ter que pagar peaxes por estas concesións.

Vostedes non teñen vergoña porque practicaron a corrupción unha vez máis coa AP-9, para regalarlla ao amigo de Núñez ou de Mariano Rajoy. Con Núñez Feijóo de conselleiro, non dixo nin mu. E tampouco falou vostede do bloqueo do Goberno popular en Madrid, que impediu que se votase democraticamente unha proposta unánime do Parlamento galego. ¡Vergoña! E vostede di que se queixou con intensidade o señor Feijóo. Non se ría de nós, o señor Feijóo non dixo nin mu. A semana seguinte estíbese facendo fotos co señor Íñigo de la Serna e sorrindo. Non houbo ningunha palabra de desaprobación pola actitude antidemocrática do Goberno do señor Rajoy, nin unha. Vostedes vendéronse unha vez máis ao Partido Popular e aos intereses do Partido Popular. Non veña aquí negar o evidente. Non teñen nin vergoña democrática.

¿E que votaron alí cando se plantexou a transferencia da AP-9? Sempre se opuxeron, e volverán opoñerse unha vez máis, porque por riba de todo están os intereses económicos da

empresa, desa empresa que saquea galegos e galegas. E non veña aquí mentir, que é a especialidade da casa, señor Fernández Prado. Cando dixo da eliminación das peaxes, ¿quen fala da eliminación das peaxes?, ¿quen falou da eliminación das peaxes? ¿Como pode vir aquí contestar e confundir a xente? *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Quen?, ¿quen? A reversión ao público non é a eliminación das peaxes. E sen datos non se pode falar da eliminación das peaxes.

Vostede di que hai máis posibilidades agora. Si, hai máis posibilidades agora de conseguilo, dixo vostede. Pero hai máis posibilidades agora porque se botou un goberno corrupto e, en principio, hai un goberno democrático. Iso é porque hai máis posibilidades. E non un goberno caciquil, *(Murmurios.)* que bloqueou con mentiras e trapalladas o que debería ser unha tramitación democrática. *(Murmurios.)* Si señor, é que é así de grave. *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)*

Se falou tamén do IBI, do IBI da AP-9, impulsada tamén por un alcalde de Abegondo que está en xuízo por prevaricación, ¿verdade? Tamén por uns manexos urbanísticos. É que hai para dar e para tomar no Partido Popular.

Con respecto ao portavoz do Partido Socialista, o señor Fernández, mire, En Marea no Congreso presentou unha proposición de lei, claro que si, para traballar, para sortear o bloqueo antidemocrático do Partido Popular; é a nosa responsabilidade. E eu animo o Partido Socialista, o Grupo Socialista alí, a que faga o mesmo e apoie as iniciativas de En Marea para lograr o que non se puido lograr polo bloqueo do Partido Popular. É a nosa responsabilidade e fixémoslo.

E despois as emendas. Para nós, señor Fernández, tan fundamental é a transferencia da AP-9 a Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...como rematar co espolio da xestión de Audasa, e por iso pedimos que se reverta ao público. Non podemos renunciar a estudar a reversión ao público, a xestión directa e consentir o espolio ata o 2048 por parte dunha empresa consentida polo Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e no seu momento polo Partido Socialista. E a iso non imos renunciar, por iso poñemos a emenda. E non hai argumento posible porque a emenda tanto do BNG como a de En Marea caben perfectamente na legalidade e na Constitución española que tanto defenden o Partido Socialista e o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...como o dixo o Tribunal Constitucional clarísimamente.

¿E como non imos volver ao texto orixinal, que tamén foi aprobado por unanimidade neste parlamento?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ese tamén, votárono vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e votouno o Partido Popular. Votaron a favor...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...tamén daquela que non tiña reversión para o público.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas de novo, señor presidente.

Señor Bará, de momento estamos falando de coherencia de voto, e eu entendo que vostedes, claro, cando gobernaron votaron en contra. E dime agora que en Madrid nesa época presentaron proposicións, pero neste parlamento votaron en contra. Está nas actas, está no *Diario* deste parlamento. Polo tanto, claro, poñen aquí todo o ímpeto teatral: ¡sempre votaremos a favor, queden tranquilos e tal! Votaremos a favor se goberna o PP aquí, cando gobernen vostedes, ¡xa veremos! Ese é o ímpeto que poñen. En calquera caso —insisto— é grazas a que este grupo maioritario apoia a tramitación desta lei, porque se votamos en contra —como fixo o Bipartito cando gobernaba e este parlamento bipartito, cando era bipartito o Parlamento, a maioría— pois seguiríamos sen poder nin sequera enviala a Madrid e trasladar polo menos a petición e o sentimento dos galegos.

E, mire, a representación dos galegos é proporcional, ¡claro que é proporcional!, e todos os representantes son exactamente iguais. O que non é un problema do Partido Popular é que a súa representación, a do Bloque Nacionalista Galego, non chegue para poder impoñerse ao PSOE e a En Marea. É dicir, quedan dúas prazas, son tres grupos, ¡póñanse de acordo! Nós —insisto— bastante facemos xenerosamente deixando unha das prazas que podíamos ocupar. ¿Que pasaría? Ao mellor é mellor que nomeemos ou que votemos a dous, e entón si que teñen que poñerse de acordo seguramente para un. Esa representación, esa votación é un tema que decidirá supoño que a Mesa, non sei a quen lle corresponde decidir sobre ese aprazamento. Pero, en calquera caso, creo que hai que poñer sobre a mesa que o Partido Popular, para intentar ter a maior representación posible e trasladar a unanimidade e o respaldo desta cámara, deixa unha das prazas que lle corresponde para que outro grupo da oposición —o que vostedes decidan— poida acompañar tamén ou poida estar en Madrid defendendo esa proposición, esa lei.

En calquera caso, señor Fernández e tamén señor Sánchez, cando se aproba a ampliación do prazo desta autoestrada é para pagar as obras A Coruña-Ferrol e Vigo-Tui, que non

existían. É dicir, que é como facer dúas autoestradas novas en Galicia e de verdade vertebrar todo o Atlántico. Iso non existía. ¡Que diferenza! Aquí, efectivamente, houbo unha ampliación para compensar unhas obras que non existían. Por certo, informada a valoración das obras pola Intervención Xeral do Estado. Pero, en calquera caso, ¡que diferenza cando era secretario de Estado o señor Pérez Touriño —e non digo que ministro, para que non se me enfade ninguén— e estendeuse dez anos a concesión da autoestrada sen ningunha compensación a cambio! ¡Carai! E isto tamén podía recordalo, señor Fernández. ¡Que diferenza! Con Touriño, ningunha compensación. É verdade que con Aznar pagar as obras A Coruña-Ferrol, que non existían, e Vigo-Tui, que tampouco existían; é como facer outras autoestradas novas.

En calquera caso, eu, señor Fernández, permítame que poña en dúbida esas promesas dun ministro aos tres días de chegar sobre concesións que non vai pagar a xente no 2021, que xa veremos se é ministro e quen é ministro. Eu tamén prometo pólvora aos veciños, e tirar coa pólvora dos demais é fácil. Xa veremos quen é o ministro e xa veremos o que pasa no 2021. Polo de pronto, a min un ministro que ás corenta e oito horas, sen estudar nada, xa di e xa fala doutros períodos de goberno pois déixeme polo menos que o poña en dúbida.

En calquera caso, señores de En Marea, claro, vostede defende que nomear alguén por libre designación cando había ese concurso é mellor. Xa veremos tamén —o tempo vai poñer a cada un no seu sitio— o que pasa con algunha adxudicación no Contencioso-Administrativo, como o Proxecto cárcere, onde algún dos participantes ou membros do Proxecto cárcere tiñan máis que relación e son cargos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...ou concelleiros do propio Goberno. Xa veremos o que di o Contencioso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero xa lle adianto que é moi parecido ás cousas que estamos escoitando en Zaragoza ou noutros sitios.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: En calquera caso, esa revisión do público xa nos explicará como e quen a paga e como a paga.

Nós queremos rematar insistindo en que agradezo escoitar a opinión do BNG dicindo que vai votar a favor. Insisto en que a unanimidade cremos que é positiva, cremos que podemos velar con maior eficacia na calidade do servizo se é transmitida.

Non podemos apoiar nin os votos particulares do BNG nin o mantemento das emendas de En Marea porque entendemos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...que isto tal cal está é máis fácil de aprobar e de tramitar no Congreso dos Deputados.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Pasamos ao seguinte punto.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a presentación da proposición de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bo día.

O noso grupo parlamentario presenta hoxe unha proposición de toma en consideración, e quería recalcar isto: unha toma en consideración; é dicir, non é unha aprobación xa dun texto lexislativo, senón simplemente que nos deamos a oportunidade neste parlamento de discutir o texto legal axeitado para dar cumprimento. E retomo unhas palabras que acaba de pronunciar o señor Fernández Prado coas que estou de acordo, cando dixo que as leis son de todos os cidadáns, é dicir, non son dos parlamentos que as aproban, son da cidadanía unha vez que o Parlamento aproba ese texto lexislativo.

En realidade, a nosa proposición de hoxe supón a modificación de dúas leis: unha, a famosa e xa arquicoñecida Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia; pero tamén unha modificación da Lei 6/1999, do audiovisual de Galicia. Trátase —entendemos desde o noso grupo— dunha proposta construtiva, dunha proposta como tal aberta ao diálogo cos grupos da Cámara na tramitación parlamentaria e que tentarei resumir no tempo do que dispoño.

En primeiro lugar, e como xa é de sobra coñecido, temos un problema co cumprimento dos prazos que a propia lei aprobada por este parlamento estableceu no seu momento, no relativo á renovación da figura do director ou directora xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galicia. Mandato que —como sabemos— ten unha duración de cinco anos. O actual foi nomeado en maio do ano 2009 e, polo tanto, parece necesario que se proceda, cun atraso máis que considerable, dificilmente aceptable, á renovación do actual director xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galicia. Renovación que non significa necesariamente cambio pero tampouco significa mantemento, simplemente proceder ao que está establecido na lei.

E ademais este parece un momento particularmente acertado posto que —como todos sabemos— durante este ano —e segundo declaracións do propio director xeral da Corporación na Comisión da Radio e Televisión de Galicia— é previsible que remate todo o proceso de dixitalización. Polo tanto, se podemos entender ata certo punto que puidera non proceder

facer unha renovación da dirección xeral dentro dun proceso de alta complexidade desde o punto de vista procedemental e tecnolóxico como é a dixitalización, unha vez concluída esa dixitalización, ese procedemento parece oportuno e parece o momento máis axeitado para proceder a esa renovación.

Por ese motivo, no primeiro punto, propoñemos esa modificación, de tal modo que quede redactado como que a prórroga para a renovación non poderá superar o prazo de seis meses sen activar o procedemento que está establecido no artigo 23.2 do propio texto legislativo.

Propoñemos tamén unha modificación da disposición transitoria cuarta para a renovación, activándose o procedemento nun prazo improrrogable —como dicía antes— de trinta días a partir de que se aprobe a lei; non de que aprobemos a toma en consideración hoxe neste parlamento —se é que conseguimos aprobala—, senón desde que se aprobe a modificación da lei. E abrir un prazo de quince días para que os grupos parlamentarios poidan formular as propostas que consideren pertinentes para o nomeamento da persoa que desempeñe a dirección xeral da Corporación. Como poden ver vostedes, trátase dun límite temporal razoable, tendo en conta o tempo que vai levar tramitar esta modificación legal, pero tamén cunha delimitación temporal altamente limitada —valla a redundancia—, posto que non podemos ou non deberíamos permitirnol máis atrasos nesta tramitación.

No punto 4 propoñemos a adición dunha disposición transitoria sexta *bis* sobre o contrato programa. Resulta evidente que falar de contrato programa é unha linguaxe propia, case parece de algo que manexamos con frecuencia as deputadas e os deputados da Comisión da Corporación da Radio e Televisión de Galicia, pero é un elemento clave, é un elemento esencial para o funcionamento da Corporación. E, polo tanto, tendo en conta que o mandato marco —que isto é un pouco farragoso— se publicou o día 16 de decembro de 2015 e non se publicou aínda o contrato programa, parece necesario que, tal e como se establece no propio artigo 36 do mandato marco, cando se di que o instrumento legalmente previsto para determinar os obxectivos específicos que deberá desenvolver a Corporación da Radio e Televisión de Galicia e o seu financiamento é o contrato programa que prevé a propia Lei de medios públicos. Ese contrato programa que ten unha duración de tres anos e que ademais deba ser —«debera ser» digo porque non o foi nunca— renovado, suscrito polo Consello da Xunta antes do 30 de xuño do último ano de vixencia dese contrato programa.

Propoñemos tamén algo tan absolutamente relevante como unha disposición relativa ao Estatuto profesional dos traballadores da Corporación da Radio e Televisión de Galicia. A ausencia dun estatuto profesional foi posiblemente a causante do maior nivel de desencontro entre todos os grupos parlamentarios dentro do seo da Comisión da Corporación da Radio e Televisión de Galicia. ¿E por que? Pois porque ese estatuto profesional garante, entre outras cousas, a calidade, a profesionalidade e a independencia dos contidos informativos ofrecidos polas distintas canles de radio, de televisión e internet, e debe responder aos principios xerais que inspiran a lei.

Sabemos os que participamos nesa comisión —á que veño facendo referencia en repetidas ocasións— que hai un desencontro absoluto, hai unha percepción absolutamente distinta do enfoque que se lles dá ás noticias por parte da Corporación da Radio e Televisión de Ga-

licia. Pero non é o meu obxectivo nesta primeira intervención facer *casus belli* dese descontro, senón simplemente convencer esta cámara da necesidade que temos de que ese estatuto profesional se publique para garantía da nunca posta en dúbida profesionalidade e capacidade de dar a información de forma obxectiva e profesional que teñen os traballadores da corporación. E, polo tanto —insistimos—, queremos que, con esta modificación que propoñemos, en tres meses se proceda á aprobación do estatuto profesional e, tres meses despois, se cree o Consello de Informativos desta corporación.

Queremos tamén que se modifiquen todos os aspectos relativos á autoridade audiovisual. E cando falo de que se modifiquen, falo de que se creen e se poñan en marcha dunha forma eficaz. Esa autoridade audiovisual ten que ser o garante de que o servizo público que debe prestar a corporación á sociedade galega se leve a cabo cos máximos estándares de calidade. Máximos estándares que sempre se nos di na comisión que xa están garantidos, pero, francamente, parece razoable que sexa unha autoridade independente a que diga que se están prestando os servizos cos estándares debidos, non que sexa o director xeral da propia corporación quen se encargue de tratar de convencer na comisión de que iso xa se está levando a cabo.

E para rematar a nosa proposición, introducimos un aspecto absolutamente relevante. E digo relevante porque falamos dun sector clave para a cultura galega, dun sector estratéxico como é o sector de produción audiovisual desta comunidade autónoma. Polo tanto, parece necesario que se introduza unha modificación na Lei 6 do ano 1999, porque fala nun dos seus artigos, no artigo 5º, apartado 3, de que «os poderes públicos garanten e promoven o pluralismo cultural no audiovisual». E ademais di: «potenciando o sector mediante o apoio a iniciativas educativas profesionais e industriais».

Pois ben, ¿falamos de algo que non se pode facer, de algo que hai que inventar? Non. Temos o exemplo da Televisión Pública Vasca, da ETB, que ten publicado o seu contrato-programa, que é o que tamén pedimos na nosa iniciativa, que é o que deberíamos ter publicado desde hai anos e non temos. E no contrato-programa da ETB, con respecto a determinados compromisos, fala no compromiso 9 de promover a industria audiovisual vasca e ser tractor das industrias culturais e creativas. E ten unha serie de compromisos asociados.

Vanme permitir —creo que aínda teño algo de tempo— exemplificar cun par de estándares que ten escritos este contrato-programa. Un dos compromisos é o compromiso de contratación de programas ao sector audiovisual vasco que asegure unha transferencia de recursos económicos e xeración de actividade económica nas industrias creativas e culturais vinculadas á televisión. Outro deles é o compromiso de contratación de dobraxe ao sector audiovisual vasco para asegurar unha transferencia de recursos económicos e xeración de actividade económica nas industrias creativas e culturais vinculadas á dobraxe. E digo estes dous porque a dobraxe ao galego ten sido obxecto tamén de extenso debate no seo da Comisión da Radio e Televisión de Galicia.

E non vou ler máis. A colaboración co sector audiovisual vasco, a través dun cluster que denominan Eiken, e cantas iniciativas se desenvolvan para a consolidación industrial do sector.

Todos sabemos —todos os que estamos aquí, con independencia de que participemos ou non na comisión— que o sector cultural é un sector precarizado ata extremos francamente difíciles de entender nunha sociedade razoablemente avanzada como é a sociedade galega. Unha sociedade que non aposta pola súa industria cultural é unha sociedade abocada á incultura; esta é unha obviedade que case, case, dá pena ter que dicir. Pero no caso do contrato-programa da Televisión Vasca que estou poñendo como exemplo, para este ano 2018 o compromiso que ten é de financiar 180 proxectos de programas recibidos de produtoras vascas, ¡180! Ten o apoio de financiar o cine vasco co 6 %, que é o que pedimos na nosa proposición de lei, na modificación da lei que propoñemos hoxe a este Parlamento. Ou, por exemplo, as horas producidas co investimento da ETB directamente ao cine vasco, dentro do 6 %, de 1.100 horas ao ano.

¿Por que poden os vascos, por que pode a Comunidade Autónoma Vasca, por que poden outras comunidades autónomas, ter un contrato-programa publicado, ter un estatuto profesional, ter unha televisión pública e unha radio pública, polo tanto, financiadas absolutamente —ou, sen ser absolutamente, si moi maioritariamente, como sabemos polas contas anuais que aínda revisamos no mes pasado—, ter estas comunidades autónomas un apoio absolutamente decidido e legal, porque está dentro do marco legal estatal, ao sector audiovisual propio da súa comunidade autónoma, e en Galicia non podemos facer o mesmo? Cremos, francamente, dentro do carácter construtivo que lles dicía ao inicio da miña intervención que ten a nosa proposta, que esta comunidade autónoma pode facer o mesmo que fan outras. Se é legal, se forma parte do seu grao de autonomía, que non teñen outro distinto ao noso, esta comunidade autónoma tamén pode facelo.

Polo tanto, o que pedimos é o apoio á toma en consideración destas modificacións legais. A maior parte —é certo— desta proposición xa se debateu neste Parlamento. Insisto, creo que hai un escenario distinto ao que deu lugar á votación en contra do Partido Popular no seu momento, pese a que tamén é certo que no pasado, cunha proposición non de lei de idéntico contido, tivo unha posición distinta. Pero as cousas funcionan en política desa maneira.

Nós propoñemos —insisto— esta toma en consideración porque cremos que podemos abrir un debate que estableza a Corporación de Radio e Televisión de Galicia en todos os seus ámbitos aos que fixen referencia na miña exposición, e que ademais garanta mediante lei o suficiente apoio orzamentario ao desenvolvemento do sector audiovisual de Galicia, que —como dicía antes— é un sector altamente precarizado e altamente necesitado da lexítima intervención pública, porque este Parlamento está para garantir que o Goberno leve a cabo políticas públicas eficaces e acertadas, e, francamente, consideramos que esta é unha delas.

E nada máis pola miña parte. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Para a rolda dos restantes grupos parlamentarios comezamos por dona Olalla Rodil Fernández, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día a todas e a todos.

Así, como un punto inicial, eu creo que vimos todas convencidas da casa. Veremos a ver cal é o resultado.

Antes de comezar, en primeiro lugar, desde o BNG o que queremos é amosar o noso apoio ás traballadoras e aos traballadores da CRTVG, que hai semanas iniciaron mobilizacións na defensa dos medios públicos deste país. O noso máis grande recoñecemento pola valentía amosada cada martes, cada xoves, e especialmente cada venres negro. Unha mobilización poderosa; (*Aplausos.*) tan poderosa que a dirección prohibe esa cor no plató. E por primeira vez na historia dos medios públicos audiovisuais do noso país motivou a dimisión de dous xornalistas, unha presentadora e un presentador do Telexornal. Decisión extremadamente difícil para calquera traballadora ou traballador, que se toma cando o ambiente é absolutamente irrespirable.

As traballadoras e os traballadores da CRTVG non defenden só os seus dereitos laborais. Os traballadores e as traballadoras da CRTVG non defenden só os seus postos de traballo. Están a defender un servizo público, un dereito fundamental das galegas e dos galegos, e unha radio e televisión de Galiza que son elemento chave na concepción deste país e ferramenta indispensable para a difusión da nosa lingua e cultura propias.

E digo valentía porque algúns dos profesionais que están a denunciar o incumprimento reiterado desde hai sete anos da Lei de medios audiovisuais públicos, e que cómpre lembrar que estaban en folga cando foi debatida e aprobada esa Lei 9/2011 nesta Cámara, esas traballadoras e eses traballadores saben cales son as consecuencias de denunciar o control político e a manipulación informativa porque a padecen en carne propia. Saben cales son as consecuencias que ten non calar, non transixir, non dobregarse e defender unha información veraz, plural e imparcial. Defender a misión de servizo público, en definitiva, da Corporación da Radio e da Televisión públicas de Galiza. Son conscientes de que denunciar esa manipulación e o control informativo págase, no mellor dos casos, facendo pasillos.

As cousas na CRTVG van mal e levan mal moito tempo, demasiado tempo. Pero tamén é de xustiza dicir que —polo menos desde o BNG— non nos sorprende nin o máis mínimo o que está a acontecer, que se vía vir. E alédanos —dixémolo no anterior debate cunha proposición de lei moi semellante a esta— que o Partido Socialista se decatase de que aprobar a Lei 9/2011 era un lavado de cara do Partido Popular, un lavado de cara. (*Aplausos.*) Da mesma maneira que o era —e quero ser sincera e absolutamente franca— o cambalache que asinaron pactando o Consello de Administración no mes de agosto de 2015 —cando o PP levaba catro anos incumprindo a Lei de medios audiovisuais públicos—, o Consello de Administración da CRTVG —lembrouse aquí pola mañá—, o Consello de Contas e a Valedora do Pobo, porque foi un tres por un. (*Aplausos.*) E esta lei leva incumpríndose desde os seis primeiros meses da súa entrada en vigor, ¡desde os seis primeiros meses da súa entrada en vigor!

Disposición transitoria cuarta. A elección da directora ou director xeral e demais membros do Consello de Administración deberá realizarse no prazo máximo de seis meses, ¡de seis meses! Déronlle vostedes naquel momento, no ano 2011, pilas novas ao mando a distancia con que o Partido Popular e o señor Núñez Feijóo controlan e dirixen a radio e a televisión públicas. Dixémolo hai sete anos e volvemos dicilo de novo agora.

O Partido Popular non quixo nunca, ¡nunca!, rematar co control político dos medios públicos; non quixo e non quere. Por iso se incumpre de maneira obscena a lei. ¿E saben por que? Porque lles vai estupendamente ben tal e como están as cousas. ¿Ía rematar co control gobernamental da CRTVG o Partido Popular e perder a posibilidade de colocar as súas mensaxes en milleiros de casas cada día? ¿Ía perder ese poder a Secretaría Xeral de Medios ou a secretaria —xa podíamos case acuñala— de propaganda? Non tiña intención ningunha o Partido Popular de que o Parlamento elixise a dirección xeral por 2/3. Puxeron a dedo a actual dirección xeral, ao señor Sánchez Izquierdo, no ano 2009, e fixérono interino, ata que canse, usando a porta traseira, a Lei de acompañamento dos orzamentos de 2016, e até hoxe.

Non tiña intención o Partido Popular de contar coa pluralidade da Cámara para aprobar o mandato marco, e é que ademais a Lei de medios de 2011 non o obrigaba, como así foi, e aprobouno en solitario no ano 2015. Non lle fixo falta ningún. Nin tiña intención ningunha tampouco o Partido Popular de aprobar os contratos-programa, que non se asinou nin o primeiro no que levamos deses sete anos transcorridos desde a entrada en vigor da lei. Estou absolutamente de acordo, ten moito que ver tamén co impulso e o motor que deben ser os medios públicos e a corporación na produción audiovisual do noso país, pero tamén —e é a parte máis importante— para fixar esa porcentaxe de xéneros en programación, que o que faría é quitarlles a capacidade actualmente á dirección e ao Goberno no que ten que ver coa definición e o deseño da grella informativa.

Tampouco tiña intención ningunha —e á vista está, que pola forza dos feitos vimos que así se cumpriu— de crear o estatuto profesional e o Consello de Informativos. Pero aquí tamén quero facer unha paréntese, porque ese estatuto profesional e o Consello de Informativos é encomenda do Consello de Administración. E a nós gustaríanos facer unha pregunta: ¿que é o que está pasando aí dentro? ¿Que leva pasando aí dentro desde que se renovou ese consello de administración no ano 2015, no que teñen representación tanto o Partido Popular como o Partido Socialista? Nin ten tampouco intención o Partido Popular, ningunha, de constituír esa autoridade audiovisual como ferramenta de control profesional e independente, alén de externo. ¿Cando viron vostedes a raposa coidar das galiñas? ¿Cando?

Falei de medios públicos. Dixémolo tamén no ano 2011 e volvemos repetilo agora: non serve para rachar as inercias e os vicios que levan instalados décadas, primeiro na Compañía e agora na actual Corporación. Eran precisas reformas estruturais, órganos de participación social, elementos de contrapeso, externos e independentes, que realmente vixíen que a Corporación e a Radiotelevisión pública de Galiza opera baixo os principios xerais para os que foi creada, por certo, principios que transcenden os servizos informativos e que están estreitamente ligados coa promoción e a difusión da lingua e da cultura galegas, e, sobre todo, cumprindo coa misión de servizo público e non de exaltación feijooniana cada vez que poñemos o *Telexornal*, servizo público que tiraron ao lixo 15 de outubro de 2017, cando nos tiñan a todas vendo o *Land Rober* mentres ardía o país polos catro costados.

Porque a CRTVG sostense con máis de 100 millóns de euros cada ano, dos que a práctica totalidade son públicos, son públicos e que pagamos —non nos cansaremos de dicilo— todas as traballadoras e os traballadores deste país. A CRTVG é de todas, non é do Goberno da Xunta de Galiza nin das organizacións políticas.

Imos apoiar a toma en consideración desta proposta de lei de reforma, conscientes de que o cumprimento e desenvolvemento da Lei de 2011 é unha demanda do cadro de persoal. Pero —insistimos— non vai solucionar todos os males nin vai desgobernalizar os medios públicos. Para iso o que precisaría este país é outra lei.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, pois triste vivir nunha época na que hai que pelexar por cousas evidentes, porque, efectivamente, non faría falta traer esta proposta de modificación de lei en realidade se se tivera cumprido coa obriga legal, como ten sinalado Xosé Manuel Pereiro sendo decano do Colexio de Xornalistas hai uns anos. A Lei de medios públicos debe poñerse en marcha de vez, toda xunta e non só as partes que máis interesan. Unha normativa é como unha engrenaxe que debe funcionar en conxunto, porque un coche con motor pero sen volante só está destinado a esnafrarse. E aquí estamos esnafradas.

Vaia por diante o anuncio do voto favorable de En Marea á toma en consideración desta proposta de Lei de modificación da Lei 9/2011, dos medios públicos, iniciativa que non pide moito máis que cumprir esa lei que aprobou en 2011 a maioría desta Cámara co obxectivo teórico de, entre outros —este era o obxectivo teórico cando se aprobou a Lei de 2011—, reforzar a independencia da Corporación Radio e Televisión de Galicia respecto do poder executivo, nada menos.

Máis de seis anos despois da entrada en vigor desta lei, as principais novidades precisamente que afondarían na independencia e calidade dos medios públicos son as que están sen cumprir. A única disposición —e poño entre aspas— «novidosa» da lei que se cumpriu, en parte e tarde tamén, foi ese nomeamento do Consello de Administración por parte do Parlamento de Galicia en 2015. Iso si, nomeouse antes de ter aprobado o mandato marco ese mesmo ano, que aprobou só o Partido Popular, cando debería ter sido un proceso paralelo. E no momento partiu —non podemos deixar de dicilo— dun pacto PP e PSOE deses seis dos sete asentos do Consello de Administración, excluindo, por certo —e cito textualmente—, «a pluralidade cultural, ideolóxica e política que está representada na Cámara galega» e, polo tanto, incumprindo en parte o artigo 13.2 da propia lei. Hoxe pois poden comprobar o que foi o pacto co PP tanto na Valedoría do Pobo como no Consello de Administración da CRTVG.

Pero, en fin, a máxima personificación da falta de desenvolvemento da Lei de medios públicos de comunicación é a permanencia no cargo do señor Sánchez Izquierdo, director xeral dende o ano 2009, que debera ter sido elixido por ampla maioría nesta Cámara. O PP blindou a Sánchez Izquierdo na Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña os orzamentos en 2016 —xa se ten dito aquí—, unha modificación de lei pola porta de atrás que amosa a nula vontade de consenso respecto dos medios públicos plurais que ten o Partido Popular; blindaron pola porta de atrás a Sánchez Izquierdo, xa vai case unha década.

Así pois, coincidimos cos obxectivos que pretende esta proposta de modificación da lei e que podemos resumilos, como fai a propia proposta, en aumentar a participación do persoal, a independencia editorial e de calidade, a independencia informativa e a defensa respecto de toda presión externa, governamental ou privada. Así pois, este proxecto, esta proposta que están a tomar en consideración céntrase en poñer prazos concretos e relativamente rápidos para executar de vez as disposicións legais que incidan na independencia da CRTVG. Repetimos: non faría falta ter que traelo.

Aínda así, pois tamén consideramos que poderíamos facer modificacións máis ambiciosas, cumprirían transformacións máis fondas en aras de garantir un funcionamento democrático da CRTVG e unha programación de calidade; en definitiva, para cumprir os obxectivos teóricos polos que se crean a Radio e a Televisión públicas deste país e que a día de hoxe pois continúan sen cumprir.

Mais anuncio: votaremos a favor desa toma en consideración. E ¿por que? Facémolo nun contexto en que se dan dúas circunstancias: unha é esa dixitalización, ese proceso complexo de reclasificación profesional, pero outra é tamén un arreciamento da manipulación informativa, sobre todo dende esa remodelación da dirección de maio de 2017.

Como nunca, estase a producir unha situación insostible dentro da CRTVG. O persoal, o seu persoal, a quen dende aquí amosamos o noso máximo respecto, denuncia o control e manipulación por parte do Goberno, amparándose no incumprimento de tantos anos desa obriga legal de crear, entre outras cuestións, un consello de informativos que vele pola obxectividade, incumprindo, polo tanto, ese artigo 36, que regula o estatuto profesional, e do que compartimos a súa importancia.

Estamos — nós cremos — nun verdadeiro proceso de desmantelamento da función de servizo público da CRTVG, e por iso amosamos o noso apoio a esas campañas dos «venres en negro», das distintas mobilizacións para denunciar ese arreciamento da manipulación informativa; por certo, manipulación informativa amparada nesa non creación do Consello de Informativos, mentres o señor Feijóo declaraba aos medios de comunicación que descoñecía que a lei o obrigaba a crear ese órgano. Descoñecía o señor presidente. Será que non importan moito os dereitos democráticos recollidos nas leis, que inclúen a necesidade de ter medios públicos plurais e independentes, ou será que non interesa que na CRTVG se fale das amizades perigosas, das viaxes pola ría en iate ou en barca — non sei — ou dos donativos empresariais ao Partido Popular ou dos lumes ou mesmo que se afonde no proceso de caciquismo dentro da Valedoría do Pobo.

Pero non é, efectivamente, a primeira vez que o persoal da CRTVG denuncia inxerencia do poder político. Lembremos que hai seis anos, cunha folga, reclamaban a aplicación xa desta lei, pedían a creación urxente do Consello de Informativos e pedían ese nomeamento, por unha ampla maioría da Cámara, do director xeral. ¿Como respondeu o PP? Blindando o director xeral pola porta de atrás.

Tamén lembremos — porque non o esquecemos — o outubro negro, non esquecemos os lumes deste país, que fixeron unha vez máis ao pobo galego ter que saír, ante unha emer-

xencia nacional, cumprindo o papel que debería facer o Goberno galego. Non esquecemos o outubro negro, pero tampouco esquecemos a manipulación informativa da CRTVG e como non se activou a programación especial ata por volta das 11 da noite, obviando un papel fundamental que era ter proporcionado unha información de servizo tanto na Radio como na TVG.

Así pois, aquí estamos, esnafrados —como dicía antes—. Agardamos que a toma en consideración deste proxecto de modificación de lei mellore esta situación. Certamente non a vai resolver de vez. O contexto —é certo, tamén o debatemos en numerosas ocasións na Comisión de Control da CRTVG— é complexo. É complexo porque hai unha situación global de tensión por uns medios de comunicación que están ao servizo de corporacións e grupos de presión mediática cada vez meirande, estanse dando transformacións tecnolóxicas, e sabemos que é complexo este contexto, pero precisamente neste contexto é cando o Goberno galego debería ter apostado máis claramente por uns medios públicos de calidade.

Pero, en cambio, como digo, o control político é férreo da información, cada vez é maior, e resalto que ten aumentado con esa remodelación da dirección do ano pasado. Por iso nos parece urxente esta proposta de modificación de lei, pois é urxente que se lle poñan prazos á creación do Consello de Informativos, que se poñan prazos a un necesario consenso para nomear o director ou directora xeral, en aras de que o ente público ofrezca unha información plural e veraz que garanta o dereito de acceso aos medios públicos de colectivos, organizacións políticas e sindicais e sociais, que elimine a censura das redaccións e que respecte o libre exercicio e a liberdade de conciencia dos e das traballadoras.

Lembramos tamén aquí que a situación é tan insólita que dúas persoas, dous profesionais, Tati Moyano e Alfonso Hermida, deixan o seu traballo de presentadores dos telexornais por discrepancia coa liña informativa. Dende logo a situación chegou ata tal punto. O incumprimento da lei é unha das causas de que a situación chegara a tal evidencia e a tal desmantelamento. ¿Por que? Nin contratos programa nin estatuto profesional, nin regulación das funcións da autoridade audiovisual, nin sequera o impulso á produción propia.

Poderíamos seguir tamén relatando incumprimentos da Lei de medios públicos, no que respecta, por exemplo, á promoción da lingua e do audiovisual. Por iso tamén concordamos nesa disposición que inclúe a necesidade de adicar o 6 % dos ingresos totais —e totais entendidos na súa totalidade—, porque é unha demanda do sector audiovisual, un sector non só necesario para a cultura, senón tamén para o emprego deste país, un sector fundamental. Pero tamén en canto á promoción de lingua e do audiovisual, sendo a CRTVG un elemento esencial de normalización do idioma nun país ao que lle faltan medios en galego, pois vemos cada vez os datos da lingua entre a mocidade e a infancia descender e ao tempo vemos o director xeral trasladarnos os datos de que só 2.000 persoas na franxa entre 4 e 24 anos viron a TVG en 2016. Non hai unha aposta por contidos de calidade para a mocidade e a infancia.

Pero, ademais, tamén un incumprimento a respecto da Lei xeral audiovisual de 2010 coas subtítulos que debe haber de programas para persoas xordas, porque, calculando as horas de emisión total, só acadan un 13,5 %, cando esta lei xeral fala dun 75 %.

En resumo, detrás están os recortes, pero, sobre todo, detrás está a falta de vontade política de ter uns medios públicos, porque vivimos nun país dos máis conflictivos de todo o Estado —isto era recoñecido pola propia Subdelegación de Goberno, do Partido Popular—, pero, en cambio, cando en lugar de adicar o tempo nas emisións —poñamos por caso— da TVG ás grandes mobilizacións como a que se produciu contra a mina de Touro, na que non houbo na CRTVG unha imaxe global na que se vira a magnitude de persoas que acudían a Santiago a manifestarse, en cambio si se adican minutos e minutos a ver como, por exemplo, os xabarís penetran no casco urbano de Cambre pois armando destrozos ou ben dicir as excelencias das cubas de granito para a denominación de orixe das Rías Baixas, ou ben se lle pon o micro a un tal Manolo de Xaniño, que o ano pasado, no informe sobre servizo público da CRTVG, resulta que era...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...a nova máis importante que se viralizara nas redes, e iso sería como positivo. A CRTVG pétao, claro que si; pétao poñéndolles o micro a machistas; non obstante, as mobilizacións ocúltanse.

Apoiamos esta proposta de modificación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Prégolles aos deputados, pois hai un murmuro que creo que molesta bastante a persoa que estea a falar, a todos —que vén de varios sitios, en distintos momentos—, que, se queren falar, poden ir fóra, que hai unha estupenda sala e sofás e sitios para poder falar.

Así que ten a palabra agora a señora Arias Rodríguez, por parte do Grupo Parlamentario Popular.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Eu hoxe non vou falar do Bipartito, non vou falar dese pretendido exercer a manipulación nos medios de comunicación que levaba a cabo o Bipartito. Hoxe, xa que vimos falar de medios de comunicación, vou falar unicamente de actualidade. E a actualidade faime pensar que a Lei 9/2011, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, é unha boa lei. É unha lei que adecúa as prestacións de servizo público da CRTVG ás novas exixencias do sector e dun mercado cada vez máis dinámico e innovador e que garante que este servizo público se leve a cabo con independencia e con profesionalidade.

Dende aquí tamén o meu apoio a todos os xornalistas que en todas as partes do mundo están exercendo o seu traballo e pretenden facelo con independencia e profesionalidade, tamén en todas partes de España.

Unha lei para unha Radio e unha Televisión públicas que no tempo da súa vixencia conseguiron solvencia económica e financeira, estabilidade laboral e liderado nas audiencias. Unha

lei que establece, entre outros principios, que o director será elixido polo Parlamento de Galicia pola maioría reforzada de dous terzos dos membros da Cámara, a mesma maioría que se require para o Consello de Administración, esa maioría que vostedes fixeron anacos en Madrid.

A vostedes non lles valía — señores do PSOE, señores de En Marea-Podemos — unha maioría reforzada, non lles valía unha maioría que fora absoluta, nin sequera unha maioría simple, nin sequera un concurso público. Vostedes o primeiro que fixeron cando chegaron ao Goberno foi facer un decreto para facer unha designación do director e do Consello de Administración á medida, un Consello de Administración e do director que satisfaga as ansias de poder de Sánchez, as ansias de control dos medios públicos de Iglesias e as ansias independentistas. Así é como fan vostedes as cousas. *(Aplausos.)*

E dígollelo claramente e sinceramente: eu estou orgullosa de que o Goberno galego, co que comparto siglas, en ningún momento tivera nin sequera a tentación de interferir de ningunha maneira no nomeamento do director e os órganos de goberno da CRTVG. *(Murmurios.)* Sinceramente, señores do PSOE, co espectáculo que vostedes están dando estas semanas en Madrid, cando menos chama a atención que hoxe se presenten aquí con esta iniciativa; en fin, alá vostedes. Para o Grupo Popular os medios de comunicación públicos son dunha independencia innegociable. Os medios públicos de comunicación non entran no mercadeo, en ningún tipo de mercadeo. O modelo de Televisión de Pedro Sánchez e Pablo Iglesias en Galicia non nos vale *(Aplausos.)*; en España, tampouco.

Non intenten vostedes importalo, non. Aquí o director da CRTVG elíxese no Parlamento, elíxese con maioría reforzada, e así é como queremos que se siga facendo. Por iso consideramos que esta lei é unha boa lei, unha lei na que queremos que se siga cumprindo como xa se está cumprindo, que se siga cumprindo —gustaríanos a todos— con maior celeridade.

Señor Álvarez, vostede xa o dicía tamén. Vostede recoñeceu aquí hai uns minutos que no proceso en que estaba a Compañía, a Corporación, nestes momentos era moi difícil avanzar máis; xa o dicía. Nós tamén queremos que se siga cumprindo. Pero, mire, dicir que non se fixo nada é mentir.

O día 1 de xaneiro de 2016 nacía a Corporación. Previamente, publicárase o mandato marco por unha vixencia de nove anos. En xaneiro de 2016 nomeábase o Consello de Administración por un tempo de cinco anos, por proposta dos grupos Popular e Socialista. Neste tempo aprobáronse as normas do regulamento interno do Consello, as normas reguladoras da emisión de publicidade, os criterios reitores da dirección editorial da Corporación. E na actualidade estase a traballar na elaboración do estatuto profesional e o Consello de Informativos, algo que lle compete facer ao Consello de Administración. E, segundo di a lei —porque nós si cumprimos a lei—, no artigo 18, «os membros do Consello de Administración, no exercicio do seu cargo, actúan con independencia e neutralidade, sen que poidan recibir instrucións, directrices ou calquera outra clase de indicación do Goberno, da Administración, dos partidos políticos ou doutras institucións ou entidades». Non parece, polo tanto, razoable —en función do que di a propia lei— que desde aquí lle queiramos poñer prazos.

Non é razoable, señora Rodil, a non ser que vostede considere que cando lle apetece si se poida intervir e iso non sexa manipulación, e cando non lle apetece, non. Porque a vostede non lle parecía manipulación vir aquí pedir que se cambiara a programación da CRTVG e que se cambiara desde fóra, non desde dentro. Iso non lle parecía manipulación, ¿non?

E a verdade, señora Verao, falou hoxe aquí vostede de tristeza. Tristeza deberíalle causar a vostede o xeito en que pretenden facerse coa Radio e Televisión Española; iso si lle debería causar tristeza. Claro que, en definitiva, o único que fan é dar cumprimento aos desexos que o señor Iglesias xa manifestou aquí na Coruña; foi aquí mesmo en Galicia onde o dixo. Dicíao xa no 2013 e explicaba como é mellor controlar unha televisión autonómica —el referíase a Canal Sur— que unha consellería; dicía: «*La Consejería de Turismo para ti, a mi dame los telediarios, dame uno de los telediarios al día y tú te dedicas a gestionar los campos de golf de Andalucía, que dan muchos puestos de trabajo y todo lo que tú quieras*»; iso dicíao el. E dicía tamén a Galicia Ano Cero: «*Si alguien los tiene que tener —os medios—, tiene que estar controlado por una cosa que se llama Estado*»; e, claro, conseguíuno.

Xa o dixo Ana Pardo de Vera nun *tweet* o pasado día 29 de xuño —e sigo lendo literalmente—: «*El lunes me llamó Pablo Iglesias para decirme que el presidente Sánchez y él habían alcanzado un acuerdo para que los nombramientos de Radiotelevisión Española dependieran de Podemos. Quería que yo la presidiera provisionalmente*». ¡Pobre!, foi unha das que despois de saír e volver, e borrar mil e pico *tweets*, pois parece que non vai ser elixida.

En fin, estas son as cousas que se dicían.

E a señora Verao tamén falaba de manipulación. Claro, nas últimas semanas foron imputados por corrupción oito concelleiros de Podemos e de Izquierda Unida, foron detidos por corrupción unha ducia de cargos públicos do PSOE de varios sitios, foi detido o presidente da Deputación de Valencia, o partido de Pablo Iglesias converteuse xa na formación política con máis cargos públicos imputados de toda España. ¿De canto diso se falou na Televisión Española? Imos minutar, imos ver aquí canto tempo se lle dedicou. (*Murmurios.*)

Pero imos seguir coa iniciativa que sorprendentemente nos trae hoxe aquí o PSOE. Falaba de contrato programa. Aquí xa falamos e na comisión tamén moitas veces —e vostedes estaban de acordo— de que, cos problemas de fiscalidade que teñen neste momento as televisións autonómicas, non é o momento máis axeitado para o contrato programa.

Polo que se refire ao financiamento do sector audiovisual galego, falaba vostede aquí, señor Álvarez, da Televisión vasca e dese 6 %; un 6 % —segundo vostede di e é certo— que cumpre a Televisión vasca, pero tamén cumpre a Televisión autonómica galega dende os seus inicios, incluso superado ese 6 %.

Noutro dos apartados do punto 7 vostede pedía tamén que se ampliara o tipo de ingresos nos que se facía conta para ese 6 %. Unha vez máis sorprende que vostedes hoxe manteñan esa petición cando saben perfectamente que o día 28 de xuño —agora mesmo— o Tribunal Supremo desestima o recurso de casación interposto por Agapi contra unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Por certo, unha proposta que vostedes seguro que co-

ñecían ben, porque, casualmente, baseábase nun informe elaborado no seu día polo hoxe voceiro do PSdeG e asinante desta proposición de lei, Joaquín María Fernández Leiceaga.

En fin, dende o PP apostamos por este modelo de Radio e Televisión pública afastado do control, un modelo cunha xestión económica e financeira solvente, con débeda cero, cun superávit mantido xa durante nove anos consecutivos.

Xa sei, señor Álvarez, que a vostede non lle gusta nada que se fale de audiencias. Pero é que, mire, os medios de comunicación públicos, para cumprir o obxectivo para o que foron creados, teñen que ter audiencias, porque, se non, non chegaríamos á xente que quere o noso obxectivo. E as audiencias din que a TVG no 2017 tivo unha cota pantalla do 10,4 no total do día; é a televisión máis vista na franxa dos informativos, e, no conxunto de España, a segunda televisión máis vista...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...despois da catalá, en canto a televisións autonómicas.

Polo tanto, a nosa aposta é por seguir desenvolvendo esta lei, que consideramos unha boa lei, e, por suposto, que se faga coa maior celeridade dentro das posibilidades existentes. Por iso non podemos votar a toma en consideración desta proposta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Arias.

Ten o turno de réplica, por parte do grupo autor da proposición non de lei, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas de novo, señor presidente.

Por ir por orde de intervención, señora Rodil, ben, evidentemente, o feito de que eu vexa un estatuto profesional publicado co debido consenso por parte dos profesionais da Televisión e da Radio eliminaría a problemática á que vostede fixo referencia.

Claro que se deron conta todos vostedes, porque, á fin de contas, a todos se nos presupón certa capacidade política. Eu fixen unha primeira intervención relativamente chamada ao consenso, non a confrontar con ningún dos grupos da Cámara, vese que con pouco éxito e con distinta intensidade na falta de éxito. No seu caso, ben, non lle gusta a lei, é posible.

Eu creo que é unha lei válida; pode non gustarlles, pero ímola aplicar na súa totalidade, que era o que viñamos pedir aquí con esta proposición, esta petición de toma en consideración desta modificación da lei. E, a partir de aí, ¿quen nos impide, a un Parlamento, modificar unha lei se vemos que hai aspectos desa lei que non funcionan? Ninguén, evidentemente.

Agradezo, en todo caso, igual que no caso da señora Vázquez Verao, o apoio a esta iniciativa. Estou de acordo co que dixo a señora Vázquez Verao con respecto á inxerencia do poder po-

lítico, evidentemente, pero digamos que non formaba parte da miña liña argumental nesa primeira intervención, chamada a buscar, de forma estéril, un consenso para apoiar esa lei.

Señora Arias, teño a mesma sensación que tiña ás veces cando me dedicaba a dar clase de Matemáticas polos institutos de Galicia adiante. Cando, despois de estar explicando durante unha hora algunha cousa, chegaba ao día seguinte e algún alumno me facía unha pregunta, eu preguntábame: ¿que dixen eu na semana anterior? ¿De que estivemos falando aquí? ¿Estivemos falando do mandato do director xeral? ¿Estivemos falando de contratos programa? ¿Estivemos falando do estatuto profesional? ¿Estivemos falando da creación da autoridade audiovisual, do Consello de Informativos, do 6 %? ¿Ou estivemos falando doutra cousa?

¿Como se atreve vostede a dicir que non hai inxerencia política na Radiotelevisión de Galicia, señores e señoras deputados —sobre todo aos do Partido Popular—? (*O señor Álvarez Martínez mostra unha fotografía.*) Esta é a captura de pantalla dunha emisión da Televisión de Galicia ao mediodía onde se ve un cidadán facendo unha alusión ao Partido Popular que faleceu por corrupción; isto foi ao mediodía; (*O señor Álvarez Martínez mostra outra fotografía.*) esa mesma noticia pola noite non ten cidadán nin cidadá, nin pancarta nin *pancarto*, ¡non ten nada! (*Aplausos.*)

Señora Arias, vostede... (*Murmurios.*) ¿Que lle pasa ao señor Veiga? ¡Está burlándose! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Non, non, non. Falaba do señor Veiga, que debe de estar hiperventilando, porque fai unha serie de movementos que me están empezando a preocupar; non sei que problema ten.

Esta é a realidade da non inxerencia política na Televisión de Galicia. É obvio, ¿non? ¿Como vai haber inxerencia? ¡Claro que non! Isto foi meramente un accidente.

Falaba vostede —e non teño tempo, evidentemente— da situación da Radiotelevisión Española. Non teño tempo, porque, aínda que o tivese aquí, non tería tempo de ler todas as veces que o Partido Popular no Goberno do Estado pediu informes cando se estaba a piques de chegar a un acordo para renovar os órganos da Radiotelevisión. Había que pedir un informe detrás doutro, ¡sabiámolo todos! ¿Como vén vostede falar do problema que houbo para o nomeamento equivalente ou nomeamentos equivalentes na Radiotelevisión Española. ¡*Por el amor de Dios!* En fin... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non ten nada que ver, efectivamente, non ten nada que ver.

Di vostede que eu teño un problema con falar de audiencias. Non, o problema non é que eu teña un problema con falar de audiencias; o problema son as audiencias, que están baixando. Non é que o diga eu, é que o din os datos, e vostede sábeo. Eu non teño ningún problema. ¡Oxalá non fora verdade que están baixando as audiencias da Radiotelevisión de Galicia!

¿E veu aquí gabarse de que a Corporación ten débeda cero? Pero ¿como non a vai ter? ¿Como non a vai ter se cando ten algún problema financeiro e débeda acode a Xunta de Galicia,

como é a súa obriga, a equilibrar a situación económica da Corporación? ¿Como non vai ter débeda cero? ¡Home, por favor! De verdade, tivo vostede hoxe unha intervención francamente desafortunada, porque veu aquí dicir algunhas cousas —aínda que eu entendo que ten que defender—: que non hai que dar présa, non hai que cumprir a lei tan rápido, temos tempo, á fin de contas só levamos uns cantos anos de atraso... Pero ben, tamén é verdade que hai un refrán...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...—remato— que di que «o que tiña présa tamén morreu».

Grazas polo seu apoio, señores do Partido Popular. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Pasamos ao seguinte punto.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, pola que se regula a publicidade sanitaria e sociosanitaria de centros e actividades na comunidade autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a presentación da proposición de lei ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Benvidos aos nosos convidados e convidadas que hoxe seguen este debate á espera de que pase este trámite esta proposición de lei que presenta hoxe En Marea.

Concluímos hoxe aquí coa presentación desta proposición de lei un traballo, un traballo de escoitar as demandas de profesionais, de persoas usuarias de servizos sanitarios, e de acumular exemplos durante os últimos anos de traballo, fundamentalmente na Comisión de Sanidade, que evidenciaban a necesidade de regular a publicidade sanitaria e sociosanitaria no noso país.

A nosa Comunidade Autónoma non conta con ningunha lei que regule a publicidade de servizos sanitarios que poida ofrecer un particular ou unha empresa. Existe na actualidade un decreto, o 97/1998, do 20 de marzo, para este fin, pero trátase dunha norma moi limitada e certamente obsoleta —ten xa vinte anos—, con escasa aplicación práctica á hora de fiscalizar as posibles fraudes e con nula participación das e dos profesionais do control desas posibles fraudes.

Diversas son as motivacións que temos para presentar esta proposición de lei, que vou trasladar de maneira somera.

A primeira, e que motiva hoxe gran parte dos nosos convidados e convidadas no público e os colectivos e colexios profesionais, é fundamentalmente o intrusismo profesional en materia sanitaria.

Durante os últimos anos non son poucas as veces que algúns colexios profesionais, como pode ser o de Fisioterapia, o de Podoloxía, o de Psicoloxía, ou asociacións, como a Asociación de Matronas, entre outras, teñen denunciado en múltiples ocasións a proliferación de falsos servizos profesionais ou de formacións fraudulentas por falsos profesionais de cursos que realmente non ofrecen ningún título oficial nin tampouco son impartidos por ningún tipo de persoa que teña titulación sanitaria.

O intrusismo profesional é un delito que está tipificado no Código penal, no artigo 403, que prohibe e regula as penas do exercicio de actos propios dunha profesión sen posuír o correspondente título e derivados do exercicio desta actividade, da súa publicidade ou de facelo nun local aberto ao público.

Non obstante, todos e todas podemos comprender que a tipificación no Código penal non significa de por si que existan mecanismos ao dispor dos e das profesionais e das persoas usuarias para denunciar e para que a Administración sexa proactiva á hora de perseguir as fraudes que se cometen en materia de intrusismo.

Hai máis dun ano era o Consello Xeral de Dentistas o que urxía a Xunta de Galicia, reunida ademais creo que co presidente da Xunta de Galicia, a regular a publicidade sanitaria cunha lei específica para a Comunidade Autónoma. Solicitáballe ao presidente un texto que garantise a calidade asistencial, a saúde da cidadanía, evitando as mensaxes enganosas e velando pola información rigorosa, comprensible e veraz sen que existise a posibilidade de engano.

Hai un par de meses era o Colexio de Podoloxía o que advertía, por poñer un exemplo, da proliferación de tendas ou de negocios de material deportivo que interferían nas competencias profesionais con supostos estudos de pisada. Este é só un exemplo de todos os casos de intrusismo denunciados por parte de profesionais sanitarios. A Xunta afirmaba o ano pasado tamén neste pleno que tiña realizado a Inspección sanitaria trinta actuacións contra o intrusismo profesional, sen definir de que se trataban esas actuacións.

A cifra, obviamente, é irrisoria a todas luces, porque soamente e, por poñer un exemplo, o Colexio de Psicólogos e Psicólogas deste país ten trasladado que ten aberto no ano pasado trinta e un expedientes en materia de intrusismo. Se a estes sumamos os de anteriores colexios e asociacións profesionais que acabo de nomear e seguramente moitos outros, faise evidente que non se están a facer todos os esforzos necesarios pola Administración, e esa é a primeira motivación pola que presentamos esta proposición de lei.

A segunda motivación é a loita contra a ausencia de información suficiente sobre tratamentos nalgúns centros ou por parte dalgúns profesionais relacionada cos efectos secundarios ou cos propios tratamentos.

Temos trasladado aquí, e tamén na Comisión 5ª, as denuncias efectuadas por algúns colectivos, como pode ser o de afectados e afectadas pola cirurxía refractiva, denuncias que non teñen sido tidas en conta por parte da Administración sanitaria, que tamén foron desprezadas na Comisión de Sanidade deste Parlamento, e, non obstante, a pesar da extensa documentación probatoria entregada, referida ás secuelas de moitas persoas, non se ten feito

caso e, con todo, ten motivado expedientes por parte da Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial (Autocontrol).

Recentemente, hai tan só un mes, tense declarado na súa sección 1ª, en relación con parte das denuncias efectuadas sobre a publicidade enganosa, que algunha destas clínicas realizaba efectivamente publicidade enganosa e obrigouse a retirar esa publicidade e a pagar as custas a algunha destas clínicas. Nós non queremos que sexa un organismo privado, sen prexuízo da autorregulación que poida querer facer o propio sector, o que teña que facerse cargo de algo tan elemental como o dereito á saúde das persoas e a garantía que teñen as persoas que acoden a unha clínica ou ao servizo dun particular á hora, evidentemente, de someterse a un tratamento que consideran que é axeitado no seu momento; deben ter a información necesaria.

E, en terceiro lugar, a terceira motivación pola que tamén presentamos esta norma —e que dalgunha maneira xustifica a inclusión da denominación «socio sanitaria» tamén no texto, e por iso o vou explicar— sería o necesario control daqueles servizos tanto sanitarios como socio sanitarios de clínicas e de centros que se ofrecen mediante publicidade con referencia aos servizos sanitarios.

Temos por caso moitos dispositivos e negocios de carácter social e temos denunciado aquí a proliferación de moitos negocios privados en materia de atención social no noso país, como poden ser residencias, fogares de maiores, centros de día, centros de atención a persoas con diversidade funcional ou cognitiva, que, en moitos casos, dispoñen tamén de servizos sanitarios dentro da súa posible carteira. A nós parécenos que non poden quedar fóra do control deses servizos sanitarios que ofrecen en xeral á poboación á que se dirixen.

O pasado ano denunciabamos na Comisión 5ª, por poñer un exemplo, un caso que significaba un paradigma dentro da publicidade enganosa en materia de sanidade, pero en materia dun servizo socio sanitario: un fogar residencial de maiores que ofrecía uns servizos sanitarios cos que finalmente non contaba. Nós recibimos esta denuncia porque finalmente eran os profesionais do Sistema público, do Servizo Galego de Saúde, os que se tiñan que facer cargo da atención a esas persoas maiores. Trasladámolo á Comisión 5ª e non foi tido en conta. A Consellería de Sanidade fixo caso omiso e, finalmente, sorprendentemente, foi a Consellería de Política Social a que tivo que abrir un expediente a este fogar residencial. Desgraciadamente a día de hoxe, porque temos coñecemento por parte dos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde, a situación segue sendo a mesma e séguense ofrecendo unha serie de servizos que non existen.

Nós entendemos que ningunha empresa privada pode xogar coa saúde das persoas que están acudindo aos seus servizos e que, obviamente, teñen que someterse ao mesmo control tamén se son de carácter social pero teñen servizos sanitarios dentro do seu haber, como acabamos de trasladar; poden ser residencias ou centros de atención de persoas con diversidade funcional.

Polo tanto, nós entendemos que estes aspectos todos non poden estar sen controlar ou sen ter un rigor no seu control, e presentamos, polo tanto, este texto.

Para traballar este texto obviamente atendemos diversas regulacións existentes no Estado sobre o tema: o decreto previo e vixente do ano 1998, tamén da nosa Comunidade Autónoma, que redactou por aquel entón a Xunta de Galicia; a Lei 2/2012, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias; por suposto, a Lei 8/2008, de saúde de Galicia; e a Lei 14/1986, xeral de sanidade, como principios de consagración práctica do dereito á saúde; o Estatuto de autonomía, que regula as competencias en materia sanitaria; a Lei 34/1988, xeral de publicidade; e o Real decreto lexislativo 1/2007, do texto refundido da Lei de consumidores e usuarios.

Igualmente, como dixeran, observamos o funcionamento obviamente e as eivas dos textos vixentes nas diferentes comunidades autónomas que teñen regulado este dereito á protección ás persoas usuarias e este dereito á protección dos profesionais contra o intrusismo profesional e as recomendacións que recibimos durante todos estes meses dos e das profesionais sanitarios.

Establecemos desde o noso grupo un período de consulta pública, na que enviamos o texto para a súa participación a colexios profesionais, asociacións, sindicatos, asumindo a maior parte das recomendacións feitas sobre o propio texto.

Eu teño que agradecer enormemente o traballo e a opinión dos colexios profesionais e dos profesionais que decidiron participar e traballar con nós, porque, aínda que é un texto discreto, non é unha regulamentación excesivamente ampla, é de enorme interese e enorme importancia para loitar precisamente contra ese problema tan grave do intrusismo profesional, e estamos vendo —e meses atrás xa o debatemos aquí nalgunha ocasión— xuízos que se dan a posteriori cando seguramente se podería ter intervido moito antes sobre a publicidade que se ofrecía deses servizos sanitarios.

A novidade maior que ofrece este texto é o artigo 4, autorización administrativa previa, porque o decreto funcionante ata agora, do ano 1998, por parte da Xunta de Galicia, establecía a posibilidade de que esta autorización administrativa se puidese regular, pero en ningún momento se fixo así. Esa autorización é a que condiciona a posible publicidade sanitaria e sociosanitaria, o control da Administración e o control das e dos profesionais. ¿Iso que significa? Que para poder facer publicidade dun servizo, dunha clínica, dunha atención, vai ter que pasar unha autorización administrativa para poder facer esa publicidade, e iso vai eliminar en grande medida —evidentemente, non será ao 100 % seguramente— unha parte relevante da posibilidade dese intrusismo ou desa publicidade enganosa.

Nesta norma no artigo 7 defínese como se debe facer esa solicitude administrativa para publicidade sanitaria e no artigo 10 definimos unha comisión de control de publicidade, composta por dezanove vogais, con representación da Administración, da universidade, dos doentes, de sindicatos, consumidores e colexios profesionais. Evidentemente, se esta norma pasa o trámite, está suxeita ás opinións e ás valoracións dos grupos sobre a súa composición. Funciona noutras comunidades autónomas algunha comisión semellante. Nós queríamos que tivese moita máis participación o elemento cidadán, máis que o peso da Administración, como acontece noutras comisións, e parecíanos relevante que puidera ser consultada precisamente pola participación que teñen que ter os profesionais e as profesionais no seu criterio

fundamentalmente sobre intrusismo, pero tamén no outro que acabo de explicar, sobre a posible publicidade enganosa.

Así que é relevante como organismo de control e vixilancia non só para a realización de informes, senón tamén entendemos que pode ser o organismo que se encargue desa vixilancia da publicidade, é dicir, que poida actuar de maneira proactiva para evitar os casos que vimos de definir e que denuncian habitualmente os colexios de profesionais.

E, en resumo, engadindo o propio réxime sancionador propio do dereito administrativo no noso país, é unha proposta de norma que intenta —e vou rematar xa—, resumindo, protexer, en primeiro lugar, os dereitos das e dos profesionais. A xente fai moito esforzo para estudar as súas carreiras, os seus ciclos de formación profesional, para ter unha formación axeitada e de acordo coa evidencia científica. Entendemos que debe ser evitado o intrusismo profesional. Entendemos tamén que a nosa Comunidade Autónoma ten competencias e ten traballo suficiente para dicir que ten que protexer o dereito destas persoas a realizar a súa profesión sen ningunha intromisión.

E, en segundo lugar, as persoas usuarias deses servizos sanitarios e sociosanitarios, ás que se pretende protexer tanto da publicidade enganosa dalgúns servizos que non teñan o resultado que se ofrece como evidentemente de falsos ou falsas profesionais ou falsa formación que realmente non teña a garantía de protección á saúde, consagrada tamén no noso Estatuto de autonomía.

É posible, señorías, que os grupos parlamentarios observen a necesidade de complementar este texto, de aportacións, ou incluso a discrepancia con algún punto neste texto. Xa digo: intentamos facelo da maneira máis participada posible, pero entendemos que é a ponencia, unha ponencia deste Parlamento, a que ten que debater e discutir sobre o contido para darlle a maior utilidade posible para protexer estes dereitos que acabo de trasladar. E, polo tanto, esperamos que os grupos parlamentarios voten a favor desta toma en consideración, para que sexa precisamente no marco desa ponencia no que pulamos o texto e lle deamos a súa redacción final.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Por parte do resto dos grupos parlamentarios ten a palabra a señora Prado Cores, en representación do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Tamén saudar as persoas que nos acompañan hoxe seguindo este debate.

E, efectivamente, a publicidade enganosa é un problema da nosa sociedade. Ben é certo que non afecta só os profesionais, as profesións e os produtos do ámbito sanitario, mais neste caso ten unha especial relevancia porque o que está en xogo é a saúde, incluso a vida das persoas, e, polo tanto, é preciso actuar para protexelas.

A publicidade enganosa e o intrusismo expoñen a cidadanía a graves riscos, mais tamén a unha importante indefensión ante unha mala praxe nas consecuencias directas e ante unha posible reclamación das súas consecuencias. No sector da saúde os medios de comunicación masivos xogan un papel importante. Os contidos mediáticos crean e consolidan condutas, crenzas, valores, moitos dos cales van dirixidos a influír sobre consumidores, sobre consumidoras. Sobre todo as grandes corporacións atopan na publicidade, a través dos grandes medios de comunicación, o mellor aliado para vender os seus produtos, a maioría das veces non precisos para a saúde e moito menos para a vida.

A preocupación por esta situación da publicidade enganosa, do intrusismo, das malas prácticas en actividades directamente profesionais, directamente sanitarias ou pseudosanitarias, é patente en moitos colectivos. Algún deles, efectivamente, téñense posto en contacto cos grupos parlamentarios aquí neste Parlamento para trasladarnos a súa preocupación a respecto de diversas cuestións e, nomeadamente, da que nos ocupa. Fisioterapeutas, podólogos, odontólogos e outro tipo de colectivos puxéronse en contacto con nós para trasladarnos a súa preocupación pola proliferación destas malas praxes; unha situación que ten consecuencias, efectivamente, directas para os profesionais, para as profesionais, pero tamén —e non é menor— para os usuarios. E dende un punto de vista das cuestións físicas, das que acabo de falar, outros colectivos, como o Colexio de Psicólogos e Psicólogas, tamén nos teñen trasladado aspectos vinculados á súa actividade. Profesionais que non teñen en moitos casos habilitación nin capacitación para desempeñar esas prácticas que ofertan. E iso ten, por un lado, a competencia desleal, evidentemente para os profesionais, e, logo, as consecuencias para as persoas que reciben estes servizos, cando un dos obxectivos fundamentais ten que ser protexer a poboación deste tipo de prácticas.

É relativamente fácil encontrar nas webs contidos pseudocientíficos non acreditados, na maioría dos casos incluso perigosos, agochados por detrás de publicidades enganosas, de dobre sentido, co cal a salvagarda da saúde, da seguridade dos doentes e dos cidadáns queda en entredito. Pseudociencia, produtos milagre, falsas terapias e intrusismo, evidentemente, teñen que ser combatidos.

A publicidade enganosa non soamente é un delito, senón claramente unha fraude. E por iso ofrécese resultados moitas veces que non é posible asegurar. Os prezos finais moitas veces non son os que se di que son nos anuncios. Trátase a saúde non como un dereito, senón como un ben de consumo. E é evidente que debemos protexer a saúde, ao igual que a protección, como un ben dos máis prezados.

Dende logo, nós cremos que hai que controlar a publicidade sanitaria. Os cidadáns que teñen unha enfermidade son especialmente vulnerábeis, son facilmente presa desta publicidade e xéranlles expectativas que na maioría dos casos logo non se poden verificar, e moitas veces son sometidos a sobreatamentos innecesarios e con sobrecustos que tampouco son necesarios, e cremos que efectivamente hai que regulalo.

Eu tamén quero dicir, chegado a este punto, que esta regulación é precisa. Avanzo, evidentemente, que imos apoiar esta toma en consideración, que tamén cremos que, despois da toma en consideración, se se vota favorablemente —e cremos que si, que sería bo, que hai

que abordar aspectos—, hai que enriquecelo con aspectos como o tema da internet, das redes, que non está neste texto inicial, e cremos que neste momento a través destes formatos é un aspecto moi importante da publicidade que se emite.

Tamén é un aspecto moi importante que, habendo regulación escasa, tamén sería suficiente para actuar se se quixera actuar no aspecto da inspección, e non se está actuando; hai unha normativa —xa digo— non suficiente, pero, coa que hai, non se está actuando de xeito suficiente.

Hai máis ou menos un ano o Partido Popular traía a esta Cámara unha proposición non de lei onde intentaba botar balóns fóra a que fora o Goberno do Estado o que regulara, cando Galiza ten competencias e aquí estamos agora debatendo a toma en consideración dunha proposición de lei, co cal se demostra que hai competencias pero que non se quixeron exercer, nin se quere actuar coa contundencia que se pode facer.

Co cal se demostra que a normativa é necesaria, pero logo hai que ter a vontade política de querer exercela e realmente querer actuar para combater esta publicidade enganosa e o intrusismo. E, efectivamente, hai outras comunidades que teñen regulación: o País Vasco, Navarra, Asturias, Murcia e Aragón, onde se teñen feitos os deberes, e nalgúns casos dende hai moito tempo, no caso do País Vasco dende o ano 1991; ou sexa, que xa choveu, xa fixeron renovación de normativas.

Con isto o que quero dicir é que hai elementos moi potentes, sobre todo no campo da publicidade e das grandes corporacións, que queren poñer o freo a que se regule e sobre todo a que logo se aplique a normativa. Aí é onde está realmente o problema. E que, dende logo, dende o BNG ao que queremos instar é a que se tome en consideración esta normativa, que a enriquezamos —creo que é posible facelo—, pero que, sobre todo, despois haxa a vontade política de facer un seguimento e de actuar na postaprobación da normativa, que é onde realmente está a cuestión.

Porque os intereses mercantilistas, en xeral, en todo o que afecta a saúde, están aí, e a publicidade comercial no ámbito sanitario, na venda da saúde como un produto de mercado, onde se nos vende, se nos deseña un mundo fabuloso fundamentado na filosofía da felicidade; a felicidade é ter un corpo 10, un sorriso de Hollywood, unha cute tersa..., e onde logo todo iso se empaqueta adecuadamente e se vende adecuadamente como saúde e como mercancía e dende as administracións se colabora entusiasticamente a acadar ese obxectivo.

E xa digo que cunha regulación non suficiente había mecanismos para actuar en caso de querer facelo. Se ata o de agora non se fixo, é porque realmente non se quixo facer na medida do que era realmente necesario facer, a pesar de que —insisto, e hoxe están aquí representantes de moitos deses colectivos— se insistiu moi entusiasticamente en que era necesario facelo. Puxéronse exemplos de casos que estaban acontecendo, incluso coa colaboración da Administración, e trouxéronse a este Parlamento exemplos de entidades que estaban facendo un uso indebido e que, a pesar diso, a Xunta de Galiza lles estaba aportando fondos e subvencións para a súa actividade, cando estaban facendo un uso indebido da mesma.

Co cal —insisto— o BNG vai votar a favor desta toma en consideración desta proposición non de lei, e intentaremos no trámite logo de ponencia facer as nosas aportacións. Pero logo tamén insistiremos en que, despois desa aprobación, se faga un seguimento e, sobre todo, se poña moita énfase na fase de inspección.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Bo día tamén ás persoas que nos acompañan na tribuna para un debate interesante.

Nós consideramos dende o Grupo Socialista que é un debate realmente relevante e que necesita de regularse e de mellorar a situación para protexer non só os usuarios senón especialmente tamén os profesionais.

Cremos que este é un debate que merece unha atención especial. Por iso en realidade esta Cámara ten xa tido debates previos sobre esta cuestión. O noso grupo presentou unha proposición non de lei, unha interpelación e logo unha moción nesta Cámara sobre o intrusismo. Existiu unha proposición non de lei do Partido Popular sobre publicidade sanitaria especificamente. E —a verdade— cremos que é necesario regulalo, porque estamos falando dunha cuestión, da publicidade sanitaria e do intrusismo, que afecta cuestións moi específicas e que atenta contra algo moi perigoso, que é a confianza dos usuarios. Situacións difíciles persoais que se resolven a través de supostos profesionais pseudocientíficos que se aproveitan das debilidades e das circunstancias difíciles das persoas, para, a través de métodos que non están para nada validados e que non teñen ningunha evidencia científica de validez, poder aproveitarse das dificultades que pasan as persoas.

Nós —xa o adiantamos— apoiaremos esta toma en consideración. Matizarei algunha das cuestións que nós cremos que durante o seu procedemento poderían ser debatidas, porque cremos que poden ser interesantes, pero cremos que é necesario ter a oportunidade de debater.

Hai, ademais, dende o noso punto de vista, un aparente posible consenso nesta cuestión. Nos debates que citei anteriormente e nas posicións que todos os grupos teñen manifestado nesas e noutros debates anteriores, existiron algunhas cuestións que compartimos en común. Houbo agora unha exposición da situación legal bastante clarificadora por parte da ponente. Compartimos basicamente —como dicían as propostas anteriores— a necesidade de mellorar a normativa, unha normativa que é necesario actualizar, que é necesario que teñamos máis concreción, que se pode —como dixo tamén a voceira do Bloque Nacionalista Galego— traer con maior énfase a necesidade de adecuala ao ámbito autonómico, e existe esa necesidade de mellorar.

Existe tamén a necesidade de dar máis participación ás sociedades científicas. Non en van estamos defendendo a evidencia científica e o método científico como método de traballo. E existe un problema de engano e de risco sobre os usuarios. Por suposto, existe un problema de fraude fiscal e existe un problema sobre os profesionais, sobre a valía e a imaxe que ten a súa profesión, pero tamén existe ademais un problema de engano e de risco. Niso todos estabamos de acordo nos últimos debates, e cremos que esa é unha base moi importante para que todos os grupos da Cámara puideramos aprobar esa toma en consideración e, a partir de aí, debater sobre a posibilidade de mellorar ou pulir —como se dixo aquí— esta proposición de lei.

Existen, no entanto —e dende o noso grupo vemos necesario reflectilo neste debate—, algunhas discrepancias. Nós, dende o Grupo Socialista, consideramos que existiu certo desamparo por parte da Xunta de Galicia sobre usuarios e profesionais. Vou citar tres casos. No primeiro caso, cabe lembrar —porque aquí se citou como se fora unha anécdota e incluso desprezando o feito de que se mencionase— que o Igape, dependente obviamente da Xunta de Galicia, fortaleceu, axudou, contribuíu ao desenvolvemento dalgunha empresa que se dedica a anunciar prácticas para as que non ten autorización, para as que non ten habilitación científica. A única escusa que se deu é que a Xunta de Galicia non ten por que entrar nos anuncios e no que fai calquera empresa á que axuda. Nós consideramos que é imposible considerar que se poida axudar unha empresa nova se non existe unha comprobación clara de que se está facendo aquilo que se anuncia dicir. Foi unha denuncia feita por un colexio profesional, neste caso de fisioterapia, que non recibiu, realmente, resposta por parte da Xunta de Galicia.

No debate sobre a interpelación que o noso Grupo Socialista —que eu tiven oportunidade de defender aquí ante o conselleiro de Sanidade— fixo sobre o intrusismo, insistiuse en que non había tantas denuncias en Galicia sobre esta cuestión, e citouse naquel momento que entre o 2015 e o 2017 houbera trinta denuncias sobre intrusismo. É difícil soste algúns datos así cando nun só ano, un só colexio profesional —e hai varios exemplos: o de psicoloxía ou o de fisioterapia—, presentou máis de trinta denuncias. Díxose aquí que en tres anos se presentaron só trinta en toda Galicia sobre todas as profesións, e non é certo. Creo que é moi difícil manter un debate sólido se se terxiversan os datos, cando ademais son moi facilmente comprobables.

En terceiro lugar —e creo que isto tamén ten certa relevancia comentalo—, foi citada aquí unha certa culpabilidade atribuída aos profesionais. ¡Nada máis lonxe da nosa consideración! Pero cremos que é importante lembrar para saber que tipo de posicións debemos combater.

Citouse aquí no seu día tamén, por parte do conselleiro, algún artigo científico que dicía literalmente: *«la responsabilidad, aparte de la personal que recae en cada uno de los mercachifles que venden humo, compete a los científicos, incapaces de educar y divulgar bien sobre aquello que hacemos»*. O noso grupo non considera que a culpa sexa precisamente dos que fan ben o seu traballo, ¡faltaría máis! É certo que tamén aquel artigo di: *«señala también a los políticos, que parecen ignorar que la pseudociencia no es solo una majadería alarmante, sino que debiera ser considerada como un fraude»*. Nós estaremos extremadamente contentos de non considerar isto como unha fraude.

E vémonos obrigados a citalo porque é certo que unha das vantaxes que ten o cambio de Goberno de España é a posible loita contra as pseudociencias. E aquí quero tamén facer un pequeno inciso. Non hai moito, hai moi escasos meses, o Ministerio de Sanidade estaba regulando en favor de pseudociencias e permitindo cuestións como a homeopatía —por citar unha, probablemente, das máis coñecidas—. Incluso facilitando que non se cubriaran as taxas que se deben cubrir por outros medicamentos, e estar perdendo para o Estado 1,2 millóns de euros. E ademais —o que é moito máis grave—, habilitando e considerando como métodos validados a homeopatía, cando non o é.

Dende o noso punto de vista é un debate conceptual. Por sorte, unha das consejeras que naquel momento máis loitou contra isto no Consello Interterritorial foi a da Comunidade de Valencia, que hoxe é ministra de Sanidade. Por iso celebramos que as pseudociencias teñen un punto moi difícil que sobrepasar agora, perante este Goberno, que non tiñan ante as dúbidas e incertezas do anterior; por sorte, hai temas nos que imos avanzando neste país.

Conceptualmente —dicíamos—, ¿cal é o debate, por tanto, que estamos dando? O debate é loitar contra o reaccionario —tamén no ámbito científico—; o debate é loitar contra aquilo que non respecta a evidencia científica; o debate é, basicamente, soste que na sanidade son precisos os profesionais sanitarios.

Isto parece algo moi obvio, pero non é tan obvio vendo a realidade actual. Temos que ser conscientes da realidade e ser contundentes. Non é posible admitir os discursos antivacinas que se dan con moita facilidade dende moitos lugares. Eu lembro aínda non hai moito a televisión pública validando un presentador que falaba de que as vacinas producen algún tipo de enfermidades, e ¡ata me dá vergoña repetir as súas palabras! E non pasou nada.

Hai que desterrar do debate científico os chacras, os reikis, o flow, os sacerdotes, a homeopatía. A ciencia sostense con ciencia, con métodos científicos. E por iso —e a pesar de que algún dos que citei son financiados polo sistema público dentro do Sergas— nós cremos que a sanidade é para os profesionais sanitarios, porque son os que nos garanten a calidade da atención. Tamén fóra do sistema público debemos de protexer aqueles que, sen ser parte do sistema público, contribúen ao noso sistema sanitario a través dos seus negocios, a través das súas empresas. Pero que o deben facer —e hai que exixírllelo porque o fan moi ben— é exixirles que o fagan con toda a regulación na súa man, con toda a capacidade e a formación que teñen, que é moi boa. E, por tanto, debemos protexelos a eles tamén.

Así que, en definitiva, nós imos apoiar esta toma en consideración. Cremos —como dicía— que hai algúns matices que é necesario facer, e no escaso tempo que me queda quería explicar algúns deles para que no proceso se poida debater sobre eles.

Creemos que é interesante debater sobre a necesidade de regular as ofertas e a publicidade que se fai sobre algún dos métodos que se avalían, pero non negar a posibilidade de que exista oferta e recursos publicitarios sobre iso. Porque o problema non é o recurso publicitario nin a oferta, senón que o problema é sobre que se fai. Se aquilo sobre o que se fan ofertas non está validado e é un método que non debemos validar, por suposto, debemos de prohibilo. Pero non debemos de prohibir calquera porque poden existir métodos, ou incluso

propostas de *marketing* dalgún método moi validado dalgunha clínica, incluso dende o propio sistema, que poden ter as súas propias campañas e que deben ser validadas nese sentido.

Queremos que a comisión de control —que é unha idea con real interese— debara ter algún debate, primeiro, sobre a súa composición. Nós cremos que está moi ben orientada, pero é posible que existan grupos que consideren a necesidade de revisar esa composición. E tamén, en certa maneira, se debe ser vinculante ou consultiva. Aparentemente, a formulación legal que se propón dálle un carácter máis consultivo, pero en certa cuestión poderíamos debater se ten que ser nalgúns puntos vinculante e noutros non; se sempre consultivo, se sempre vinculante. Debara ser un debate que nós cremos importante.

E tamén cremos, por último, que deberíamos regular en que situación queda o Instituto Galego de Consumo e da Competencia, que ata o de agora tiña algunhas das competencias a este respecto. Está visto, polo caso do Igape, que non ben exercidas, pero debemos tamén clarificar cal é a súa competencia real e en que situación queda. En todo iso cremos que é posible avanzar.

Pero volvendo ao principio, e para pechar a nosa intervención, si cremos que existen espazos para o acordo, foi demostrado así polas intervencións, polas posicións, que os grupos defenderon. Creemos que é unha boa oportunidade para defender isto e alegrariámonos de poder darlle continuidade a esta proposta. Nós imos votar a favor, co convencemento de que en realidade, se todos temos demostrado puntos de acordo, cremos que os puntos en desacordo son matizables e son traballables. Por iso, dende o noso grupo, non só ese apoio á toma en consideración, senón toda a nosa vontade en traballar para unha lexislación que —insistimos— cremos especialmente necesaria e nunha situación moi preocupante. E cremos que, a partir de aí, podemos traballar todos xuntos para conseguir algo mellor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

Saúdo tamén os compañeiros sanitarios que nos acompañan na tribuna.

O marco normativo polo que se regula o réxime xurídico da publicidade comprende tres tipos de normas: normas que teñen por obxecto regular a actividade publicitaria en xeral; normas sectoriais, máis específicas, sobre aspectos concretos da publicidade e dos bens ou servizos obxecto da regulación; e normas que regulan os diferentes medios de comunicación, debido a que neles se incide sobre a publicidade.

A exposición de motivos da proposición de lei que nos explicaron ten como obxecto ampliar e reforzar o marco lexislativo polo que se ten que rexer a publicidade de produtos, centros e

actividades sanitarias e sociosanitarias en Galicia. Cabe sinalar que nos antecedentes da proposición de lei presentada non só non se mencionan todas as normas legais de carácter xeral de aplicación, senón que tampouco se fai mención das normas sectoriais. Neste senso, é significativa a ausencia de referencia do Real decreto 1907/1996, sobre publicidade e promoción comercial de produtos, actividades ou servizos con pretendida finalidade sanitaria, xa que este constitúe a principal norma regulamentaria de carácter básico vixente na actualidade.

Tampouco se fai referencia á normativa básica, tanto estatal —o Real decreto 1277/2003— como autonómica —o Decreto 12/2009—, en materia de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios. A pesar da importancia que no articulado do texto se lle dá á publicidade dos ditos centros, servizos e establecementos sanitarios. Do mesmo xeito, tampouco se menciona a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias. Tamén vostedes teñen as estipulacións do texto que contén respecto de publicidade de profesionais sanitarios.

É certo, evidentemente, que o mercado dos produtos e servizos sanitarios trata de seguir crescendo coa utilización de distintas técnicas comerciais, e a publicidade adquire un papel fundamental nos últimos anos como difusor de información sobre determinados produtos e servizos, co fin de favorecer a captación de novos consumidores pacientes. Isto fai que en moitas ocasións —máis das que queremos— a publicidade non só non cumpra cos mínimos requisitos legais senón tampouco cos exigibles e desexables nun ámbito tan delicado como é a saúde das persoas.

Este é un problema que lle preocupa ao Partido Popular, e quero recordarlles que neste mesmo salón de plenos presentamos o 17 de maio do pasado ano unha PNL na que instamos o Parlamento de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que mellorara e clarificara a regulación de publicidade sanitaria no relativo a centros, establecementos, bens e servizos, para evitar anuncios enganosos; limitando especialmente todo aquilo que puidera constituír un risco para a saúde; e, por suposto, contando cos colexios profesionais para isto. Toda a oposición se abstivo nesta votación.

Para evitar estas situacións, a Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, regula no artigo 3, de actividade publicitaria, a actividade publicitaria ilícita, para evitar a creación de situacións conflitivas e a causación de danos e prexuízos, tanto na saúde das persoas como na súa esfera patrimonial. A publicidade de materiais e produtos sanitarios queda reflectida no seu artigo 5.

Con base nesta norma, a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou o Decreto 97/1998, do 20 de marzo, polo que se regula a publicidade sanitaria na comunidade, que ten como obxecto o control da publicidade sanitaria, así como calquera outra que no ámbito territorial da comunidade autónoma realicen os centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais, así como os profesionais da sanidade; e, en xeral, a desenvolvida por calquera persoa, pública ou privada, no exercicio dunha actividade comercial, industrial, profesional ou doutra índole, que por calquera medio teña como finalidade promover, de forma directa ou indirecta, a contratación de bens, actividades ou servizos susceptibles de repercutir positiva ou negativamente sobre a saúde das persoas.

E é importante sinalar que o actual marco lexislativo permite desenvolver e aplicar as axeitadas medidas de inspección e control sobre todas aquelas mensaxes publicitarias que quebran os principios de transparencia, exactitude e veracidade impostos pola normativa xeral e sectorial de aplicación. O texto da proposición de lei que hoxe traen aquí está composto por 20 artigos, 1 disposición adicional, 1 disposición final, 1 disposición derogatoria e 1 anexo.

Comezamos polo artigo 1, o obxecto da norma; e o artigo 2, que fala da regulación da publicidade sanitaria e da publicidade sociosanitaria. Falábase aquí da necesidade e da diferenza entre centros sociosanitarios e centros sanitarios. Considérase que a distinción entre publicidade sanitaria e sociosanitaria non responde a unha necesidade da realidade actual, xa que os centros sociosanitarios están sometidos aos criterios de autorización dos centros e servizos sanitarios, e, así mesmo, requiren a acreditación hospitalaria con base no establecido no artigo único da Orde do 28 de novembro do 2012. Non existe diferenza entre o obxecto desta disposición de lei que hoxe traen aquí e o obxecto do Decreto 97/1998, do 20 de marzo, polo que se regula a publicidade sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto ao ámbito de aplicación, que se recolle no artigo 3 e no anexo, dicir que a redacción do artigo 3 resulta inconcreta e confusa, xa que este artigo remite ao anexo da proposición de lei, e o dito anexo consta dunha relación de tipos de centros, servizos e establecementos sanitarios mesturada con distintas ofertas asistenciais, sen que con tal relación se poida entender a que se fai referencia coa expresión —e vou ler textualmente— «a todos aqueles que teñan como finalidade a prestación de servizos sanitarios e sociosanitarios».

Cómpre sinalar que, respecto do réxime de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, a autorización previa de funcionamento dos centros sanitarios recóllese no Real decreto 1907/1996, e que a finalidade deste é protexer a saúde dos consumidores. A publicidade dos centros sanitarios, así como dos servizos, e a prestación que prestan, debe de axustarse ao contido da autorización previa de funcionamento concedida pola autoridade sanitaria da Comunidade Autónoma.

Respecto da autorización administrativa previa, dicir que non se especifica na dita proposición que órgano é o que concederá a autorización solicitada. Indícase que as autorizacións concedidas serán inseridas no Rexistro de publicidade sanitaria e sociosanitaria dependente da Subdirección Xeral de Inspección, Autoría e Acreditación de Servizos Sanitarios e que terán unha vixencia de cinco anos. Na Comunidade Autónoma de Galicia, antes da entrada en vigor do Decreto 97/1998, do 20 de marzo, xa se exixía a autorización administrativa previa para toda forma de publicidade dirixida a promover a contratación directa ou indirecta de bens, dereitos, obrigacións e servizos que realizasen as persoas físicas e xurídicas.

Respecto da Comisión de publicidade sanitaria e sociosanitaria, a proposición de lei establece que a Comisión manterá como un dos seus principios reitores a axilidade na tramitación e resolución das solicitudes. Sen embargo, a súa función é a emisión de informe na tramitación das solicitudes, non tendo ningunha atribución na resolución do procedemento, o que supón unha inconcreción no propio texto proposto.

No referente ao rexistro de publicidade, dicir que xa existe un rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios, e considérase que a creación deste rexistro crearía duplicidades intraadministrativas e conculcaría a exixencia de aplicación dos principios de eficacia e de eficiencia administrativas.

Con base en todo o exposto, consideramos que a proposición de lei que propoñen hoxe, lonxe de reforzar o marco xurídico en materia de publicidade sanitaria, incorre en imprecisións e falta de concreción, polo que do seu contido literal non se desprende ningunha mellora con respecto ao marco lexislativo actual.

O reforzamento do control da publicidade que se pretende coas figuras formuladas na proposición de lei, tal como o establecemento dun procedemento de autorización administrativa previa á creación da Comisión de Control de Publicidade e o establecemento dun rexistro de dita publicidade, non son figuras novas no ordenamento xurídico galego nesta materia, xa que estiveron en vigor con anterioridade á aprobación do citado Decreto 97/1998, do 20 de marzo, polo que neste senso a proposición de lei non achega nada novidoso.

Nós mantemos a nosa postura da PNL que anteriormente lles mencionei e que nós presentamos no pleno de maio de 2017. Pensamos que a normativa ten que ter un cambio, e ese cambio ten que vir de nivel estatal. Pedimos isto ao anterior goberno e seguímoslle pedindo ao novo Goberno do Estado, de España, o que pediamos nesta mesma PNL.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Réplica. Grupo autor da proposición de lei, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer aos grupos da oposición o apoio a esta proposición de lei e o traslado, efectivamente, desas observacións e dese enriquecemento que se esperaba se o grupo maioritario tivese decidido votar a favor da toma en consideración. Efectivamente, temos un campo de estudo bastante difícil, non só en materia sanitaria, senón en xeral, relacionado coa utilización das redes, da internet e sobre o control que se fai da propia publicidade.

É certo que a inspección é outro elemento máis que podería actuar de maneira mellor sobre a publicidade e sobre a propia autorización das actividades sanitarias e dos centros sanitarios, pero entendemos que regular e actuar sobre a publicidade que se emite vai favorecer ou vai previr que nalgúns casos poida chegar a facerse efectivo o caso do intrusismo ou, evidentemente, da publicidade enganosa.

Sobre o que traslada o Partido Socialista, efectivamente, habería que determinar esa competencia do Instituto Galego de Consumo e Competencia —valla a redundancia—, en relación con como se fai ese control ou cales son as competencias que quedan dos organismos.

En todo caso, efectivamente, o marco da Ponencia onde discorren, debaten e se fan as propostas nesta materia.

Lamentamos profundamente que o Partido Popular teña que utilizar escusas para non regular en contra da fraude dalgún servizo sanitario e en contra do intrusismo profesional. Lamentámolo profundamente, porque os profesionais que nos botaron unha man ou que deron a súa opinión non son de ningún grupo político, senón que traballan polo ben das súas profesións, e existe na actualidade unha lagoa bastante relevante en materia de regulamentación da publicidade sanitaria. Se o Grupo Popular entendía que o texto tiña que ser mellorado, o que debería facer é votar a favor da súa toma en consideración e introducir durante a Ponencia as melloras ou as propostas que consideren nesta materia. Resulta bastante incomprensible que lle reclamen ao Ministerio de Sanidade o que o Goberno autonómico non é quen de facer.

Temos un decreto vixente realmente obsoleto. Vostedes levan no Goberno xa camiño dunha década e realmente non fixeron absolutamente nada por regular algo no que teñen competencias; competencias transferidas en materia sanitaria, que veñen determinadas no Estatuto de autonomía e na Constitución, pero competencias que, ademais, motivan que se puidese regular precisamente mediante ese decreto do ano 1998, porque, se non existisen competencias, vostedes non poderían regular... —daquela o Goberno do señor Fraga— nesa materia. Tampouco podería pasar o trámite esta proposición de lei, porque os servizos xurídicos da Cámara non a poderían aceptar. Sen embargo, vostedes, en vez de poñerse do lado das e dos profesionais e dos dereitos das persoas que acoden aos servizos, o que fan é escudarse nas competencias do Ministerio.

Miren, neste país existe un principio que se chama de xerarquía normativa, e non é, dende logo, contradictorio que o Ministerio reforce a loita contra a publicidade enganosa ou a fraude mediante unha revisión das normas que restrinxen ou que regulan este tipo de publicidade e que evitan o intrusismo profesional dalgunha maneira; non é, dende logo, excluínte. E sen prexuízo de que se lle poida solicitar ao Ministerio, vostedes poderían facer uso das súas competencias en materia de sanidade, de saúde e en materia de publicidade. Feito que motiva tamén que teñamos unha lei autonómica en materia de publicidade de xeito global nesta comunidade autónoma. (*Fortes murmurios.*) —Hai moito ruído—.

Polo tanto, non existe ningunha escusa política nin tampouco xurídica para votar en contra da toma en consideración desta proposición de lei, senón a vagancia dun goberno que non quere facer o seu traballo en materia de regular a publicidade sanitaria. Fanlle un fraco favor non ao noso grupo, dende logo, non á totalidade dos grupos da oposición, senón á loita contra o intrusismo profesional, porque, dende logo, nin sequera con este elemento serviría simplemente para loitar contra el; fan falta tamén, efectivamente, medios na inspección, fai falta moito traballo para perseguir esa posible fraude, e, desde logo, lamentamos moitísimo que se escuden hoxe en escusas para defraudar os profesionais e para obviar as súas responsabilidades en materia de regulamentación do dereito á saúde no noso país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Rematado o debate dos textos lexislativos, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Imos votar o ditame, os votos particulares e as emendas.

Comezamos votando os votos particulares números 1 e 2 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación dos votos particulares número 1 e 2 do G. P. do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 55.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes votos particulares do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación das emendas números 1 a 3 do G. P. de En Marea ao Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 55.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas do G. P. de En Marea.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o ditame da Comisión, neste caso non se incorporaron os votos. Advírtese a todos os deputados que se require maioría absoluta, segundo o artigo 163.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Votamos este ditame.

Votación do Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: E agora, aprobado este ditame, procede a fixación do número de membros da Cámara para a defensa da proposición de lei perante o Congreso dos Deputados.

(O señor Bará Torres pide a palabra.)

Señor Bará, ¿para que quere a palabra? Déanlle voz ao escano do señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Tal como explicamos no debate, pedimos a retirada deste punto, en primeiro lugar, por unha cuestión formal, porque non se tratou na Xunta de Portavoces, e tamén porque pensamos que hai marxe de tempo para poder chegar a un acordo sobre esta cuestión.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Require o apoio dalgún dos outros grupos?

O señor BARÁ TORRES: Si, de retirada.

O señor PRESIDENTE: ¿Require o apoio dalgún dos grupos?

(O señor Villares Naveira pide a palabra.)

¿Si, señor Villares?

O señor VILLARES NAVEIRA: Os de En Marea non nos opoñemos á proposición do señor Bará.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Non se opoñen... ou sexa, apoian esa proposta. *(Murmurios.)*

¿Algún portavoz máis?

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

¿Si, señor Puy?

O señor PUY FRAGA: Se hai dous grupos que representan a maioría da oposición que prefiren pospoñer esta elección, nós no temos ningún inconveniente, como non o teríamos en votar agora. Eu si que non me opoño á proposta do Bloque e de En Marea.

O señor PRESIDENTE: Eu aquí explicaría que o Regulamento di, segundo me informaron os letrados aquel día, cando isto se tratou na Xunta de Portavoces... (*Pronúncianse palabras que nonse perciben.*) Ao final xa leva implícito o que iríamos facer agora, que, tendo en conta que non se opón ninguén, non o imos facer. Pero quero deixar claro que a actuación, tanto da Presidencia como dos letrados, é a correcta. Claro, porque, se non, quedaríamos sempre coa dúbida de que... Entón, neste caso... Eu xa saben que son moi de deixarme levar polos letrados... (*Murmurios.*) ...para non equivocarme. Noutros parlamentos xa sabemos que non se fai así, pero eu non vou meterme agora nisto. Polo tanto, non votamos. Queda, polo tanto, adiada esa cuestión.

Agora votamos a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual en Galicia.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, pola que se regula a publicidade sanitaria e sociosanitaria de centros e actividades na comunidade autónoma de Galicia.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, pola que se regula a publicidade sanitaria e sociosanitaria de centros e actividades na comunidade autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as 16.00 horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e dous minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión, co punto terceiro da orde do día, de comparecencias.

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar das demandas propostas por Galicia en relación coa reformulación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, coñecido como FEMP, e os traballos levados a cabo para a súa consecución

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra a conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, boa tarde a todos.

Comparezo hoxe nesta Cámara para dar conta da proposta e da situación de partida dun elemento clave no devir do noso sector marítimo-pesqueiro e da nosa cadea mar-industria e que reside no apoio orzamentario na súa aposta pola competitividade.

Sen dúbida, diante de nós e do noso sector ábrese un campo de debate de decisión no eido europeo de suma importancia para o noso futuro. Temos ante nós catro eidos de traballo que incidirán de xeito directo na nosa actividade e que se centran, primeiramente, no *Brexit*, cunha afectación importante sobre a frota de Gran Sol e as Malvinas, e cunha influencia clara sobre a comercialización dos produtos do mar. En segundo lugar, no marco regulamentario, con destacada influencia no día a día da actividade pesqueira, e que ten nas modificacións do Regulamento de control e do de medidas técnicas os seus máximos expoñentes. En terceiro lugar —pero non menos importante—, situáramos a aplicación da prohibición dos descartes e a consecución do rendemento máximo sostible, cuestións que se entrecruzan e que son claves para a nosa pesca. O cuarto elemento reside nese aspecto orzamentario europeo e que ten que ver coa modificación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, ten que ver con esa modificación do FEMP e ten que ver moito con Galicia, porque o avance desta en materia marítimo-pesqueira non se entende sen a ferramenta orzamentaria europea e o FEMP non se entende sen Galicia.

Esta importancia recíproca revélase en datos que din que Galicia é a parte máis importante da Europa pesqueira. Posuímos o 5 % da frota, xeramos o 10 % do emprego marítimo-pesqueiro europeo, desembarcamos o 11 % da pesca fresca da Unión Europea, producimos o 14 % dos produtos acuícolas en Europa e somos a principal rexión en produción de conservas de peixe e marisco. Con todo, creo que o dato que exemplifica esa importancia é o que relata o peso do valor engadido obtido polo sector, xa que a proporción é vinte e cinco veces superior en Galicia que no conxunto da Unión Europea.

Xa que logo, este peso ten que ter —e ten— traslado ao ámbito orzamentario. Galicia dispón para este período de 487 millóns de euros asociados ao FEMP, dos cales 371 proceden directamente de Europa e os restantes 116 son achegados polo Estado e pola Xunta de Galicia.

Son os termos comparados os que lle dan realce a esta cifra global, xa que Galicia dispón de máis fondos que vinte e un dos vinte e oito Estados membros, moi cerca na súa contía de países con importancia pesqueira como Grecia ou Portugal. Incluso hai que destacar que esta importancia e peso clave ten maior influencia que no pasado, xa que o resultado da negociación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca levounos a avanzar na repartición porcentual no contexto español, pasando dun 44 % no período 2007-2014 ao 51 % no 2014-2020.

Por todo isto, creo que é importante que o Comité das Rexións, de entre os seus trescentos cincuenta membros, escollese Galicia para elaborar a proposta do novo FEMP. ¿Que debería ser? ¿Que debería conter? Este recoñecemento non é menor, e creo que así o debemos reflectir no día de hoxe. Pero, para dilucidar cal debe ser o camiño do FEMP despois do 2020, teremos que facer primeiro o que calquera bo navegante faría: determinar cal é a posición, ver que temos diante de nós, para así conformar un bo rumbo.

Isto é o que se fixo, e como posición de orixe temos un Fondo Europeo Marítimo e da Pesca que dispuxo para execución directa polos Estados membros de 5.749 millóns de euros en favor do sector pesqueiro europeo e cuxos obxectivos básicos están centrados na consecución dunha pesca e dunha acuicultura sustentables, na mellora e avance da recompilación de datos e do sistema de control, no apoio ao desenvolvemento costeiro sustentable e na xeración e aplicación dunha política marítima integrada.

Ademais, non debemos esquecer que esta situación de partida ten elementos que fan necesario ese cambio e circunstancias que motivan moitas das cuestións que debemos integrar neste rumbo. Entre estes elementos que debemos corrixir antes de saír, estaría, en primeiro lugar, a consideración actual da aplicación do FEMP, dado que a súa posta en vigor foi tardía e iso provocou o consecuente atraso no proceso de disposición, execución e aplicación dos montantes económicos. En segundo lugar, a inadecuada definición dos obxectivos do FEMP, que adoecen de falta de claridade e suman confusión, o que trouxo consigo unha falta de enfoque ante os desafíos xerados por cuestións como o rendemento máximo sostible ou a minoración dos descartes. Esta situación de confusión e tardanza motivaron e motivan aínda que a cifra de execución global do fondo sexa baixa, cifrándose nun 8 % a finais do 2017 e mellorando de forma lenta no que vai do 2018. Neste senso, España atópase na media de execución da Unión Europea e Galicia ten moito que ver nesa situación, xa que máis do 90 % dos fondos que se levan certificados no conxunto do Estado son do FEMP galego.

Tendo esta situación de partida, deberemos determinar que cuestións se sitúan pola nosa proa e cales nos poden obrigar a navegar con coidado. Sen dúbida, existen dúas cuestións claves nesta determinación de influencias: por un lado, o *Brexit*, que cambia o escenario de forma dobre, ao afectar parte das achegas, por ser o Reino Unido un contribuidor neto ao orzamento comunitario e por ser tamén receptor de fondos para un sector ligado á pesca forte e importante. Por outro lado, o novo marco financeiro plurianual tamén achega un elemento definitorio do noso rumbo, xa que a previsible contracción económica do mesmo pode ter unha influencia importante neste novo rumbo que queremos para o FEMP.

Xunto a estes elementos fundamentais, teremos que poñer todos aqueles retos que nos atanquen. Por un lado, a situación práctica do sector en termos de actividade, como a disposición

de cotas ou variación nos custos, e, por outro lado, o impacto de asumir e aplicar novas normas, como as derivadas dos regulamentos de control, de medidas técnicas ou mesmo de elementos tan importantes como a obriga de desembarque de todas as capturas.

Tendo en conta todo isto, Galicia formulou unha proposta que definía un claro «si» á posibilidade de contar cun novo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca. «Si» rotundo a un fondo que necesitamos por canto tamén a Unión Europea necesita deste sector en termos sociais e económicos. Tamén debe ser un «si» en canto a que entendemos que os fondos anteriormente aplicados á pesca teñen funcionado: IFOP, FEP e incluso este FEMP, que empeza pouco a pouco, todos teñen sido positivos para o sector se o vemos en perspectiva.

Sabemos que, en termos cuantitativos, sobre todo en emprego e buques, non podemos competir co pasado, pero, se sacamos unha foto cualitativa ao sector, o avance que ten acometido nos últimos vinte e cinco anos a pesca europea e tamén en Galicia, se temos en conta as cifras de descarga e valor da pesca, este avance ten sido innegable. ¿E como se conseguiu? Pois, en boa maneira, grazas a estes fondos.

O que si pretendíamos facer valer era un «si» a un fondo que debe ser específico para a pesca, o marisqueo, a acuicultura e a cadea mar-industria, como tamén para o desenvolvemento costeiro e o avance da economía azul nas nosas costas. Un fondo que debe contar cunha parte de carácter horizontal e xenérica, para atender retos comúns a todos os espazos costeiros e a todos os Estados membros, pero tamén cunha parte, fundamental e prioritaria, destinada a adecuarse a cada sector en cada país.

Entre os comúns denominadores que debería ter a aplicación dese fondo nos Estados membros terían que estar varios obxectivos claves para toda a pesca europea e que se poderían resumir en cinco prioridades que Galicia cre que son fundamentais para avanzar e mellorar no futuro. Primeira —e indispensable—, atender ao relevo xeracional; este relevo xeracional é o elemento clave do futuro e está baseado nel o apoio de fondos en cuestións como a formación e a calidade de vida a bordo dos buques pesqueiros. A segunda, centrando de novo apoios para a adecuación do esforzo pesqueiro, con dedicada atención ás consecuencias das medidas de regulación do mesmo, xa sexan de forma temporal ou definitiva. A terceira, enfocada ao apoio da mellora de organización e ao reforzo do espírito de colectividade dos bens comúns, a estes bens que hai no mar e nas costas, de cara a poder mellorar a súa explotación e a súa xestión. A cuarta, destinada a afrontar o sostemento dunha transformación competitiva de forma especial fronte á presión foránea e sabendo sempre que o peche de fronteiras é a opción non permitida e non recomendada. A quinta —tamén importante—, a continuidade e a expansión do apoio á diversificación e complementación económica do sector, especialmente en zonas costeiras rurais, opción na que Galicia ten feita unha aposta moi firme; é dicir, reforzar as estratexias de desenvolvemento local participativo.

Pero a existencia dun fondo específico non debe obviar a importancia de coordinar esforzos dentro e fóra do fondo. É necesario dirimir entre se este fondo debe ser estanco na súa execución ou se poderemos e deberemos xerar sinerxías e integrar esforzos. Creamos en Galicia —e así o compartiron todas as rexións europeas— que o espírito que debe presidir este novo fondo debe estar rexido por dúas palabras: sumar e integrar. Debemos sumar as sinerxías

que nos ofrecen outros fondos, tales como o Feader, o Feder ou o Fondo Social Europeo. E por iso o novo fondo debe procurar a suma de sinerxías e integrar a capacidade doutros fondos sectoriais, especialmente co referido ao específico da economía azul Horizonte 2020, co fin de lograr xerar postos de traballo adicionais e crecemento económico mediante investimentos intelixentes en empresas innovadoras e orientadas ao futuro.

Pero unha das principais preguntas debe tamén estar centrada na propia definición do fondo. Para Galicia, aplicar este novo fondo debería ir acompañado de dous adxectivos na súa definición: simplificado e adaptado. Simplificado, porque, arrancando da inicial complexidade que se lle impón desde Europa á xestión dos fondos, únese a aplicada a cada nivel estatal e rexional pola normativa sobre subvencións e axudas públicas. Adaptado, porque a regulamentación deste fondo polas mesmas liñas doutros fondos e a súa rixidez normativa e a falta da adaptación ao sector e á súa operatividade pode dar lugar a situacións de desaxuste entre as necesidades e as posibilidades de apoio.

Queremos que o fondo sexa eficaz, e para iso, alén de que teña fins claros e de ser simplificado e adaptado, debemos asegurar que chegan os fondos ás prioridades, fomentar a eficiencia na súa aplicación e conseguir un efecto multiplicador destas axudas. A experiencia dinos de forma xeral que o impacto da achega económica europea sobre a actividade marítimo-pesqueira e sobre o ámbito territorial costeiro pode variar sensiblemente en función das ferramentas a través das cales se canalice o fondo, ademais de xerar diverxencias en canto ao resultado final.

Por iso o seguinte paso neste proceso de definición dunha postura ante a necesidade de reformular o FEMP débese centrar na súa aplicación, é dicir, como aplícalo, a quen dirixilo, onde aplícalo. E entre esas aparecen varias dicotomías: escollendo entre axudas directas ou instrumentos financeiros, dirimindo entre o establecemento ou non de acotacións para as grandes empresas ou en base á súa actividade —xa sexa esta comercializadora, transformadora ou extractiva—, delimitando ou non límites económicos e territoriais do fondo entre grandes núcleos urbanos ou territorios adxacentes á costa cun vínculo coa mesma como as parroquias ou concellos cerca do mar.

E desde a Consellería do Mar temos claro que o apoio público directo en forma de subvención é previa garantía da viabilidade da proposta e a mellor opción, xa que con iso conseguimos garantir o control do destino e a aplicación dos cartos, xerar un efecto dinamizador directo sobre a economía, estimular as iniciativas en cuestións radicadas nos obxectivos da política pesqueira común e tamén contribuímos a xerar confianza e a asegurar a obtención de financiamento ao servir como aval da consecución de fondos para os investimentos.

No segundo elemento temos claro tamén que se debería recuperar as axudas ás empresas de alto volume de emprego ou facturación, aínda que fose de forma parcial e en determinados eixos, xa que a súa capacidade de impulso en materias como a I+D+i ou a mellora de estándares laborais pode ser perdida por falta de axudas.

No relativo aos espazos nos que aplicar o fondo, tamén temos claro que existen grandes núcleos urbanos con marcado carácter e vinculación marítimo-pesqueira que deben poder

obter apoios do FEMP, así como dinamizar espazos preto da costa con forte contacto e vínculo con ela, tendo como exemplo aqueles núcleos de aldeas e vilas que se sitúan preto de portos e confrarías importantes, e nos que viven moitas persoas vinculadas a eles.

Por último —e falando da nosa proposta e da súa postura en relación co que podemos denominar a dimensión internacional do FEMP—, temos que sinalar a nosa crenza en tres aspectos neste ámbito. O primeiro, sobre a conveniencia dun enfoque diferenciado para cada unha das concas marítimas, na que pensamos que as rexións europeas somos moi diferentes entre nós e que Europa acostuma a darnos unha resposta de talla única, polo que debemos afrontar un novo FEMP cun alto grao de adecuación a cada conca marítima. A segunda, sobre como deberíamos afrontar a brecha orzamentaria resultante do *Brexit* e na que reiteramos que este proceso é un desafío pero tamén pode ser unha oportunidade, polo que consideramos que debemos afrontar un novo FEMP que asuma e trate de corrixir aqueles puntos débiles que poidan darse como consecuencia de preservar a unidade da Europa pesqueira. O terceiro aspecto, sobre a atención con este fondo das cuestións derivadas da dimensión internacional non propiamente asignadas á política pesqueira común, e na que propoñemos que exista unha parte do fondo que atenda de forma integrada a acción exterior da política pesqueira común.

Señorías, estas son, de forma resumida, as premisas que o presidente Núñez Feijóo defendeu diante do Comité das Rexións neste importante asunto cuxa orientación de proposta lle foi encomendada a Galicia. Mesmo quixera destacar —por non ser menor— a importancia de que sexa o propio presidente quen defenda esta postura para proveito do sector. Esta postura partía dunha proposta que mantemos desde hai meses, que foi exposta por invitación da DG MARE durante a participación na Conferencia de partes interesadas titulada «Máis alá de 2020, apoio ás comunidades costeiras de Europa», que se celebrou en Tallín en outubro de 2017.

Pero esta proposta non foi só de Galicia. Enriqueceuse en orixe coas achegas e opinións recollidas en senllas xuntanzas do Comité das Rexións e cos membros do sector europeo mantidas en xaneiro deste ano, e coas propostas, inquiredanzas e pareceres de moitos membros do sector galego que nos foron comunicadas en base á experiencia e en relación con este fondo FEMP nestes meses de vixencia.

A proposta deste ditame tamén foi exposta para a consideración e debate e diante das rexións do mar do norte en Holanda, na Conferencia de rexións periféricas e marítimas en Bruxelas, e foi explicado posteriormente á súa aprobación aos actores do eido marítimo pesqueiro europeo no Día Marítimo Europeo.

Tamén foi mellorado, sen afectar as ideas básicas que lles acabo de expor, polas once emendas en comisión e trinta e cinco en pleno que se formularon, as cales foron aceptadas todas de forma directa ou formulando unha proposta do relator en oito delas, ou de compromiso, como foi o caso de dúas. Analizado o documento de proposta en xaneiro, foi sometido á consideración da Comisión NAT o 9 de marzo, sendo aprobada sen maiores dificultades, cuestión que foi referendada o 16 de maio no Pleno do propio Comité das Rexións.

Cabe destacar que este texto foi aprobado por unanimidade, cuestión que non é baladí se temos en conta que este plenario está formado por trescentas cincuenta rexións e concellos

europeseos, de todas as cores e formacións políticas, e que non é nada común que esta unanimidade se produza no seu seo. Por iso creo que desde aquí debemos pór de relevancia o traballo e a colaboración e contribución de todos e cantos achegaron ideas e propostas, así como o noso sector, que nos deu a base sobre a que edificar esta opinión, que derivou xa non só de Galicia senón de toda a Europa costeira e interior.

Logo desta iniciativa formulada polo conxunto do Comité das Rexións, a primeiros de xuño foi lanzada a primeira proposta por parte da Comisión Europea que recolle a contía e a súa idea para fundamentar os obxectivos e a aplicación dos cartos. Con esta proposta, con fondos destinados ao novo período FEMP 2020-2027, no seu ámbito de xestión compartida, serían 5.311 millóns de euros, o que supón unha lixeira redución con respecto ao montante do presente período, que alcanza os 5.749 millóns de euros. Esta valoración da cifra debe ser matizada logo de ter deducido o valor do programa do Reino Unido, que son 243 millóns de euros, polo que os Estados membros recibirían en termos nominais o 96,5 % do presuposto do 2014-2020 e que en termos harmonizados sería ao redor do 94 %.

En derivación desta proposta, España mantén unha asignación potencial de 1.120 millóns de euros para este período, fronte aos 1.161 dos que dispoñemos no período actual. Hai que salientar que o novo instrumento recolle as nosas demandas de modo xenérico, e coas primeiras liñas podemos dicir que coincidimos nos aspectos básicos da nosa demanda. Séguese mantendo un fondo específico para a pesca, conformando unha parte horizontal e xenérica xestionada pola Unión Europea e outras especificamente adecuadas aos Estados membros. Segue mantendo uns obxectivos semellantes ao anterior FEMP, e, aínda sendo definido de forma xenérica, o novo FEMP céntrase en tres obxectivos semellantes aos anteriores e na liña do demandado, como son salvagardar uns mares e océanos saudables, proporcionar unha pesca e unha acuicultura sostibles e promover a economía azul, particularmente mediante o fomento das comunidades costeiras sostibles.

O fondo porase en práctica dunha forma directa por parte da Unión Europea e tamén de forma compartida e haberá unha gran flexibilidade para que os Estados membros adapten as súas medidas aos obxectivos predefinidos pola Unión Europea. As subvencións e instrumentos financeiros serán as principais ferramentas de financiamento, de forma coincidente coa nosa petición e coa nosa visión. Auméntase a mellora da definición dos aspectos a apoiar orzamentariamente, cedendo aos Estados membros esa capacidade de definición mediante un sistema de obxectivos e resultados. Faise especial fincapé na simplificación e axilización, e de forma xenérica xa se recollen varias vías de traballo nestes dous obxectivos, aumentando tamén a flexibilidade do uso e a aplicación do fondo mediante o permiso para facer cambios áxiles e adecuacións a situacións cambiantes. Recóllese de forma expresa a posibilidade de combinar e coordinar o uso de diferentes fondos.

Polo tanto, as liñas xerais non parecen ser negativas para as nosas demandas, mais haberá que atender a esa letra do regulamento para verificar que aqueles aspectos negativos ou non recollidos retomen o mellor rumbo e sexan acaídos aos nosos intereses. Fálolles de cuestións como a negativa a permitir renovar a frota, aínda facendo fincapé na mellora da seguridade e da habitabilidade; fálolles de cuestións como a derivación do apoio a todas as iniciativas de mellora entre a formación e a acuicultura mediante instrumentos financeiros; ou fálolles

de asuntos como a restrición de acceso ás axudas por asimilación da pesca IU e sancións ordinarias por pesca.

Todo isto deberá ser revisado e deberemos argumentar para o seu cambio. Tanto é así que cremos que o importante non é só propor, senón que esa proposta se consolide e vaia plasmada nos documentos do regulamento. Por iso temos que traballar arreo para cambiar ese rumbo dos aspectos máis detallados. Nesa liña xa empezamos a definir accións hai tempo. Como exemplo, sirva a explicación práctica que realizamos á persoa encargada de levar a adiante esta proposta por parte da DG MARE e que visitou Galicia hai poucos meses para coñecer e valorar as nosas demandas.

Pero toca traballar agora e no futuro. Por iso queremos conformar no seo do Consello Galego de Pesca un grupo de traballo co sector que nos permita axuntar as súas demandas e fortalecer os seus argumentos para defendelos tamén en Europa. Cremos que imos no bo camiño. Queremos reforzar eses argumentos, e por iso darémoslle de novo voz ao sector para que asuma inqedanzas e propostas, as cales tamén penso traer a este Parlamento no vindeiro período de sesións para o seu coñecemento e debate.

Señorías, sei que vostedes estarán na liña de defender eses intereses e de sumarse a eles desde esta Cámara, fortalecendo a postura de Galicia e permitindo que unha vez máis a nosa estrutura marítimo-pesqueira sexa escoitada en Europa. Con esa crenza quedo e agardo as súas consideracións e propostas desde este mesmo momento no que finalizo non sen antes reiterar esa vontade de sumar ideas e argumentos a prol do noso mar e dun acaído apoio orzamentario que nos debe chegar desde Europa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Moi boa tarde, conselleira.

Eu o primeiro que lle quero comentar é lamentar que vostede veña aquí a este Parlamento case como estación final. E despois de meses de ter ido ao Comité das Rexións facer ese primeiro borrador do ditame, despois de que vaia vostede e o presidente da Xunta presentar o ditame e que considere que este Parlamento é o sitio para traer elementos como este simplemente para dar conta, non para vir a que desde este Parlamento poidamos facer propostas para que vostede poida levalas, e considere que desde este Parlamento non temos ningunha proposta que facer, senón que vostede veña aquí facer o seu relato exclusivamente e que non temos ningunha aportación que facer. Ben, pois iso é a consideración que ten o Partido Popular cara ao Parlamento de Galiza. Nin tan sequera tivo o detalle de remitirnos o informe

que vostede elaboraron e trasladou no Comité das Rexións e que foron presentar para buscar ese apoio do Comité das Rexións. Tería sido un pequeno detalle que nos tivera remitido ese informe, un detalle. Pero nin sequera a día de hoxe, en que vostede veu comparecer, podía uns días antes polo menos ternos remitido o informe, e nin sequera iso. Sería un detalle de elegancia telo feito. Ten a oportunidade, despois de rematar a súa comparecencia, de polo menos trasladarnos ese informe, por elegancia parlamentaria.

A seguinte cuestión é que eu non sei se vostedes caeron do cabalo camiño de Damasco ou camiño do Comité das Rexións e, entón, se fan unha emenda á totalidade da política pesqueira que levan facendo durante todos estes anos —e entón están facendo unha emenda á totalidade— ou simplemente esta proposta que fixeron no Comité das Rexións é simple literatura, detrás da que se agocha un pouco máis do mesmo. E digo isto porque na reforma da política pesqueira común do ano 2014 desaproveitaron a oportunidade para modificar os cimentos desa política pesqueira común tan lesiva para os nosos intereses, para os intereses da pesca galega, que son eses cimentos nos que se sustenta logo toda esa política pesqueira de repartición de cotas, de dereitos de pesca e demais, que dan como resultado a situación da nosa frota e dos nosos sectores produtivos. E nesa renovación da política pesqueira común do ano 2014 non se tocou nada, non se tocou absolutamente nada, o principio de estabilidade relativa, non se tocou nada.

Os fondos FEMP que están en vigor, 2014-2020, tamén na súa literatura dicían palabras que soaban ben, igual que o que vostede nos acaba de describir agora. Decía que os obxectivos eran fomentar unha pesca sustentábel, fomentar a acuicultura sostíbel, dicía que había que fomentar a aplicación da política pesqueira común, aumentar o emprego e a cohesión social, fomentar a comercialización e a transformación... Iso era o que dicía. A realidade deses anos de fondos, nos que aínda estamos, é que, primeiro, desas reparticións dos case 6.000 millóns de fondos da Unión Europea, en que ao Estado español lle tocaron ao redor de 6.000 millóns de euros —6.161 millóns de euros—, dos cales a Galiza nos tocaron 370 millóns de euros, é o 44,72 % máis ou menos.

Un proceso de centralización onde, primeiro, quen decide que se fai cos fondos é a Unión Europea e o Estado español, e ao Goberno galego e a vostede o que lle toca é executar o que outros deciden. Primeira cuestión deses fondos: executar o que outros deciden. Vostede, o Goberno galego, deixou que fora o Estado o que decidira canto se reparte e como se reparte e que, ademais, o Estado reservara para si unha cantidade, unha porcentaxe superior aos anteriores fondos; é dicir, máis centralización e máis quedar con fondos o Estado en Madrid, como sabemos, que ten moito mar. Sabemos que Madrid ten moito mar, co cal quedou con máis cantidade de fondos. Moi lóxico, todo moi lóxico, dentro dunha lóxica onde manteñen a teoría dende a Unión Europea, compartida por Madrid, de que Galiza ten máis barcos que dereitos de pesca. Co cal, seguindo esa lóxica, como Galiza ten máis barcos que dereitos de pesca, hai que ir a ese equilibrio onde hai que eliminar barcos para que se correspondan barcos con dereitos de pesca. Co cal unha parte moi importante deses fondos foron destinados a ese equilibrio, é dicir, eliminar barcos para que quede equilibrado barcos con dereitos de pesca. Co cal máis de 73 millóns e pico de euros foron destinados ao desguace de barcos.

Podemos seguir desglosando partidas. Desenvolvemento sostible contaba con 929 millóns de euros —era en xeral—; unha repartición consideramos, dende logo, no BNG discrimina-

toria. No denominado «control e execución do esforzo pesqueiro» a Galiza correspondeulle o 6,6 % do investimento e 77 millóns de euros.

Por exemplo, hai unha cuestión que nos chama a atención dentro desa repartición dos fondos FEMP. Hai unha partida para unha cuestión, a compensación das rexións ultraperiféricas, por exemplo para as illas Canarias; parécenos ben, unha compensación por ser unha rexión ultraperiférica. O que non nos parece tan ben é que, sendo Galiza unha rexión altamente dependente da pesca, non haxa un concepto para compensar esa cuestión e que nese concepto haxa cero euros; 61 millóns de euros para compensar a Canarias por ser unha rexión ultraperiférica e cero euros para compensar a Galiza por ser unha rexión altamente dependente da pesca.

Ou para fomentar comercialización e industria de transformación, o 9,1 %, 105,6 millóns de euros. Estaría moi ben, ¿pero cal é o tema? Que todos eses cartos van destinados á industria e que poden levar subvencións sen que se vincule co sector extractivo, poden levar subvencións sen que estea vinculado co sector extractivo, poden traer produto de fóra sen que esa cantidade de subvencións sirva de tractor para o produto propio.

Entón, ¿para que serviron todos eses millóns de euros dos fondos FEMP? Dende logo non para que un modelo tradicional que xera emprego e asentamento da poboación nas nosas vilas costeiras puidera recibir eses fondos, señora Quintana. O marisqueo, a baixura, a frota artesanal, a acuicultura vinculada co mexillón dende logo non recibiron fondos destinados a esta cuestión. O que si recibiron fondos foi a acuicultura, unha parte importantísima para pensos, para benestar animal, para antibióticos... Esa é a aposta clarísima destes fondos.

Por iso a nosa preocupación, e dígollo así con toda a franqueza: nós estamos porque se manteñan estes fondos e por apoiar un goberno que pelexe dun xeito decidido polo mantemento destes fondos estruturais de xeito específico destinados á pesca, porque para Galiza a pesca e o mar é un sector estratéxico fundamental. Aí imos estar totalmente de acordo. Agora, para nunha ou noutra dirección, para un cambio de rumbo totalmente de 360 graos —de 360 graos non, porque volveríamos ao punto de orixe—, de 180 grados, un cambio de rumbo de 180 graos, uns fondos estruturais da Unión Europea vinculados e específicos para pesca pero que vaian na dirección de desenvolver, de modernizar o noso sector pesqueiro, que sirvan para unha estratexia para o noso modelo produtivo, non para substituír o noso modelo produtivo, o noso sistema de pesca artesanal de baixura, do marisqueo, por unha pesca industrial vinculada a un modelo con capital alleo, que é para o que serven e están destinados os fondos FEMP, para desenvolver a estratexia da Unión Europea, na que está de acordo o Estado español e, infelizmente, durante todo este tempo, estivo o seu Goberno, señora Quintana.

Entón, se vostedes están realmente coa literatura que vostede acaba de dicir, estaríamos de acordo; co que non estamos de acordo é con que esa literatura sirva para...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: ...engaiolarnos e que logo na práctica fagan a mesma práctica que estiveron facendo ata o de aquí. Con iso dende logo non imos estar de acordo. Se serven para

facerse unha auténtica emenda á totalidade do que viñeron facendo ata o de aquí, dende logo van ter o apoio do BNG, se se fan como emenda á totalidade á política pesqueira que fixeron ata o de agora e realmente concordan o que din co que fan.

Ata o de agora o que dicían que facían non se correspondeu co que fixeron, en absoluto. Primeiro, deixaron que tomaran a decisión do que facer a Unión Europea e o Estado español e aplicaron estes fondos para desmantelar o sector. Agora, se o que realmente están pelexando é por un cambio real de dirección, por un relevo xeracional, por unha aposta polo noso sector produtivo, polo marisqueo, pola pesca artesanal, pola baixura, entón estaremos de acordo, sempre e cando se compadeza coa realidade.

E aproveito a súa presenza aquí, señora Quintana, xa que estamos falando de fondos europeos e como saltou a nova, vinculada aos fondos europeos, dunha axuda recibida polo seu fillo vinculada con eses fondos europeos e non esclarecida, e agradeceríalle que na súa réplica explicara se considera que os fondos europeos deben ter ese tratamento...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...dende logo escuro, opaco e non aclarado, como esa axuda recibida polo seu fillo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Tranquilidade, silencio. Silencio, silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, silencio. Silencio en ambos os lados, por favor. Xa está.

Señora Toja, cando queira.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

A min alégrame tamén que vostede compareza hoxe... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, por favor...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora TOJA SUÁREZ: É que isto xa é case un hábito, aquí case non hai quen fale. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora TOJA SUÁREZ: A min alégame especialmente que vostede hoxe compareza aquí no Parlamento para falar de fondos europeos. Vén un pouco tarde, porque vostede dixo para sumar, para sumar, pero, en certo modo, cando xa está practicamente todo sumado. É verdade que nos consulta aos membros e ás persoas que estamos aquí no Parlamento sempre tarde, a veces nin temos informes e non nos chega nada. E a nós parécenos unha cuestión importante a dos fondos europeos, especialmente tamén pola situación demográfica que sofre Galicia, en canto a que estamos perdendo unhas dez mil persoas ao ano, dende que vostedes gobernan, ao redor de noventa e cinco mil persoas, e as proxección do IGE presentan un panorama desolador, ao redor de duascenas trinta mil persoas de aquí ao ano 2031. Por iso son importantes os fondos europeos, porque na política pesqueira común precisamente se fala do criterio social, que é asentará a poboación no caso da pesca nas vilas costeiras.

Pero tamén isto, e en relación coa pregunta que lle fixo a compañeira do BNG, tamén lle dará oportunidade de esclarecer unhas cuestións que están aí sen resposta, nin de vostede nin do Goberno, e, ademais, cuestións que solicitamos polo artigo 9 xa no mes de maio e a día de hoxe non temos aínda resposta.

Pero ben, por ir por partes, en primeiro lugar, para falar da enorme importancia que teñen os fondos europeos para Galicia a nivel pesqueiro, a nivel rural, é certo que na Unión Europea, se o miramos en GT, España supón un cuarto de todos os buques que hai, e se o miramos polo Rexistro Europeo de Buques, é o terceiro da frota comunitaria, e máis ou menos a pesca xera ao redor dun 22 % do emprego total da Unión Europea. Temos máis de mil especies pesqueiras recoñecidas de interese comercial. Non cabe dúbida, polo tanto, de que a pesca é fundamental dentro da Unión Europea para Galicia, para España, e da importancia do Fondo Marítimo Pesqueiro. Esa é a fotografía —digamos—, e iso, como dicíamos, o criterio social e o criterio económico: social, fixar a poboación, e económico, que sexa unha actividade economicamente rendible.

Por tanto, ¿é preciso manter ese fondo de pesca específico e accesible para aplicar a política pesqueira común? Si. ¿Para que? Pois para garantir a sustentabilidade —da que vostede nos falou—, para establecer un plan de selectividade a fin de evitar descartes, para reducir a carga financeira da obriga de desembarque, para lograr, en definitiva, tamén ese obxectivo de rendemento máximo sostible. A política pesqueira común é unha competencia da Unión Europea e, polo tanto, os fondos financeiros que pon á disposición a Unión Europea teñen que ser suficientes para cumprir precisamente con eses obxectivos da política pesqueira común.

En definitiva, tres ideas. O *Brexit* non se pode utilizar como escusa para reducir o financiamento futuro. Os fondos financeiros téñense que manter, teñen que ser constantes e suficientes. Necesítase tamén, de acordo co sector, dotar de maior claridade o FEMP. Na tramitación das axudas a xente quéixase moito de que é moi engoroso, unha carga administrativa moi grande, e precisa simplificación, e garantir que, para o Fondo Europeo de Pesca posterior a 2020, polo menos, sexa máis rápido, sexa menos burocrático e polo menos —como dicíamos— a mesma cantidade.

Polo tanto, estamos de acordo: son importantes. O Fondo Europeo Marítimo-Pesqueiro é fundamental, é importante. Ata aí estamos de acordo.

¿Que pode facer o Goberno galego? Pois trasladalos ao orzamento galego, de xeito que eses obxectivos que nos contan teñan así ese respaldo orzamentario. Vostede non nos pode vir falar aquí hoxe de mellorar habitabilidade, de mellorar seguridade, de mellorar investimentos a bordo, cando resulta que nos orzamentos os investimentos a bordo se reducen, entre 2017 e 2018, de 1.300.000 a 200.000 euros; saúde e seguridade pasa de 900.000 euros a 300.000; formación a menores de 30, de 800.000 a 400.000; axuda a xoves, de 500.000 a 300.000. Polo tanto, vostede di por un lado unhas cousas pero logo, á hora da verdade, que é cando hai que poñer a pasta, así non o fan. Sen perder de vista que no programa 723A as execucións son ao redor dun 30 % e, no ano 2017, o 37 %.

Polo tanto, repetimos: o Fondo Europeo Marítimo-Pesqueiro, importantísimo. ¿O Goberno pode facer algo diferente? Por suposto que si, en canto a como o traslada aos orzamentos galegos e, sobre todo, como o executa. Ata aí estamos de acordo.

Polo tanto, fondos, fundamentais. Pero tamén estaremos de acordo, igual que ata aí, en que precisamente hai un mandato da Unión Europea sobre a persecución da fraude na xestión dos fondos. E se estamos de acordo en que son elementais, e se estamos de acordo en que hai que facer unha persecución da fraude, tamén estaremos de acordo en que o Goberno galego ten que garantir que se xestionen de acordo coa legalidade e que se xestionen especialmente garantindo a igualdade de oportunidades para todas aquelas persoas que solicitan este tipo de subvencións.

E vostede hoxe falounos de confianza, e nós ímoslles falar de transparencia tamén. (*Aplausos.*) A transparencia, que debe ser un elemento central na acción política, de xeito que dignifique a política. E non tampouco porque o digamos nós, senón porque tamén o din vostedes na súa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, cando falan de transparencia e de bo goberno, cando falan dos altos cargos das administracións públicas e cando falan do conflito de intereses públicos e persoais, e cando falan de persoais inclúense tamén, dentro dos persoais, os familiares.

E aquí vostede ten que explicar e ten que dar respostas, porque ata o momento —e como lle dixemos antes— solicitouse polo artigo 9 documentación á que non contestaron. E hai unha orde, que poden ler no DOG 64, do 31 de marzo, pola que se establecen unhas axudas para a creación de empresas, e nesa orde o artigo 7 di que é indispensable presentar a licenza municipal a máis tardar o 15 de setembro de 2017; posteriormente ampliouse a 16 de outubro; pero a orde establece no artigo 7 que hai que presentar a licenza municipal antes do 16 de outubro. E engade: «o non cumprimento deste requisito suporá a denegación da axuda». Por tanto, non hai licenza, non hai axuda. É tan fácil como iso.

Pois ben, o 12 de decembro de 2017, cando se fan públicas as axudas concedidas, como vostede sabe, entre os beneficiarios, un familiar seu. E, non obstante, cando se consulta, resulta que a licenza municipal é de data 28 de marzo de 2017. O requisito que establecen as bases, que din que, se non hai licenza, non hai axuda, non se cumpre, porque a licenza é posterior,

varios meses posterior ao 16 de outubro, que era a data tope para a presentación das licenzas municipais.

Polo tanto, vostede vénnos falar de fondos europeos e nós temos que ter a garantía de que vostede é unha persoa de confianza para xestionar eses fondos europeos. Non tampouco porque llo preguntemos nós, senón porque tamén llo está preguntando o sector. Dende Unións Agrarias pídese máis luz, reclaman ao Executivo da Xunta garantías de que houbo o mesmo trato para todas as persoas solicitantes. Desde o Sindicato Labrego Galego tamén chama a atención a renuncia que houbo da subvención. Se non correspondía recibir a axuda ou rectificaron, deberían demostrar que non existiron irregularidades previas. Polo tanto, confianza, si, pero explique, explique, por favor, que ocorreu aquí. A transparencia é un elemento central na acción pública e vostede hoxe ten que explicar iso. A pregunta é clara: non había licenza municipal; polo tanto, ¿como é posible que se outorgase esa licenza?

Xa para ir un pouco volvendo á cuestión dos fondos europeos, repito: importantes estes fondos dos que falei anteriormente, tamén son fondos europeos... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Se non, teño que chamar á orde dun lado e doutro, e non me gusta. Non, non, silencio. *(Murmurios.)* Por favor, silencio. Xa está, silencio.

Continúe, por favor.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas.

Estamos de acordo —repito— na enorme importancia dos fondos europeos. Aí imos sumar, como vostede di, especialmente en canto a ese criterio social e económico. Vemos como Galicia perde poboación constantemente e que o *Brexit*, efectivamente, non pode ser unha excusa para reducir os fondos europeos. Ata aí estamos de acordo. Pero —repetimos— o que non pode ser é que vostede nos fale aquí de investimentos a bordo, da importancia de todos eses conceptos que dixo e logo nos orzamentos que se vexan reducidas incluso á metade ou incluso un terzo as partidas orzamentarias. Polo tanto, dende Galicia pódese facer mellor, moito mellor. Pódense mellorar as execucións, que están ao redor dun 30 %; un 30 % quere dicir que, de cada 10 euros, 7 quedan sen executar. Iso é moitísimo.

E, por último, tamén, luz, luz, máis luz sobre unha cuestión que resulta preocupante en canto á xestión dos fondos europeos e que xera ao sector gandeiro incerteza e xera tamén desconfianza. E vostede hoxe falounos aquí de confianza. Pois explique. Nós estamos esperando as súas respostas, dado que non nos contestaron polo artigo 9. Repito: esperamos de verdade a resposta; seguramente teña algo que explicar hoxe.

Máis nada, grazas polo de agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Perdón, non vin nada. Sinceramente, non vin nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non vin, non vin. É que non podo facer algo sobre o que non vin, estaba mirando neste momento a quen lle tocaba o turno de palabra. (*Protestas.*)

Se é así, está mal feito. Pero vamos ver, a min non me poden vostedes agora acusar dunha cousa que eu non vin. (*Murmurios.*) Vostedes fanme a min..., fanme agora... E eu o que lle digo á conselleira é que, se realmente fixo iso, que non o debe facer. Punto. Silencio, xa está. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non o vin, pódeme crer que non o vin. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Silencio, silencio, por favor. ¡Silencio, silencio! Xa eu lle pedín á conselleira que iso non se faga. Punto, xa está. Xa llo pedín.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro. (*Murmurios.*)

Silencio, silencio. Silencio, silencio. ¡Silencio, por favor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio! Xa está. Non dialogue, se non... Por favor, señor Losada. Se non, teño que chamalo á orde. Señor Losada, xa está. Non quero. Nin un máis.

Señora Quinteiro, o seu turno.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

(*Murmurios.*) A verdade é que ás veces... As alteracións, cando veñen dun lado, só normalmente escóitanse máis, pero ben... (*Murmurios.*)

Nós, falando da comparecencia, o primeiro que temos que dicir, ante esta comparecencia, é que pensamos que a actuación da Consellería ten erros, por dúas razóns. Por unha banda, sobre o fondo da cuestión, na que centrarei a maioría da intervención, pero tamén outra cuestión importante, que é a propia forma sobre como se levan adiante os debates.

Como xa se comentou, para nós esta comparecencia chega tarde, porque comparece neste Parlamento para informar pero non para facer o que nós entendemos que debería facerse neste Parlamento, que é debater e escoitar as diferentes opinións. E nós entendemos que tería sido bastante máis acaído poder compartir e discutir cal ía ser a posición de Galicia sobre a reformulación deste fondo europeo no marco da negociación dos orzamentos a longo prazo da Unión Europea antes de trasladalo ao propio Consello Europeo das Rexións en maio. Entendemos, por iso, que esta comparecencia chega tarde e que tería sido bastante máis acaída hai uns meses.

E, despois, tanto na intervención naquel momento como hoxe volvemos evidenciar como o Goberno eu penso que parte dunha diagnose errónea. Non sei se é que parten dunha diagnose errónea ou é que venden unha análise diferente. Porque moitas veces parece que

mostran pouca preocupación polo benestar dunha parte importante do sector. E dicimos isto porque non se fixo nin unha breve referencia á situación dramática que está atravesando o sector, e para nós é fundamental que partamos dunha diagnose acertada para poder pór en marcha as medidas para solucionar a situación. Para nós a situación é dramática, porque o evidencian os datos e porque o comentan todas as persoas que viven no mar. E por iso pensamos que é importante que teñamos presentes algúns datos cando abordamos este tipo de debates.

Só vou dar dúas cifras que xa foron mencionadas neste Parlamento en moitas ocasións, pero que deberíamos reflexionar sobre elas sempre que abordemos estes debates. Desde o ano 2011 perdemos 1.500 persoas no réxime especial do mar, pasando das 21.509 de 2011 ás 20.010 de abril deste ano. E tamén perdemos máis de 400 embarcacións dedicadas á pesca dende o ano 2009. E, como dicía, non podemos obviar estes datos e non podemos facer unha lectura de que todo vai mellorando, porque a realidade é totalmente diferente. Non existe relevo xeracional, unha das prioridades que se marcaban, porque os datos macroeconómicos non se trasladan despois ás economías reais dos mariñeiros e das mariscadoras. Por iso, nós o que temos que dicir é que, para empezar, para atopar solucións, o que teñen que facer é partir dunha diagnose correcta e non vender datos abstractos que non se corresponden coa realidade.

Das propostas de Feijóo perante o Comité Europeo das Rexións queríamos destacar dúas cuestións que nos parecen das máis graves. Por unha parte, a incoherencia absoluta entre o que piden a outras instancias e o que fan despois dende o Goberno galego no marco das súas competencias; e, pola outra, a súa total entrega á economía azul, sen cuestionarse os problemas que esta ten.

Unha vez máis —é verdade—, baixo un título suxerente, detrás deste título agochan en realidade a entrega ás grandes multinacionais para a explotación do mar e do subsolo marítimo. Nós pensamos que isto é unha aposta errónea, que estamos nunha deriva que, se non se frea, vai acabar expulsando os nosos pescadores, mariñeiros e mariscadoras dun espazo que está en disputa, que é o espazo marítimo. Por iso non entendemos que dende o Goberno se aposte por esta mal chamada economía azul, porque vai supor un menoscabo social, económico e ambiental para a nosa pesca artesanal a pequena escala, e porque en realidade está comprometendo o futuro dos nosos caladoiros —xa o saben—, entre outras cousas porque engloba actividades como a acuicultura industrial, o fomento de prospeccións mariñas para usos mineiros e explotacións enerxéticas.

Por iso, como dicía, non podemos entender que se faga esta aposta, porque o único obxectivo para defender esta aposta pode ser o de beneficiar as grandes multinacionais. E os efectos xa se están vendo, por exemplo, nos proxectos do Gran Sol para prospección de hidrocarburos, que, obviamente, vai afectar de maneira clara a frota galega.

De feito, non o dicimos só nós. A propia Unión Europea vén de elaborar un informe que adverte do impacto negativo deste modelo, e entendemos que deberían escoitar as opinións negativas e non vender esta palabra que soa moi ben pero que detrás agocha unha realidade bastante diferente ao que se pretende vender.

Despois, cando falamos do FEMP, pensamos que un dos problemas fundamentais —e vos tede tamén o comentou— é que o grao de execución é baixo, pero nós diríamos que non é que é baixo, é que é ridículo, unha cifra totalmente ridícula. Para nós resulta totalmente escandaloso que o conxunto da Unión Europea recoñeza que apenas se tivera executado en novembro do ano 2017 un 2,7 % para a pesca, dos 6.500 millóns de euros orzados, cando este fondo, como dicíamos, remata en 2020 e se inicia en 2014. Non é unha cifra baixa, é unha cifra ridícula. Por iso nós entendemos que, ademais de reivindicar que o fondo non sufra un recorte, en realidade o máis importante é que teña uns niveis de execución aceptables, porque non serve de nada que se presuposte un orzamento que despois vemos que se executa desta maneira tan ridícula, ínfima.

E nós entendemos que un dos problemas para que estes graos de execución sexan tan baixos é que hai que pular por unha maior descentralización das prioridades e estratexias dos fondos, porque sería unha maneira de evitar este baixo nivel de execución e, ademais, os problemas que están derivados desta xestión.

Pero, como dicía, outra cuestión máis importante para nós é que non podemos esquecer a hipocrisía que teñen nas propostas deste ditame. É moi habitual que digan unha cousa e realicen a contraria. Só por pór tres exemplos moi concretos, que, ademais, son moi recentes. Nun punto solicita evitar a comercialización de produtos fabricados no estranxeiro sen controis suficientes e, á vez que están solicitando isto, ao mesmo tempo o seu Goberno e o Grupo Parlamentario Popular aproban neste Parlamento o incremento do cupo de lombos de atún a importar sen aranceis de países con poucas garantías sanitarias e sociolaborais. Solicitan tamén medidas de compensación para a frota polos prexuízos socioeconómicos derivados da adopción de medidas ambientais, como vedas, paradas temporais e outras accións que limitan a actividade pesqueira, pero o seu grupo tamén tumba unha tras outra as iniciativas que se presentan dende a oposición para establecer estas axudas; moi recentemente, hai apenas unhas semanas, vímolos coa negativa de compensar a veda do polbo. Ou tamén solicitan que se apoiem os esforzos de desenvolvemento de novas tecnoloxías e solucións para mitigar o cambio climático, pero despois votan en numerosas ocasións en contra de propostas que traemos para xustamente mitigar o cambio climático.

Por iso moitas veces temos que pór o acento nas incoherencias. Non serve de nada que digan unha cousa, que escriban unha cousa, cando despois as súas políticas públicas, de maneira recorrente, van nunha liña totalmente diferenciada. Nós entendemos que moitas veces parece que se utiliza este Parlamento para facer unha serie de propaganda, para facer un relatorio de notas de prensa moitas veces e, despois, á hora da verdade, as políticas públicas van nunha liña totalmente diferente.

Outra das cuestións que nos parece moi asombrosa —a verdade— do ditame e que non entendemos, e da que estamos totalmente en contra, é a solicitude expresa do Goberno galego a ceder unha decisión que é clave para o futuro de Galicia, e refírome a que se pida á Comisión Europea que defina a pesca costeira artesanal. Para nós isto é intolerable. É un debate dos máis importantes que vai afrontar o sector nos últimos tempos e non entendemos como, en vez de facer un debate sosegado co sector, ceden a organismos alonxados e alleos, quizais coa confianza de que despois se poidan botar as culpas a outras institucións, pero non o en-

tendemos. En realidade, o que deberían facer é ter un debate sosegado a este respecto, escoitar o sector e ter unha proposta que parta dese diálogo e non dicir que a Unión Europea determine unha cuestión que, como digo, é central para o noso país.

Nós entendemos que, en realidade e en resumo, o que temos que facer é un debate profundo e amplo sobre a utilización dos fondos europeos, a quen benefician, en que se está fallando, por que, en realidade, non se cumpren os obxectivos que se enumeran, porque, como digo, moitas veces hai uns obxectivos pero despois non se cumpren á hora da verdade e os fondos van destinados a outras actividades que non son as que veñen marcadas ou determinadas nestes obxectivos. E despois —como digo— eu diría que o resumo se centra en que o Goberno di unha cousa e despois fai a contraria.

Entón, a miña interpelación principal é: ¿van cumprir con ese ditame? ¿Realmente apostan polo que di o ditame? E incluso hai partes do ditame que poden ser contraditorias entre uns puntos e outros. ¿Que modelo realmente defenden? ¿Cal é o modelo que defenden? Non poden dicir que defenden a economía azul e á mesma vez dicir que defenden a pesca artesanal.

E temos que mencionar, aproveitando esta comparecencia, a pesar de que os moleste, pero nós pensamos que estamos pedindo unhas explicacións lóxicas, por iso sumámonos á petición de explicación sobre a percepción desta axuda da Consellería do Medio Rural por esta granxa sen licenza, e entendemos que son unhas explicacións que debe dar sen maior problema.

En resumo, nós levamos moito tempo dicindo que debemos camiñar cara a un cambio de modelo. Moitas veces, cando falamos dos fondos comunitarios, vemos que estes están servindo para enriquecer unicamente a frota industrial dos países membros, beneficiando determinadas corporacións, e quedan moitas veces esquecidas a maioría de mariscadoras, a maioría de mariñeiros que traballan no noso mar. Por iso non chega unicamente con anunciar obxectivos, senón que hai que pór as medidas e as políticas públicas que precisamos para apostar por ese —digamos— modelo diferente que poña no centro as frotas artesanais de pequena escala.

Nós diríamos que o resumo fundamental e onde temos que ver por que a situación é dramática, por que facemos esta afirmación, é porque hoxe a xente do noso mar ten que pescar o dobre para ganar a metade. Esa é a realidade. E o que hai que facer é preguntarse por que a día de hoxe teñen que pescar o dobre para ganar a metade. E esa é a realidade que intentan ocultar, pero é a realidade da que temos que falar sempre.

E remato volvendo incidir no que abría a intervención: para buscar as solucións ao problema, temos que utilizar o debate, a reflexión e a escoita. Non se pode dicir que se vén aquí buscar un acordo, buscar un debate, cando todo o debate vén dado, todas as decisións veñen dunha maneira unilateral e dende arriba e, sobre todo, cando se parte dunha realidade que é falsa, dunha imaxe idealista dun país que, por desgraza, non é o que temos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes, señorías.

Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleira. Grazas por asistir hoxe á comparecencia e a este pleno, malia que as intervencións das voceiras foran totalmente lamentables, completamente lamentables, porque a verdade é que meteron vostedes aquí con calzador unhas acusacións que non teñen ningún sustento, ningún fundamento. E, como non teñen argumentos para explicar e para falar deste tema, dos fondos europeos marítimos e pesqueiros, e como os datos son positivos, teñen que vir aquí para intentar manchar a honorabilidade da conselleira Rosa Quintana. *(Aplausos.)* Toda Galicia sabe, toda Galicia, e este Parlamento o primeiro, *(Aplausos.)* este Parlamento e estes deputados os primeiros, este goberno o primeiro, pero toda Galicia e o sector pesqueiro sabe da traxectoria intachable e da vocación que ten a señora Quintana no sector da pesca. E, polo tanto, vostedes non intenten aquí enlamar, como o levan facendo todo o día.

E, ademais, dígolles unha cousa, sobre todo ao Grupo Socialista, porque o Grupo Socialista ten unha cara aquí neste Parlamento e ten outra cara no WhatsApp e ten outra cara por detrás: falan de transparencia e opacidade, pero a falsidade aquí non ten límites, *(Aplausos.)* non ten límites. *(Murmurios.)*

Menos mal que a conselleira rematou a súa intervención dicindo que estaba aberta ás propostas que lle podían aportar os grupos. Porque estamos falando dun fondo que a partir do 2020 haberá que repartir e haberá que estar atentos para que sexa beneficioso para Galicia. Menos mal que dixo iso, porque non sabemos cales son as propostas que vostedes nos traen.

Vimos escoitar unha conselleira que falou de xeito claro, con firmeza, que falou ademais e expuxo claramente unha folla de ruta da Consellería do Mar. Cando piden follas de ruta e informes do que se vai facer, non están de acordo; cando non se fala, tampouco; é que sempre pasa o mesmo. Hai que ter un argumento e poderíamos seguir cunha serie de aportacións que vai ser bastante máis beneficioso para o sector, ademais, este Fondo Europeo Marítimo e de Pesca; marítimo e de pesca —insisto—, porque aquí non se cinguiron ao tema das axudas marítimas e de pesca. E, polo tanto, a conselleira foi clara e dixo de onde vimos, o que somos e cara a onde queremos ir. Polo tanto, puxo uns obxectivos moi claros, unhas liñas de traballo realistas, adaptadas á realidade social.

E, por suposto, marítimo-pesqueiro e industrial de Galicia tamén, señora Prado. Si, industrial tamén, porque o sector mar-industria é moi importante e, ademais, co paso do tempo, hai que adaptarse á realidade social de Galicia.

Lembrou algo, ademais, que me parece moi relevante, e é o papel que ten esta comunidade autónoma no Comité das Rexións, e o papel do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, tamén no Comité das Rexións, pois dos trescentos cincuenta membros escolleuse Galicia

—precisamente escolleuse Galicia— para elaborar a proposta do que o FEMP debería ser e debería conter.

En definitiva, unha comparecencia cargada de realismo, de certezas e profundamente ligada aos intereses do sector pesqueiro galego; unha comparecencia á altura das circunstancias e non unhas intervencións das voceiras, lamentablemente, que non teñen nada que ver co tema e que, aínda por riba, ademais, intentan conseguir o que non conseguen nas urnas, porque non son capaces de gañar votos e teñen que intentar enlamar neste Parlamento para intentar ir en contra do Partido Popular.

A conselleira e este Grupo Parlamentario Popular e este goberno non van en contra de ningún, van a favor do sector, van a favor de Galicia. Traballan a favor de, non en contra de. Vostedes, na oposición, teñen que ir sempre en contra do Partido Popular, porque, se expoñen as súas liñas de traballo, non conseguen votos e non os votan; polo tanto, teñen sempre que estar atacando o Grupo Parlamentario Popular.

Dígolle unha cousa, señora Prado: o señor Bará dicía hoxe no da transferencia da AP-9 que teñen a paternidade e a maternidade da transferencia da AP-9. Miren, dáme a risa, porque tamén a señora Prado moitas veces insinúa que teñen a paternidade e a maternidade do sector pesqueiro de Galicia e non é certo, ¡non é certo! Parece que soamente vostedes, o que non leve o nacionalismo, parece que non vai poder atender os intereses do sector pesqueiro de Galicia; si, porque sempre poñen e comparan outros gobernos nacionalistas. E lamentablemente para vostedes, pero afortunadamente para o sector, está gobernando o Partido Popular e así van as cifras e así as cousas van ben. *(Aplausos.)*

Vostede fixo, señora Prado, unha reformulación. Ben, foi disgregando os fondos de desglose, nos que houbo desguace, que fixeron vostedes, pero non falou do futuro. Temos que estar e a exposición que fixo a conselleira é de cara ao futuro. Polo tanto, os fondos europeos fixeron e fan moito ben a Galicia. Temos que facer unha foto mirando cara a atrás e mirando cara ao futuro, e para vostedes, para o Bloque, todo é lesivo, todo é negro e todo vai mal. Pois non é certo. E, ademais, os fondos europeos fixéronlle moito ben e fanlle moito ben a Galicia.

Señora Toja, non sei por onde empezar con vostede, porque a verdade é que me parece que intenta falar con toda a honorabilidade e a certeza de que vostede está no uso da razón, e non é así. Entón, digo que lamento moitísimo que vostede tivera esta intervención. E insisto outra vez máis —porque está vostede no Partido Socialista— en que imos estar moi vixiantes co ministro de Pesca, o señor Planas, porque o papel dos socialistas na Unión Europea o único que lle trouxo a Galicia nos últimos anos foron decisións moi negativas para o sector, tanto por parte dos ministros como dos comisarios europeos, como dos ministros italianos, como dos comisarios.

Si, señora Toja, despois falaremos das emendas —se teño tempo— para que saiban que é o que propuña para o sector artesanal da pesca falando precisamente do Comités das Rexións e do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, non falando do que a vostede lle interesa, para ir sempre en contra do Partido Popular, en lugar de sumar, como voceira de pesca que é vostede.

Entón, este goberno garante a transparencia, garante a igualdade de oportunidades e garante moita transparencia e igualdade de oportunidades, non opacidade.

Vostede fala da «pasta». Si, é que é unha pasta; escóitoo moito nos pasillos das administracións do sur de Galicia onde goberna o PSOE. Escoito moito a palabra «pasta» por aí, parece que os votos só se conseguen coa palabra «pasta». Díxoo vostede, si, é así a súa maneira de gobernar, de falar, sempre con opacidade e con favoritismos. E, entón, fala vostede aquí e intenta manchar —insisto— unha traxectoria impecable, cando ten no seu Partido Socialista aquí en Galicia moitas persoas, primeiro, que son falsas entre vostedes mesmos, son falsas entre os seus compañeiros do Parlamento; e outra cousa máis, favoritismos auténticos, porque falamos de familiares e falamos de imputacións que estarán ou non estarán aínda en marcha.

Polo tanto, non veña aquí —insisto— enlamar, porque hoxe temos que ter un debate, poderíamos ter feito un debate construtivo de cara ao futuro e de cara a como se teñen que repartir os fondos europeos. Eu é o que teño que dicirle á señora Toja e ela saberá por onde ten que tirar.

E con respecto ao que dixó a señora Quinteiro, ben, fixo unha serie de aportacións. Vostede ten o seu punto de vista con este tema, pero tamén insisto en que a conselleira rematou ofrecéndose a que vostedes aporten e que non fagan unha crítica absoluta de todo o que se fixo e de todo o que hai e, aínda por riba, tamén metendo con calzador unha acusación falsa, cando vostede, señora Quinteiro —non queredo dicir isto, pero teño que dicilo—, non está lexitimada —digo eu— para cuestionar a actividade ou a actitude dalgunhas persoas deste Parlamento.

Polo tanto, ímonos seguir metendo en cuestións específicas de execución —que se falou aquí de execución— dos fondos europeos ou das emendas presentadas tamén no ditame do Comité das Rexións, que é realmente o que nos interesa.

A referencia que temos todos dos traballos dos socialistas e nacionalistas no Bipartito non é precisamente para tirar foguetes; é a comparativa que temos, os catro anos que gobernaron aquí cando estaban en marcha eses fondos. Nin en Galicia nin en Europa —como dixen antes— están vostedes para dar leccións, que, entre outras cousas, non as dan porque non as teñen. E, entón, polo tanto, todo o contrario.

¿Que propostas teñen vostedes? Falou a conselleira de ferramentas, falou de todas as posibles ameazas que pode haber para o sector, falou de como se poden repartir eses fondos. E aquí non escoitamos máis que enlamadas, acusacións falsas absolutas, porque non teñen como aportar ningunha proposta nova.

Dicía a señora Toja que había en Europa un eurodeputado do Grupo Socialista italiano que fixo unha serie de emendas que son —é o señor Milana, para que vostede o coñeza— moi prexudiciais para Galicia. Polo tanto, ten que ter en conta que podería vir vostede a este Parlamento e aportar datos positivos. Como me vai rematar o tempo, despois falarei no meu turno de réplica e explicareille por que o digo.

Imos coa execución, co que respecta á execución, porque, con respecto ao Bipartito, este goberno, a 1 de xullo, na execución dos fondos de pesca 2000-2018 cuaduplicou as porcentaxes e está en máis de 8 puntos porcentuais por riba, pese ás dificultades de execución do fondo, tendo en conta, ademais —como digo—, que non era co IFOP ou co FEMP, senón que houbo máis dificultades.

Agora estamos falando do período 2020-2027 —tamén fixo referencia a conselleira— e falamos de 5.311 millóns de euros, dos que 1.120 serían para España. Polo tanto, poderían falar vostedes de que poderíamos facer, aínda que non sabemos se iso sería o máis axeitado, porque durante o Bipartito —como digo— a verdade é que a xestión foi penosa e despois xa se veu nas urnas que non lles fixeron volver repetir o mandato.

Polo tanto, no que atinxe ás emendas, señora Toja, dígolle que o señor socialista o que quería era cargar a pesca artesanal galega. E, polo tanto, hoxe vostede aquí podería emendar esas accións, podería falar dos beneficios que poderían traer... (*Murmurios.*), si, si, si, cambiar esas políticas pesqueiras que teñen vostedes en Europa, porque é o tema que nos trae hoxe aquí, e non vir —como digo— enlamar. Eu lamento moitísimo que vostedes non tiveran ningunha aportación; lamento moitísimo que este debate, ademais, quede completamente enlamarado con estes temas.

E eu creo que, tendo en conta todos os factores expostos pola conselleira e tendo en conta, ademais, un contexto no que estamos co *Brexit*, coa política de descartes, coas ameazas que pode ter o sector, que vostedes veñan aquí falar do que lles interesa para ter rendibilidade electoral é unha auténtica pena, e o sector vai tomar nota.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Réplica, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Egerique, moitas grazas polas súas palabras, pola súa defensa. Eu espero que realmente non sexa o que vostede terminaba dicindo: que hoxe non sexa un debate sobre o tema do futuro da pesca, que é ao que eu veño aquí e polo que levo trinta anos e é polo que seguirei traballando todos os días, na defensa deste sector. (*Aplausos.*)

Ante os comentarios que fixeron as deputadas dos grupos da oposición, a señora Prado e a señora Toja, en concreto, sobre que eu veño aquí como á estación final, cando Paulo caeu do cabalo, non se trata diso. Eu veño aquí dar conta dun traballo que levamos feito.

Mire, o que fixemos ata o de agora non é a proposta de Galicia de como se ten que xestionar o novo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca. O que fixemos ata o de agora foi, por unha en-

comenda que nos encarga a Galicia o Comité das Rexións, trescentos cincuenta representantes de todas as rexións de Europa, elaborar o ditame do que criamos que tiña que ser o novo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca. Non é só a postura de Galicia, é a postura de toda Europa. Galicia vai falar a partir de agora. E por iso terminei dicindo que agora imos constituír un grupo de traballo no seo do Pleno do Consello Galego de Pesca, e ese traballo será o que eu traía ao Parlamento de Galicia, porque xa o fixen así cando fixemos a proposta de Galicia para a reforma da política pesqueira común, e é a miña forma de traballar sempre.

O que fixemos ata o de agora foi intentar, cos coñecementos que temos dende Galicia do sector marítimo-pesqueiro e da situación que está vivindo Europa, refundir todas as ideas que tiñan en todas as rexións da Unión Europea para construír o novo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca. E diso é do que veño eu hoxe dar contas aquí.

Recorden que, cando empezabamos con esta negociación, unha das principais dúbidas que había era se era necesario que houbera un Fondo Europeo Marítimo e da Pesca ou non; ese era un dos obxectivos nos que tiñamos que traballar. E dende un primeiro momento traballamos con todas as rexións da Unión Europea para convencer a todos de que era necesario que houbera ese fondo específico para a pesca.

E, claro, é moi fácil vir aquí e dicir cousas que eu non son, de verdade, capaz de entender —e non mo tomen como un desprezo—. É que me gustaría ser capaz de entender as súas propostas para poder explicalas e defendelas. Pero, claro, cando se me di que nós non necesitamos fondos para as industrias de transformación porque non xeran emprego, ¡Ave María purísima! ¡Máis de 13.200 persoas traballan nas industrias de transformación en Galicia! É que, grazas ás industrias de transformación, Galicia hoxe é a primeira rexión europea da pesca, (*Aplausos.*) porque se xeran máis de 6.500 millóns de euros de facturación. Pero é que as persoas que traballan nesas fábricas de conservas non son nin de Tailandia nin de Xapón, son galegos do Barbanza, son galegos de Vigo, son galegos de Panxón. Son galegos os que traballan nesas industrias. E traballan nesas industrias de transformación non soamente transformando os produtos que se descargan diariamente nos nosos portos, senón os produtos que os nosos armadores, que os nosos mariñeiros, están pescando en todos os mares do mundo e que chegan a Galicia, e dende aquí somos capaces de transformalos e de darlle un valor engadido á nosa produción. Por iso digo que toda Europa ten que aprender dos galegos, que somos capaces de darlle 25 veces máis valor engadido aos nosos produtos que o que fan no resto da Unión Europea, (*Aplausos.*) e iso faino a nosa industria de transformación.

Claro, cando se me di que nós dicimos unha cousa e a súa contraria, e que o meu grupo está pedindo que se poidan traer 25.000 toneladas de lombos de atún sen aranceis... ¡Oia!, é que nós queremos que as nosas industrias traballen en igualdade de condicións co resto dos países do mundo. Nós o que non queremos é que nas nosas industrias de transformación non se lle pague un salario digno aos nosos traballadores. E para que, pagando un salario digno, as nosas industrias poidan ser competitivas, necesitamos que os lombos de atún veñan sen aranceis. E con iso non lle estamos facendo dano a ninguén, nada máis que a aqueles que están traballando sen aranceis e cuns salarios moito máis baixos que os que temos aquí en Galicia.

Así imos seguir traballando, e iso non é ser incoherentes. Ao contrario, entendo eu, iso é defender todo os intereses dos eslabóns da cadea mar-industria; porque non se pode entender ningún dos eslabóns sen a presenza dos outros, para iso formamos todos xuntos unha cadea.

E claro, di a señora Toja que o *Brexit* non pode ser un obstáculo. Eu non digo que o *Brexit* sexa un obstáculo, creo que ademais dixeran, en varias das exposicións que teño feito, que o que alguén ve como un perigo, nós tamén o podemos ver como unha oportunidade, pero eu por iso non vou enganar a miña xente.

Eu non vou dicir que o feito de que se vaia o Reino Unido da Unión Europea signifique que a Unión Europea vaia dispor de menos fondos. ¿Por que? Porque o Reino Unido é un contribuínte nato da Unión Europea, polo tanto, se se vai ese país, deixará de proporcionar fondos, e logo, ao repartir para todos os fondos, haberá menos cartos. Se ben tamén digo que, independentemente de que o Reino Unido se vaia, tamén hai que ter en conta que no caso concreto da pesca hai 216 millóns de euros que ían para o Reino Unido que agora non irán, e por iso o efecto sobre os fondos europeos da pesca en España non se ve tan prexudicado como se van ver o resto dos fondos. Non é botarlle culpas a ninguén, é simplemente falar das realidades que temos e ser coherentes coa nosa maneira de traballar e de expoñer as cousas.

Señora Quinteiro, vostede di que temos incoherencia nese ditame que leu porque nos remitimos a que definan a pesca costeira artesanal na Unión Europea. Mire, explícollo. O que pasou foi que había unha proposta dun representante do Comité das Rexións que quería definir a pesca costeira artesanal como aquela realizada polas embarcacións de menos de 12 metros de eslora. Nós aquí, en Galicia, temos embarcacións que consideramos de pesca costeira artesanal porque teñen porto base nos portos de Galicia, traballan en augas interiores, traballan con artes selectivas e nós sempre as defendemos como de pesca costeira artesanal, pero que son superiores aos 12 metros de eslora. E o que lle dixemos nese ditame é que este non é o foro para definir o que é a pesca costeira artesanal, iso defínese no Regulamento da política pesqueira común, entón soamente se trata de definir os obxectivos do Fondo Europeo Marítimo da Pesca. Polo tanto, se vostede quere reabrir o debate da pesca costeira artesanal, esperemos a que se debata no regulamento que desenvolve como ha de ser a política pesqueira común. Esta é unha aclaración que a vostede lle supuña unha dúbida e creo terlla respostado.

E o que si non estou disposta a asumir —iso xa llelo digo a todos, e espero que non lle sente mal a ninguén— é que se transmita un aspecto tan dramático da realidade da pesca en Galicia a día de hoxe. Non se pode vir aquí e dicir con tanta alegría que hai que pescar o dobre para gañar o mesmo, iso é falso de toda falsidade. É máis, os datos que están á disposición de todos na páxina web de Pescagalicia.com, que non son datos que me invento eu nin que teño a ninguén tecleando alí, son datos subministrados polas propias lonxas, o que acreditan é que este último ano, o ano 2017, se cerrou cun incremento nas descargas e cun incremento na facturación. E o que se ve é que precisamente o marisqueo e a pesca costeira artesanal, descargando menos están facturando máis; é dicir, o noso peixe cada vez ten máis valor, porque sempre dixemos que temos que traballar coa calidade, diferenciarnos, e iso é o que lle dá valor á nosa produción.

Señora Prado, eu creo que non vou entrar en moitas das cousas que vostede dixo aquí, porque me parecen dunha incoherencia tan grande que iso si que sería para escribir un manual. Non se pode vir aquí dicir que a pesca artesanal non recibiu fondos. Non se pode vir aquí dicir que o marisqueo non recibiu fondos. Non se pode vir aquí con esas argumentacións, porque vostede é dun porto mariñeiro onde temos feito lonxas; onde temos feito centros de expedición; onde se teñen construído embarcacións para os diferentes armadores da pesca artesanal; onde se teñen construído bateas; onde se teñen construído barcos auxiliares de bateas; onde se teñen comprado básculas, balanzas, equipamentos informáticos para dotar de mellores medios as nosas mariscadoras; onde se lles pagou un paro temporal pola situación que había coa Martellia, nos Lombos do Ulla, de máis de dous millóns de euros, que cobraron os mariscadores que se viron afectados polo peche desa zona de produción, e todo iso sae dos fondos europeos.

E non se pode vir aquí dicir que eu estou financiando pensos e antibióticos para as grandes empresas da acuicultura. Vostedes teñen un trauma coas multinacionais, xa llelo dixen máis dunha vez. Eu non sei se saben que soamente nun ano poden cambiar de man máis de 500 bateas, e non vexo ningunha multinacional metida nas bateas. As bateas cambian de man entre os propios titulares de bateas, non vexo ningunha multinacional. Eu non lle financio o penso a ninguén, nin lle financio os antibióticos a ninguén; financiamos as liñas que se poden financiar de acordo co que hoxe ten establecido o Fondo Europeo Marítimo da Pesca que está en vigor. E digo que como está en vigor ese fondo, e como nós estamos vendo as dificultades que temos para poder realmente aplicar as axudas para o que no seu día se deseñaron, porque a complicación administrativa é moi grande, é polo que precisamente presentamos a nosa proposta de que sexa un fondo máis flexible, máis áxil, máis adecuado a cada unha das concas marítimas que integran toda a Unión Europea, e que dende as rexións poidamos cambiar entre eixos as dispoñibilidades económicas en función das necesidades que temos.

A señora Toja ten unha eiva, non sei, co tema da seguridade a bordo. Sempre me acusa de non sei que programa operativo. Non, non se ría, señora Toja, que o tema é bastante máis serio e máis complicado que todo iso. Vostede di que eu rebaixo os fondos. Mire, eu lle podó dicir que todas aquelas solicitudes feitas que cumprían os requisitos, todas, percibiron as axudas. Do que estamos falando aquí é doutra cousa. Estamos falando da necesidade de financiar o facer barcos novos que melloren a seguridade e a habitabilidade do persoal a bordo, porque cos barcos que temos hoxe é difícil convencer os xoves para que embarquen e teñan que compartir un camarote con 5 ou 6 persoas. Por iso nós trouxemos á responsable da xestión do Fondo Europeo Marítimo da Pesca a Galicia, para que entrara nun deses barcos e vira que o que estabamos pedindo non era un incremento na capacidade de pesca, senón melloras da habitabilidade a bordo dos buques. Pero, hoxe en día, toda a nosa frota que queira acollerse a axudas na navegación, para a seguridade a bordo, ten dereito a esas axudas, e, de feito, todos os anos sobran cartos porque non hai peticións suficientes para abordar o que está establecido na norma.

Repito o que lles dixen. Vin aquí dar conta do traballo que fixemos en nome e representación das 350 rexións que forman parte da Europa da que nós formamos parte. Agora vén o traballo de convencer, dentro do Consello Galego de Pesca, a ese grupo de traballo que defina que

máis podemos pedir no Fondo Europeo Marítimo da Pesca, e ese será o documento que traerei ao Parlamento de Galicia para intentar conseguir que sexa a postura unánime de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Comezamos agora unha rolda especial de aclaracións. Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Señora deputada do Partido Popular, señora Egerique, a verdade é que case me convenceu de que son vostedes unhas *hermanitas* da caridade e de que aquí vostedes nunca veñen enlamar o campo. *(Aplausos.)* Non, non, non... ¡Vostedes non saben nada de enlamar o campo! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu non sei... Si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu non sei por que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. *(Murmurios.)* Silencio, deixen falar a quen está no uso da palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! Rógolles a todos os deputados que deixen falar a quen está no uso da palabra, por favor.

Continúe, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Eu non sei por que lles molesta tanto que lles pidan explicacións cando hai algo do que dar explicacións, porque o César, ademais de ser honrado, ten que parecelo. É algo de manual. Ademais de ser honrado, ten que parecelo. Entón, pedir explicación de que aos fondos públicos se lles dea o uso que se lles teñen que dar, e que quede claro e transparente que non se fai un uso para beneficio propio, pois parece que ten que ser aquí, en sede parlamentaria, onde hai que dar esa explicación. E debería ser normal facelo, que para iso somos representantes públicos e debemos dar esas explicacións; debería ser o normal. *(Murmurios.)* Señora Prado, vostede que corre a dar roldas de prensa en canto hai a máis mínima coma fóra de sitio, e logo se encende tanto cando os demais pedimos explicacións, ¡debería estar calada, señora Prado! Vostede precisamente é a menos indicada para exaltarse por nada, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* é a menos indicada.

Efectivamente, vexo que non hai ningunha vontade de dar explicacións, señora Quintana, e eu ben que o sinto, porque ten unha oportunidade de ouro para explicar as cuestións. ¿Non quere aproveitala...? Pois, quen cala... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Efectivamente.

Dicía a señora deputada do Partido Popular que, claro, ¡así van as cifras! Afortunadamente goberna o Partido Popular, e así van as cifras. Unhas cifras de avellentamento do sector, abandono da actividade, 1.500 persoas, case 500 embarcacións, xa non vou dar as cifras do Gran Sol. E, claro, dicía vostede, señora Quintana, que os datos cuantitativos non son bos,

pero si os cualitativos. Claro, os cuantitativos non, 1.500 persoas que abandonaron a actividade e máis de 400 embarcacións de menos. Claro que os cualitativos non son bos, o que pasa é que vostede volve dicir aquilo de que máis descargas e máis facturación.

Vostede sabe que a relación descargas/facturación non é nada positiva. Sabe que hai moitas máis descargas para un pequeno aumento da facturación. ¡Pero vostede siga xogando cos números! Entón, avellentamento, abandono da actividade, emigración, non hai relevo xeracional, hai desmantelamento da frota, perda de emprego... Ben, pero eses son dos datos que presume o Partido Popular para que diga que si son as cifras.

E logo teño que recoñecer que a min me segue parecendo tremendo que veñan aquí dicir que das 350 rexións nos piden a Galiza que sexamos nós quen fagamos informe. Pero é o normal, ¿que outra rexión de Europa ten un peso no tema do mar como Galiza? ¡O normal é que sexa Galiza quen faga ese informe! ¡O normal é que sexa Galiza quen lidere as cuestións de pesca! ¿Por que lle sorprende o que é normal? ¿Canta necesidade de doses de autoestima e de confianza no país fai falta? ¿Canta necesidade de autoestima para que o que é normal, e que Galiza vaia con normalidade liderando estas cousas, non lle pareza unha cousa extraordinaria? ¿Canta necesidade de autoestima para que sexa normal e non o vexan como algo extraordinario? *(Aplausos.)*

A min paréceme moi ben que os recursos e os fondos vaian para a industria da transformación, ¡claro! Pero para o sector extractivo, para o marisqueo e para a baixura tamén, nunha relación de equilibrio. Non todo para aquí e as frangullañas para o sector que máis emprego xera no sector do mar. Non as frangullas para uns e a cabeza do león para outros. Iso é o que non lle parece ben ao Bloque Nacionalista Galego.

E aportacións, efectivamente, aportacións, aínda que o informe na súa fase inicial estea feito. Apoiamos o mantemento dos fondos estruturais específicos para a pesca —xa llo dixen antes, señora Quintana—, os fondos FEMP, cun cambio de rumbo clarísimo —tamén xa llo dixen antes—, un cambio de rumbo de 180 graos. Poder decidir nós o seu fin, que poidamos decidir nós a que destinalos, que non veñan especificados para que, como e de que xeito...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...para desenvolver e modernizar o noso sector pesqueiro, para o marisqueo, para a baixura, para o relevo xeracional, para modernizar a nosa frota, para que a contía dos fondos sexa acorde coa importancia da pesca, con criterios socioeconómicos e xeración de emprego. Porque os criterios económicos e sociais non son o que pesa á hora de tomar as decisións, senón que o que pesa é o peso político. E ata o de agora...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—remato, presidente— Galiza non tivo peso político á hora de tomar as decisións e foi a Unión Europea, o Estado español, os que tomaron esas decisións. E, dende logo, Galiza non saíu, nin moitísimo menos, beneficiada nese reparto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

Vou falar, primeiro, das descargas e da facturación.

Vostede hoxe dixo aquí que aumentan as descargas, que aumenta a facturación. Imos coller os datos, datos da Consellería, datos que non son falsos, non son inventados, son datos da Consellería. Para artes menores, no ano pasado aumentan as descargas un 6,70 %; a facturación, un 6,20 %. No caso do arrastre, aumentan as descargas un 5 % e a facturación diminúe un 9 %, aumenta a descarga, diminúe a facturación. No caso do cerco... (*Murmurios.*) Estes datos son da súa consellería, non sei que lle fai tanta graza. No caso do cerco aumentan as descargas un 44 % e a facturación un 14 %. No caso da volanta diminúen as descargas un 12 % e a facturación un 5 %. No caso do palangre de fondo, as descargas aumentan un 2 % e a facturación diminúe un 7 %.

Eu non sei de onde saca vostede os datos, pero estes datos son da súa consellería. Polo tanto, aumentan as descargas pero non aumenta a facturación na mesma proporción. A facturación son os euros, a xente o que quere levar para a casa son euros, non peixes só, quere levar euros. (*Aplausos.*) Dos euros é do que se come. Entón, se só aumentan as descargas pero non aumenta a facturación, o que estamos facendo é dar máis carga de traballo á xente pero non ingresos suficientes para cubrir eses novos custos que se xeran. (*Murmurios.*) Si, iso é así... (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, silencio!, xa hai unha portavoz dun grupo e os outros teñen outro portavoz para falar. ¡Silencio! Por favor, escoiten a quen está no uso da palabra; se non, que designen a outros.

Continúe, por favor.

A señora TOJA SUÁREZ: Moi ben.

A especie máis vendida... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, ¡por favor!...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Señor Trenor!

A señora TOJA SUÁREZ: A especie máis vendida foi o cabalón, ou a xarda pintada, que ten un prezo medio de 0,36 céntimos, 36 céntimos de euro. Esa foi a especie máis vendida o ano pasado.

¿Que demostra isto? Que Galicia é deficitaria en xarda, xurelo e pescada. E as frotas do cerco, da volanta e artes menores non poden pescar de acordo co estado dos seus recursos. Iso é o

que hai. Vostede falounos hoxe de facturación, falounos de descargas, pero esa é a situación.

Respecto dos orzamentos, di que temos esa teima, esa teima coa seguridade. Pois si, nós temos unha teima coa seguridade precisamente porque no que vai de século ocorreron preto de cen sinistros marítimos. E desgraciadamente é unha cuestión que nos preocupa, que nos preocupa moito, si. E aquí ten as execucións do programa 723A. En amarelo, o que se podía facer; en verde, o que realmente se fixo, o 30 %. A execución é dun 30 % e aí está metida a saúde, aí está metida a seguridade, aí están metidas adversidades climatolóxicas, tamén formación para menores e tamén axuda a novos pescadores e investimentos a bordo. E na V Conferencia internacional de Arvi, que houbo hai nada, unha das cousas das que se comezou falando foi da necesidade de facer novos barcos, barcos novos e tamén barcos novidosos. E para iso son moi importantes eses investimentos a bordo e esa innovación e esa eficiencia. E nos orzamentos, mírese como se mire, entre o ano 2017 e o ano 2018 estas partidas reducíronse, mírese como se mire. Polo tanto, vostede pode discutir o que queira, pero os orzamentos están aí, as execucións están aí, os datos de facturación están aí.

Por outro lado, respecto do Brexit. Nós defendemos o Brexit como unha oportunidade, sempre o defendemos. E recordámoslle que non pode ser un obstáculo de acordo cos fondos europeos.

E para que me dea tempo a dicir todo o que teño que dicir —con tantas interrupcións...— voulle facer unha pregunta respecto da cuestión dos fondos europeos do rural, esa que lle comentabamos e á que, por certo, non nos contestou nada. Imaxino que, por estratexia, o garda para despois. ¿Que hai de falso nun DOG? Vostede dixo que o que nós dixemos é falso. ¿Que hai de falso nun DOG? ¿Que hai de falso nunha certificación dun concello, do Concello de Ordes, precisamente onde gobernan vostedes? ¿Que hai de falso niso? Neste DOG dise que a data límite é 15 de setembro de 2017 para presentar a licenza municipal. E nesta certificación do Concello de Ordes di que a licenza ten data de 28 de marzo de 2018. ¿Que hai de falso niso? Por favor, explique que hai de falso niso. Vostede ten que explicalo, porque vostede veu aquí e falounos de confianza, polo tanto vostede ten que explicalo.

E tamén lle digo que debería disculparse polo xesto que fixo. *(Aplausos.)* A min paréceme unha ordinariez que non é propia dunha conselleira. *(Fortes murmurios.)* Si, si, a min paréceme que non é propia dunha conselleira. E, se entramos na páxina web do Parlamento, pon que é a casa dos galegos e das galegas, de todas e todos os galegos e as galegas, e tamén dos que nos respaldaron a nós e a nosa forza política. E cando vostede fai iso está desprezando os galegos e as galegas que confiaron en nós. *(Aplausos.)* Entón, vostede non debería facer iso, debería disculparse, debería disculparse. Vostede, ademais, sabe que non é a primeira vez que me manda unha mensaxe deste tipo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! ¡Silencio, hai moitas gañas de diálogo nesta Cámara! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio, por favor!, que hai unha portavoz que necesita comezar a súa intervención. Se os grupos queren designar outros portavoces, pódeno facer, así que..., silencio.

Comece, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Ben, como dicía, o primeiro que temos que dicir —porque moitas veces neste Parlamento se ven cousas surrealistas— é que o único grupo ou o grupo que máis se dedica a enlamar os debates deste Parlamento é o Partido Popular. Sobre todo, cos temas dos que non lle interesa falar e dar ningunha proposta o único que fai é desviar o tema. Eu creo que aquí o único que se fixo non foi enlamar, foi pedir explicacións... (*Murmurios.*) Eu o único que fixen foi pedir explicacións para que a conselleira respostara. Levoume a solicitude de explicacións —non teño o tempo cronometrado— ao mellor arredor de vinte segundos. A voceira do Partido Popular, que dixo que fixemos intervencións lamentables os grupos da oposición, que non aportamos nada, igual dedicou oito dos dez minutos a falar das nefastas intervencións da oposición; ou sexa, nin unha soa proposta. Foi vostede, a voceira do Partido Popular, a que non fixo nin unha soa proposta, e, sen embargo, pareceulles moi ofensivo que se pediran explicacións. Unha cousa bastante normal, porque dar explicacións non ten que ter ningún problema.

E nós o que non entendemos é que sempre que hai este tipo de comparecencias o único que se fai é dicir o maravilloso que é o Goberno, todo o que se fai ben dende o Goberno. E realmente así é moi difícil ter algún tipo de debate. Pero logo, iso si, só din que a oposición é malísima porque non favorece o debate e só se dedica a enlamar, algo bastante falso.

Despois, un dos argumentos que se utiliza de maneira recorrente, non só cando se fala deste sector, senón en xeral, cando falamos da situación de Galicia, é que se debuxa dende a oposición un panorama irreal e un panorama moi negro e catastrofista. E nós temos que dicir que non é certo. Nós, cando falamos de que a situación é dramática, ou é mala, negativa, que a tendencia é negativa, é porque os datos así o dan, porque nos parece moi preocupante, como dicía, esa perda de persoas no réxime especial do mar, etc., e todos estes datos. E entón o que temos que avaliar é por que se dá esta situación. Dicir que todo vai mellor non nos vai servir para que a situación realmente mellore. Entón, non entendemos por que hai esa falta de autocrítica sempre. E hai que avaliar realmente as causas que se atopan detrás.

Nós concordamos en que un dos problemas fundamentais é a falla de relevo xeracional. Esa é unha das tarefas pendentes que se deben asumir para mellorar a situación do sector. Ben, pensemos sobre por que moitos mozos e mozas non poden traballar neste sector. Nós cremos que a autocrítica é necesaria para levar adiante políticas públicas efectivas.

Despois, no relativo ao tema da pesca artesanal, é verdade que non nos vale a explicación que nos deu. Voulle ler literalmente o que di o ditame, porque a lectura literal para nós di

algo diferente ao que aquí explicou. E literalmente subliña a importancia de definir claramente os elementos que deben apoiarse para unha aplicación áxil e correcta do fondo. É necesario definir de forma xenérica as liñas elixibles e proceder a afinar os elementos que deben apoiarse no marco da conca e da rexión. En particular, pídese á Comisión Europea que defina ou elabore unha definición de «pesca costeira artesanal» tendo en conta novos criterios e co fin de reflectir a realidade e a diversidade da frota da Unión Europea.

Isto non abre un debate, senón que nós entendemos que se delega unicamente na Comisión. E nós entendemos... En realidade, entón, non é tanto que non nos entenderamos, senón que ao mellor temos unha opinión algo contraditoria.

Como dicía tamén na miña primeira intervención, para nós este é un debate fundamental. Creo que niso hai acordo, en que é un debate fundamental, pero nós o que cremos é que dende aquí temos que ter unha posición clara, firme, e facer valer que os sectores estean —digamos— de primeira man metidos no debate e na discusión sobre esta definición.

E volvo incidir en que me parece necesario facer unha avaliación de por que temos eses datos tan negativos na execución orzamentaria, porque, como digo, non nos vale de nada que falemos dos fondos en abstracto cando despois, á hora da verdade, temos esta execución tan baixa. ¿Pensaron vostedes ou adiantaron algún tipo de medida para realmente mellorar a execución destes fondos? Porque se non melloramos esa execución, se non damos... Nós temos unha proposta concreta que xa mencionei na miña primeira intervención. Cremos que as rexións teñen que ter un peso fundamental na redistribución destes fondos, porque, se non, cremos que non imos avanzar.

Pero, en resumo, eu diría que o que fai falta é un cambio de modelo e entender que os debates deben darse na zona máis apegada. E cando se fala de consenso, de diálogo, hai que pólo en práctica, non podemos unicamente facer e despois escoitar. Eu entendo que agora se abre un proceso —así o explicou— de diálogo. Pero nós temos que volver incidir, como dixen na miña intervención, en que consideraríamos óptimo e mellor que ese diálogo empezase realmente antes de trasladar este ditame. A verdade, parécenos un pouco unha falta de respecto para este Parlamento, porque cremos que para este ditame hai moitas cuestións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...que debemos mellorar, como xa mencionei; por exemplo, o tema da economía azul. E, en parte, furtouse este debate.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, a señora Teresa Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señora Prado, vostedes teñen a pel moi fina. Vostede tamén se ofende moito cando lle pedimos explicacións de cando vostede era directora xeral e asinaba diferentes ordes e tiña unha xestión. Vostede ponse moi nerviosa e ten vostede a pel moi fina, cando iso si que é un auténtico debate político parlamentario, un auténtico debate político parlamentario.

Recoñeceu un pequeno aumento na facturación, ¡un logro! Señora Quintana, siga traballando porque parece que convenceu algo. Porque eu levo escoitando na Comisión 8ª ese discurso catastrofista de que non aumenta nada, de que todo vai mal, e hoxe acaba de recoñecer un pequeno aumento na facturación. E teño que dicirlle que fai falla un labor político moi amplo e moi intenso para que Galicia sexa a que encabece o Comité das Rexións entre as trescentas cincuenta. Vostede pensa que é chegar a Europa, e en Europa non regalan nada. Fai falla un labor político moi intenso, e, polo tanto, recoñeza que esta Xunta traballou moito e aí está Galicia para representar o Comité das Rexións.

Señora Toja, o que hai de falso, o que tanto preguntou vostede, o que hai de falso é a súa acusación, o que hai de falso é o Grupo Socialista. E o que é unha ordinariez é gastar 15.000 euros nunha noite nunha juerga. Esa si que é unha auténtica ordinariez, *(Aplausos.) (Murmurios.)* unha auténtica ordinariez. Para min esa é unha auténtica ordinariez.

Señora Toja, vostede si que non recoñeceu ningún aumento na facturación, entón creo que debe revisar os datos. Creo que debería escoitar máis os discursos da señora Quintana cando vén aquí, porque realmente fala de feitos e datos fiables. Hoxe a señora Prado conseguiu recoñecelo. A vostede quedalle tamén un pequeno camiño para facelo. Polo tanto, conselleira, siga traballando nesa liña agora que ninguén cuestiona o fondo, porque xa se cuestionou o fondo e, polo tanto, vanse dando pasos, van convencéndose de que este traballo que está facendo a Xunta de Galicia do Partido Popular está sendo beneficioso para o sector. Polo tanto, dixo vostede algo que é moi certo, que é moi certo: que aprendan dos galegos. Vostede sempre foi a voz do sector da pesca en Galicia, vostede nunca impuxo o seu criterio por encima do criterio do sector. E iso teñen que sabelo vostedes tamén, deputados da oposición, porque é certo, e día a día demóstrao.

Polo tanto, temos toda a confianza na súa xestión, e este Grupo Parlamentario Popular estará para aportar todas as ideas e todas as iniciativas que sexan necesarias para a repartición deste FEMP. Vostede ten a nosa confianza e o noso apoio, coa esperanza de que os debates nesta Cámara, sobre todo cando se fala de pesca, sobre todo cando se fala dun futuro que pode ter moitos beneficios para Galicia en postos en traballo, moitos beneficios na industria, moitos beneficios para o mar, para as rías, para o peixe, para o que vostede leva entregada a maior parte da súa vida laboral, señora Quintana. Polo tanto, esperemos que os debates nesta Cámara sexan máis construtivos, porque seguramente o sector nolo agradecerá.

O Grupo Parlamentario ten o seu apoio, agradece que hoxe tivera a deferencia de vir aquí explicarnos cal é a folla de ruta do Goberno con respecto ao FEMP. Polo tanto, siga traballando nesa liña porque cremos que iso é o que trae beneficios ao sector da pesca en Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Ten o turno de dúplica a señora conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Egerique, de novo moitas grazas. Contarei cos apoios e coas ideas do Grupo Popular para reforzar a postura de Galicia no novo Fondo Europeo Marítimo da Pesca.

Señora Prado, señora Toja, autoestima. Que bonita é esa palabra, ¿verdade? Pois a autoestima nós témola moi alta, e dende que chegamos ao Goberno, alá polo 20 de abril do 2009, o único que fixemos foi, con esa autoestima, traballar para cambiar a imaxe que en Europa tiñan dos pescadores galegos. E iso levámolo conseguido.

E claro que temos autoestima, pero non é fácil que 350 rexións se poñan de acordo para dicir que Galicia sexa a que ten que conseguir unir os intereses e os criterios de todas as concas marítimas para definir o que debe de recoller o novo Fondo Europeo Marítimo da Pesca. E iso conséguese, ¡claro que si!, con autoestima, pero tamén con traballo e con credibilidade. Conseguindo convencer a Europa de que, cando imos alí, imos con datos, imos con argumentos, e iso é o que ten cambiado da visión que teñen hoxe en Europa de Galicia. Hoxe os postos medios da Unión Europea, da DG MARE, din que para entender a pesca hai que vir a Galicia, ¡e veñen a Galicia, (*Aplausos.*) e aprenden de nós aquí! (*Aplausos.*) E iso é ter autoestima. (*Aplausos.*)

E, claro, a min sorpréndeme cando veñen aquí e dinme que soben as descargas pero que a facturación sobe moi pouquiño. Ben. Como di a señora Egerique, xa recoñecen algo: que sobe. ¡A min xa me gustaría que seguira subindo máis!, e nesa liña vou seguir traballando. E nesa liña levo dicindo que temos que mellorar aínda moito a comercialización, para ser capaces de poñer en valor a calidade dos nosos produtos. E tamén estou traballando seguido cos nosos armadores e cos nosos mariñeiros, dicíndolles que non podemos estar vendendo un peixe a 0,30 porque ten unha calidade exquisita e temos que ser capaces de comercializalo mellor. Eu non estou dicindo que xa conseguiremos todo o que había que facer na pesca en Galicia ao cen por cento, estou dicindo que estamos mellorando.

Claro, vostede pode vir hoxe aquí e dicirme que soben as descargas e sobe a facturación, pero que a facturación sobe menos que as descargas. Pero é que cando eu cheguei, no ano 2009, o único que había era: baixan as descargas, baixan as vendas, baixan as descargas e baixan as vendas. E así foi os catro anos consecutivos que vostedes estiveron gobernando, que o único que lle pasou á Galicia mariñeira cos gobernos do Partido Socialista foi: menos posibilidades de pesca en Europa, menos posibilidades de comercialización, menos axudas e menos credibilidade en Europa. ¡Iso foi o que vostedes nos deixaron durante toda a súa lexislatura! (*Aplausos.*)

É moi fácil vir aquí e dicirme a min que o único que estou facendo é traballar polos desguaces. Mire, dende o ano 2005 ao ano 2009 desguazáronse en Galicia 538 barcos. Eu non gobernaba naquel momento, nin o Partido Popular estaba no Goberno nin nas institucións naquel mo-

mento. Dende o ano 2009 ao 2013 desguazáronse 248 barcos. Para min é unha pena cada un que se desguaza, teño que dicilo. E estamos traballando. E eu estou coa señora Quinteiro en que unha das cousas importantes que temos que facer é conseguir o relevo xeracional. Pero, como ben dicía, para conseguir o relevo xeracional temos que conseguir destapar da Unión Europea a posibilidade de dar fondos para que se poidan construír barcos novos, pois cos fondos que temos hoxe, señora Toja, non se poden facer barcos novos financiándoos cos fondos europeos porque está prohibido polo Regulamento da Unión Europea. Entón, o que lle estamos dicindo á Unión Europea é que nos permita financiar a compra de novos barcos, a construción de novos de barcos. ¿Que non incrementen a capacidade pesqueira? De acordo. Pero que si permitan mellorar a vida a bordo dos nosos mariñeiros, para conseguir facer atractiva esta actividade.

No caso dos cartos de formación, señora Toja, pode revisar o presuposto; este ano incrementáronse un 2 % e o ano pasado incrementáronse un 5 %. Temos, entre o ano 2017 e o ano 2018, un 7 % mais de fondos destinados para a formación. As medidas de seguridade ás que vostede fai referencia, soamente se poden financiar con esa liña as medidas que están contempladas no Fondo Europeo Marítimo de Pesca, non calquera medida que queira facer calquera armador. Por iso digo que todas as que se poden financiar e nolas teñen pedido, téñense atendido. E sobran cartos porque non hai peticións, porque non hai máis necesidades que as que xa están financiadas. Iso é o que lle quero dicir. O que buscamos no novo fondo é precisamente que aquelas cousas que quere incorporar o noso sector nas nosas embarcacións e que hoxe en día non se poden financiar, que se poidan financiar no novo fondo. Espero terme explicado o suficiente.

Eu espero vir en próximas datas por aquí a falar do traballo que se realice no grupo de traballo do pleno do Consello Galego de Pesca. Virei aquí, traerei o documento, e espero de verdade enriquecelo.

Eu hoxe viña aquí falar de pesca. Son conselleira do Mar e veño comparecer cos temas que teñen que ver coa miña consellería. Con respecto ao que aquí se ten acusado, é a outra consellería á que lle toca dar explicacións, daranse todas as explicacións. E só quero dicir unha cousa: como ben dicía a señora Egerique, levo trinta anos mirándolle á cara á xente. Levo trinta anos de máximo respecto e honorabilidade, que espero que vostede teña. Eu, señora Toja, se en algo lle falei, pídolle desculpas. O único que lle digo é que o orgullo que teño eu do fillo que teño, ¡oxalá vostede tivera a metade do que ten! ¡Seguro! (*Aplausos.*) Porque eu só me podo sentir orgullosa do meu fillo, (*Aplausos.*), é un rapaz universitario, si, (*Aplausos.*) pero é un rapaz traballador tamén. (*Aplausos.*) Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira. (*Fortes aplausos.*)

Pasamos á seguinte... (*Aplausos.*) Pasamos á seguinte iniciativa.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentáronse emendas por parte do Grupo Parlamentario de En Marea e por parte do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado David Rodríguez Estévez e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débense engadir na parte resolutiva os seguintes puntos:

- 10. Cumprimento inmediato dos plans de acción da avaliación de riscos laborais.*
- 11. Facer unha campaña institucional divulgativa sobre a labor que realizan os e as Axentes Medioambientais.*
- 12. Facer públicas as estatísticas de infraccións e dilixencias xudiciais que realiza o Corpo de Axentes Medioambientais.*
- 13. Habilitar un perfil oficial nas redes sociais como teñen outros corpos adscritos a Consellería de Medio Ambiente.*
- 14. Habilitar un teléfono de atención o cidadán para denuncias medioambientais.*
- 15. Integrar as e os axentes medioambientais no 112 de Galicia, xa que agora mesmo estase incumprindo por parte da Administración galega da Lei 17/2015 del Sistema Nacional de Protección Civil onde no seu artigo 17 o cita expresamente.*
- 16. Facilitarnos formación técnica e policial para o desenvolvemento das citadas funcións na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) pero principalmente na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).)*

(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva da Moción, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir negociando coas organizacións sindicais a fin de acadar un acordo en materia de condicións de traballo e funcións das escalas de axentes forestais e medioambientais e de mellora organizativa e operativa das brigadas de defensa contra os incendios forestais para o período 2018-2020”

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Boa tarde.

Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías. E boa tarde aos asistentes que hoxe nos acompañan no pleno.

Acaba de marchar a conselleira, e estou máis que seguro —pódenllo dicir— de que a señora Toja está polo menos igual de satisfeita cos seus fillos que ela. *(Aplausos.)* Igual. *(Aplausos.)* Polo menos igual. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* ¡Polo menos igual! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. *(Murmurios.)* Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Continúe.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, porque resulta... *(Murmurios.)* ¿Podo seguir, presidente? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. *(Murmurios.)*

¡Silencio!

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Despois... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Continúe.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Despois de asistir esta mañá ao debate e á votación, por suposto, na que solicitabamos o cese da valedora do pobo, e de asistir a unha parte do debate desta tarde na comparecencia da conselleira do Mar, recomendaríalles que acudan aos dicionarios, tanto da Real Academia Galega como da Real Academia Española, a consultar o termo «nepotismo». E iso é o que aquí estamos escoitando moitísimas veces. É increíble a capacidade de autocompracencia que teñen no Partido Popular ante estes escándalos, ¡é increíble! Pero, vamos á cuestión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, están en Google, facilmente accesibles. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Non sei por que teño que... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non dialoguen. *(Murmurios.)* Silencio. ¡Silencio! *(Murmurios.)*

Continúe, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: No pasado pleno, do 20 de xuño, precisamente interpelamos —e compareceu ca conselleira do Medio Rural— para saber cales eran as intencións do Goberno galego en relación coas negociacións que estaban estancadas—e parece ser que aínda están— cos axentes forestais e cos axentes medioambientais, adscritos ben á Consellería do Medio Rural ben á Consellería de Medio Ambiente. E faciamos esta interpelación —como digo, comparecía a conselleira de Medio Rural— para saber cales eran as intencións do Go-

berno galego en relación cunha negociación sobre a mellora necesaria, absolutamente necesaria, das condicións de traballo dos axentes forestais e medioambientais, unha vez que está absolutamente obsoleto aquel acordo de 2005. Tamén para saber cales eran as intencións sobre abordar un novo regulamento de funcións precisamente da nova escala adscrita ao grupo B desde o ano 2015, da Lei de emprego público de Galicia. E tamén para coñecer as intencións do Goberno galego precisamente en relación con todos os procesos de mellora das brigadas forestais e en relación tamén cun tema fundamental como o que nos preocupa, como pode ser a investigación dos incendios forestais.

Faciamos esta interpelación á conselleira precisamente aquel día 20 de xuño, no que ela mesma publicaba no *Diario Oficial de Galicia* a Orde na que se establecía e se determinaba o período de alto risco de incendios entre este 1 de xuño pasado e o vindeiro 30 de setembro. E a propia conselleira de Medio Rural —e así procedeu inmediatamente a consellería a publicalo tamén no seu portal e a publicar a bombo e platillo eses anunciados compromisos ante esta interpelación— facía toda unha serie de compromisos en relación con esta problemática que está a preocupar a máis de 500 empregados públicos autonómicos das escalas de axentes forestais e de axentes medioambientais. A conselleira —se non me equivoco— podíamos dicir que presentaba basicamente cinco compromisos. Podemos sintetizar en cinco os compromisos que a conselleira do Medio Rural presentou aquí nesta Cámara, como consta no *Diario de Sesións*, ante os diferentes grupos políticos.

En primeiro lugar, dicíanos —creo que é literal— que na última semana do pasado mes de xuño a Consellería de Educación presentaría a oferta formativa necesaria para o curso académico 2018-2019 para facilitar aos axentes que necesiten adquirir a titulación necesaria para ser adscritos ao novo grupo B da escala, que así o puideran facer, para superar ese 40 % dos axentes coa titulación necesaria. E dicíanos que iso suporía un incremento salarial de arredor de 2.000 euros por axente e ano no soldo base.

Segundo compromiso da conselleira de Medio Rural: o aumento do complemento de destino, no período que vai de 2018 a 2020, que suporía —tamén o dixo literal— outros máis ou menos 2.000 euros por axente e ano. Co cal, estaba a falarnos de que ese incremento ascendería aproximadamente a 4.000 euros axente/ano nesta negociación.

Un terceiro compromiso que así figura —como digo— na súa comparecencia, ante a interpelación que lle fixemos, era, evidentemente, levar a adiante unha nova orde de condicións de traballo en substitución —como dicíamos— da orde obsoleta do ano 2005. E abordar, evidentemente, un novo Regulamento para establecer as funcións da nova escala de axentes forestais agora adscritos ao grupo B.

Un cuarto compromiso da propia conselleira do Medio Rural era aumentar —dicíanos— o 50 % o complemento de produtividade en período de alto risco de incendios, ata chegar ao importe de 448 euros ao mes.

E un quinto compromiso que asumiu claramente nesta tribuna a conselleira de Medio Rural era facilitar que as quendas nocturnas non foran presenciais, senón de localización.

Eu daquela comentáballe á conselleira que, sendo consciente de que sendo unha negociación que vai pilotar e que está pilotando a Consellería de Facenda a través da Dirección Xeral de Función Pública, unha negociación onde tamén ten algo que dicir a propia Consellería de Educación, unha negociación onde algo tamén ten que dicir —ou debería dicir— a Consellería e a conselleira de Medio Ambiente, íalle ser difícil arrancar e poñer en marcha estes compromisos.

Por iso a pregunta que podemos facer hoxe, á hora de presentar esta moción por parte do Grupo Parlamentario Socialista, é realmente se se van cumprir polo menos os compromisos que a conselleira de Medio Rural presentou nesta Cámara o pasado 20 de xuño. Por certo, falando de compromisos, o que non se pode é vir aquí dicir... e sobre todo o que non se pode é dicirlles aos axentes forestais e medioambientais que son medidas de mellora de condicións de traballo a incorporación dos novos vehículos 4x4, os 20 turismos, é dicir, todos os temas das tabletas, que estaban incorporándose sen datos e sen cartografía, cando os turismos e os propios vehículos, primeiro, son instrumentos de traballo; e, en segundo lugar, non son só para os axentes forestais, como sabemos.

Temos noticias precisamente de que no curso das poucas xuntanzas que houbo, se é que houbo algunha, que nos explicarán —supoño— por parte do Partido Popular, incluso o proceso de negociación segue estancado porque estanse formulando por parte da Xunta de Galicia posibles incrementos dunhas sesenta horas —polas notas que temos— ao ano nos horarios nocturnos sen ningún tipo de compensación ou sen ningún tipo de compensación naqueles casos en que á parte de coartarse os días de libre disposición, que facilitan evidentemente as posibilidades de conciliación de vida persoal e laboral, tampouco se están establecendo compensacións precisamente para os casos nos que polo alto risco de incendios e de intervención se teña que prescindir de períodos vacacionais. E por iso os axentes forestais, nas últimas xuntanzas que tiveron, parece que están anunciando posibles medidas de paro ou posibles medidas de interrupción dos servizos a finais deste mes ou principios do mes de agosto, o cal debe ser da máxima preocupación, por suposto, dos propios axentes, pero, sobre todo tamén, do propio Goberno galego.

Por iso desde o Grupo Parlamentario Socialista, e con motivo daquela interpelación do día 20, traemos hoxe —e esperamos contar coa aprobación dos grupos políticos nesta cámara— unha moción resumida en nove puntos que basicamente tratan, por unha parte, de mellorar as condicións de traballo dos axentes forestais e medioambientais e, por outra parte, de mellorar organizativa e operativamente o que é o sistema de funcionamento das brigadas de defensa contra os incendios forestais.

E nese sentido un primeiro punto da moción é precisamente abordar ese novo réxime de prestación de servizos, de horarios, de vacacións, de licenzas, de permisos, con especial atención —insistimos— á redución de horarios de traballo, ata igualalo ao resto do persoal autonómico, coas compensacións que procedan, de xeito que permitan esa conciliación, a compensación das gardas e as axudas de custo por prolongación de xornada.

En segundo lugar, é un tema fundamental —como tamén anunciamos— a mellora do complemento específico en homologación e referencia coas escalas correspondentes dos servizos de gardacostas.

Regular a segunda actividade, saúde laboral, programa de igualdade de conciliación, uniformidade, armamento e medios de traballo tamén son outra das cuestións fundamentais nesta negociación.

Abordar un regulamento das funcións xerais específicas —como dicíamos na interpelación— da nova escala do grupo B, tanto en materia forestal como en materia de incendios, como en materia de conservación da natureza, é outro elemento clave para o conxunto dos axentes forestais e medioambientais de Galicia.

Crear as trinta prazas prometidas de axentes forestais, establecer mecanismos de carreira administrativa vertical e horizontal, tamén con melloras do complemento de destino anunciadas pola propia conselleira, ou, evidentemente, como se anunciara en diversas negociacións tamén, aumentar de forma progresiva o período de actividade das brigadas contra incendios de carácter fixo descontinuo co necesario incremento das prazas prometidas en mesas de negociación, que en materia de bombeiros forestais puideran estar en torno a catrocentas.

Estas son as medidas que presentamos nesta moción e que nos gustaría contar co apoio de todos os grupos políticos para que non só diante deste período de alto risco de incendios, senón nos sucesivos períodos de incendios e, sobre todo, tamén coa necesidade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...—remato, presidente— dos traballos en materia forestal e en materia de biodiversidade, a gardería forestal de Galicia teña unhas condicións de traballo que lle permitan levar adiante as súas funcións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...coa mellor das eficiencias.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Díaz.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Moitas grazas, presidente.

Benvidos aos compañeiros que nos acompañan hoxe.

No pasado pleno a conselleira de Medio Rural mentiu, e mentiu ao manipular os datos. Non sei se é que lle menten a ela e a enganar, ou se é consciente do que dixo neste parlamento. Coas cantidades e melloras que ela expuxo aquí, eu penso que mañá mesmo as axentes e os axentes medioambientais asinarían o acordo, pero tristemente isto todo é fume.

O colectivo de axentes forestais e medioambientais cualifica de miserable a última proposta achegada pola Xunta. Nada que ver coa que dixo aquí a señora conselleira no marco das negociacións do novo acordo laboral, xa que a Administración galega pretende que traballen durante seis meses en quendas de doce horas, o que aumentaría a xornada anual a máis de dúas mil horas. E todo sen ningún tipo de redución horaria nin compensación adicional, o que entenden que prexudicaría a vida, a conciliación familiar.

Tras anos de espera, en novembro do ano 2017, iniciáronse unhas negociacións cun interlocutor que fixa a data do 1 de decembro do ano 2017 como límite para renovar un acordo de condicións de traballo asinado no ano 2004 e caduco dende o ano 2007. O director xeral de Función Pública presentou unha proposta inasumible que eleva a xornada anual a máis de dúas mil horas. A Xunta achega un borrador de proposta —se se lle pode chamar así— sen ningunha redución horaria nin compensación adicional con días de descanso. Temos aquí a proposta (*O señor Rodríguez Estévez amosa un documento.*): catro folios con cinco puntos. Os membros da Comisión 7ª xa coñecen estoutro acordo. (*O señor Rodríguez Estévez amosa un documento que visualiza.*) Este é o acordo do preacordo do 12 de abril deste ano 2018 da Mesa Técnica do Corpo de Axentes Forestais da Comunidade de Madrid. É un acordo con vinte e dúas páxinas, un acordo con obxectivos, un acordo con recursos humanos, con recursos materiais, con xeración de emprego, con xornada laboral, con escala operativa, con escala técnica, con retribucións, con aumento de nivel e complemento de destino, etc. Isto é un acordo serio e non o que presentan vostedes.

O pasado 24 de maio, as compañeiras e os compañeiros axentes medioambientais, nunha manifestación convocada en Compostela por distintas organizacións, acudiron máis de trescentos traballadores e traballadoras, o colectivo dixo non a esta proposta, pedindo uns horarios e un salario digno. A Xunta, outra vez máis, desoe as demandas deste colectivo.

A policía medioambiental hoxe está sen vehículos; os directores de extinción no 99 % dos incendios forestais seguen sen cobrar moitas das gardas do ano pasado; os mellores investigadores dos nosos lumes, das causas, continúan sen un horario axeitado que lles permita a conciliación e a súa vida laboral e familiar, e sen as prazas da RPT que o presidente da Xunta prometeu aquí crear, e sen que os axentes que perseguen o furtivismo teñan unha seguridade xurídica.

¿Cal é a razón obxectiva para que case os seiscentos axentes medioambientais funcionarios da Xunta non estean incluídos nos operativos de emerxencias do medio natural? ¿Cal é a razón obxectiva para que a formación sexa case nula e a dotación de material sexa testemuñal? A Xunta segue a ignorar as demandas deste colectivo, deixando pasar os días, namentres estamos —como ben dixo o señor Villoslada— na campaña de alto risco de incendios forestais, e o conflito continúa sen resolverse. Polo que dende En Marea temos que preguntar que pensa facer o Goberno con estes e con estas axentes. Os traballadores e as traballadoras xa advertiron en varias ocasións que o actual acordo laboral non serve para atallar os grandes lumes que se están a producir no país.

De aí que vaiamos apoiar esta iniciativa. Achegamos unha serie de emendas que pensamos que contribúen a que vaia un pouco máis completa dende o cumprimento inmediato dos plans

de accións contra a avaliación de riscos, campaña institucional divulgativa sobre o labor que fan os e as axentes medioambientais e facer públicas as estatísticas de infraccións e dilixencias xudiciais —por certo, documentación que xa pedimos no mes de xaneiro polo artigo 9 dende o Grupo Parlamentario de En Marea e que aínda no día de hoxe non nos foi entregada—, perfil oficial nas redes, teléfono de atención ao cidadán, formación técnica, etc.

Estamos xa na campaña de alto risco e seguen sen un acordo laboral que permita apagar os lumes que nos veñen ademais agora de nova xeración. Estamos na campaña de máximo risco e vemos como o actual goberno actúa cun desleixamento de funcións total e é incapaz de redactar un novo acordo laboral que permita apagar e dirixir os lumes de nova xeración.

O futuro dos nosos montes hoxe está...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...na man desta xente, nos funcionarios da Xunta que defenden e coñecen a terra, o monte en todo o seu conxunto, e aos que vostedes lles negan medios para poder actuar na orixe do problema. Eles non son o problema da política forestal produtivista que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...trae lumes e acaba coa nosa terra, eles son a solución.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi boas tardes.

A administración está xa negociando coas organizacións sindicais como fai sempre. Por iso, señor Díaz, presentamos unha emenda coa que pretendemos que quede claro que o proceso de negociación está aberto, en marcha e que desde o Parlamento debemos contribuír a que se chegue a este acordo que todos agardamos. Pero creo que é bo deixar negociar a Xunta coas organizacións sindicais. E teña por seguro que todos estes puntos se están tratando nesa proposta.

Unha proposta que, por certo, inclúe incrementos por pase do grupo C ao grupo B ou as subas de niveis. E isto é importante salientar que os niveis actuais nos que están os axentes son no número 14, o axente zonal está no nivel 16 e o axente territorial está no 18, que van pasar, respectivamente, ao 18, 18 e 20. Polo tanto, creo que isto sumado a todos os demais conceptos que se están negociando —para que se faga vostede unha idea— supón un incre-

mento aos axentes, que son os dous terzos do persoal, dun 25,11 %, aos axentes zonais un 21,42 % e aos axentes territoriais un 21,99 %. Polo tanto, creo que son incrementos bastante salientables, e agardamos que haxa un acordo coas organizacións sindicais.

Pero, en todo caso, gustaríame comentar algúns aspectos que se comentaron aquí polo Partido Socialista, tamén por En Marea, aínda que de En Marea me sorprende que todas estas cuestións que tratou aquí non as incluíron nas recomendacións para o ditame da Comisión forestal. Creo que, se tanto interese teñen, podían incluír ao menos algún apartado falando desas reivindicacións que agora esgrimen aquí, pero non falou cando puido falar.

Estase a negociar na actualidade unha nova regulación da prestación de servizos aos axentes que substitúe esa orde do ano 2005. E nela, respecto do horario, o borrador desta orde inclúe expresamente que a xornada anual dos efectivos para este colectivo será idéntica á do restante persoal funcionario da Xunta de Galicia. E respecto das compensacións económicas, prevese o pagamento dun complemento de produtividade pola intensidade de quendas e o traballo de doce horas durante o período de alto risco de incendios forestais, ademais do pagamento de axudas de custo por manutención durante o mencionado período.

Por outra banda, no acordo comprométese a negociación duns principios de pase a unha situación administrativa especial de segunda actividade para o persoal que teña cumpridos os sesenta anos e conte nun período mínimo de actividade desenvolta na escala. Esta proposta, que realmente é moi semellante á que xa se puxo en marcha mediante o acordo cos bombeiros forestais, depende de que unha norma con rango de lei estableza a mencionada situación administrativa especial, dada a especial condición de funcionarios públicos destes colectivos.

No referente á seguridade laboral, estanse poñendo en marcha procedementos de adaptación de postos como consecuencia da vixilancia e da saúde dos empregados, así como a avaliación dos equipos de traballo e outras medidas para mellorar as condicións de traballo e elevar o nivel de protección e seguridade e saúde laboral do colectivo.

En canto aos programas de igualdade e conciliación, ¡home!, señor Díaz Villoslada, saiba vostede que Galicia é un referente a nivel nacional á hora de poñer en marcha políticas de igualdade e de conciliación, das que tanto os axentes como o resto dos colectivos ao servizo contra incendios se poden beneficiar; evidentemente, cos matices e as modulacións que a consideración de servizos públicos, intervención, asistencia en emerxencias e protección civil lle confire a súa dedicación á extinción de incendios forestais.

En canto á uniformidade, estase nun estado avanzado da tramitación da orde de uniformidade. En canto a medios, xa falou a conselleira aquí dos trinta e seis vehículos todoterreo, das cincocentas sesenta táblets, do alugamento de trinta e oito vehículos 4x4, doutros vinte turismos, así como tamén de dotar de equipamentos e prevención os equipos de protección individual.

Fala vostede tamén na súa proposta de armamento. Saiba vostede que non hai ningunha previsión normativa que permita aos efectivos deste colectivo portar armas.

E, por último, quero comentar tamén que non hai efectivos adscritos á nova escala que xustificuen a creación de postos por agora grupo B nas relacións de postos de traballo, posto que tampouco hai previsión de convocar procesos selectivos de acceso por promoción interna á nova escala dada aínda a baixa porcentaxe de axentes forestais e medioambientais que posúen a titulación necesaria para acceder a ela. Pero cando haxa a porcentaxe suficiente, que a conselleira falou dun 40 %, convocaranse esas prazas —non teña a menor dúbida— de promoción interna.

E, por último, permítame referirme á emenda de En Marea, na que fala de cuestións prioritarias para En Marea, na que di que unha delas é instar a Xunta a que acade un acordo coas organizacións sindicais que recolla os seguintes aspectos. Un deles, prioritario para En Marea, é facer unha campaña institucional divulgativa sobre o labor que realizan os axentes medioambientais. ¡Home!, está ben, pero non sei se é unha prioridade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero a outra, o que pide En Marea, é habilitar un perfil oficial nas redes sociais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Prioritario. Só falta saber que perfil social prefiren, se Facebook, se Instagram, se Snapchat, non o sei. Pero, ¡home!, isto non creo que sexa unha prioridade, non sei en que vai mellorar as condicións dos traballadores, dos axentes forestais, o feito de ter un perfil social.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: Sería bo que nolo explicaran.

Polo tanto, nós facemos esa emenda para que se acade este acordo entre a Xunta e as organizacións sindicais. E esperamos que a acepten. En caso contrario, non imos votar a favor desa proposta, pero si imos agardar que se chegue a ese acordo.

Polo tanto, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Moreira.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Suman 350 efectivos de Medio Rural e 150 de Medio Ambiente, en total 500 homes e mulleres encargados da custodia do patrimonio natural deste país, dito así, a groso modo. Porque, se o facemos polo miúdo, diríamos que fan labores de policía administrativa sectorial e de delitos de incendios forestais e contra o medio ambiente, e certifican as distintas ordes de subvención cofinanciadas co Feader. Os axentes medioambientais encárganse da vixilancia e custodia, proposta de obras e control de execución das mesmas, proposta e control de aproveitamento dos montes, tramitan permisos de corta, controlan pragas e enfermidades, realizan informes do estado legal e forestal dos montes, fan educación e concienciación

ambiental en colexios e comunidades, asumen a responsabilidade da dirección de extinción na totalidade dos incendios, o control de persoas e medios, investigan incendios, encárganse dos informes e comunicación de queimas... ¡Eu que sei!, ¡eu que sei!... Esta xente, estes profesionais, arrastran con excesiva paciencia a súas xustas reivindicacións dende hai anos. Trátase dun colectivo imprescindible para a boa saúde do medio ambiente e do patrimonio natural deste noso país. O pasado mes de maio, a finais, viñeron de toda Galicia a Compostela manifestar a súa indignación polo maltrato e polo ninguneo. Notábaselles que son xente de monte, xente pacífica, xente de ben. Estaban fartos e protestaban cunha corrección que chamaba a atención. Esa é a súa virtude e, posiblemente, tamén a súa fraqueza.

Piden un complemento específico como os dos gardacostas. A Xunta ofrece unha subida en produtividade que non cotiza para a xubilación e que ten trampa: catro meses de gardas exaxeradas de 12 horas, despois serán seis posiblemente. Por certo, queren poder xubilarse por anos de servizo como outros axentes da autoridade. Porque cando acontece un incendio nos telexornais e nos medios saen todos —Protección Civil, bombeiros, UME—, pero ninguén se acorda de quen estivo ao mando, ¡e cantas veces máis de 12 horas en tensión con tres emisoras a un tempo e varios teléfonos coordinando e dirixindo un variopinto e heteroxéneo dispositivo! Pois foi un axente forestal ou un axente medioambiental.

Por tanto, a cidadanía en xeral descoñece o seu traballo. Ese é un bo principio para que non teñan razón. Non se lles recoñecen como tales as enfermidades profesionais, sometidos, como están, a períodos de estrés continuado e ansiedade que acumulan e agudizan no verán dependendo da intensidade dos incendios e da prolongación no tempo. Moitos deles pasan dos 50 anos. Os efectivos actuais non son dabondo para xestionar tanto traballo como hai. Hai pendentes 30 novas prazas prometidas hai xa tempo. Porque hai uns meses, tras os lumes de outubro pasado, o Goberno lembrouse das franxas de seguridade e que era preciso xestionalas. Tamén igual lles dá por facer algún simulacro de ordenación do territorio e, ¿quen sabe?, do monte deste país.

Desde o Bipartito —¡onde vai o Bipartito!—, desde esas, desde 2008, están sen uniformes novos. Renovaron o pantalón e dous polos, máis ou menos, arredor do 2012, e máis nada. No tempo dos lumes botan moitas horas e case sempre fan equipo. Cando un sae dun lume, xeralmente queda de apoio co compañeiro que entra dando confianza nas decisións que haxa que tomar, contrastando. ¡Cantas veces un está na fronte dun lume e outro nun flanco! Son directores de extinción e responsables de todo canto pasa nese incendio: Protección Civil, medios municipais, medios propios, aéreos, Garda Civil e todo canto bicho vivente pasa por alí, altísima responsabilidade de vidas e facendas. Por iso piden unha subida de niveis acorde coa enorme responsabilidade que teñen ao lombo. ¿Saben, señorías, cantas veces hai situacións traumáticas no lume, arde unha vivenda, alguén ten un accidente ou se descontrola o desastre? Non teñen ningún tipo de axuda psicolóxica. Corre un dito que di que «a Administración, patadas no cu e ao monte». ¿Saben, señores do PP?, impórtalles o monte, aman o monte e, por sorte para nós, son xente de monte. Están cansos de aturar ninguneos.

Desde o BNG pensamos que son horas de que tomen a serio esta problemática e senten con eles e negocien a serio. Teñen a obriga de compensar tanto tempo de silencio, tantos anos facéndoos de menos. Paga a pena que o fagan. Hai un ruxerruxe de folga indefinida para

primeiros de agosto. Non van abandonar o monte ao lume, non, pero as certificacións non as van facer e son preto de 40 millóns de euros de subvencións europeas as que perigan. Eles non ameazan, só están cansos e ese é o perigo, o desánimo.

Nin que dicir ten que desde o BNG imos votar a favor desta iniciativa.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Por parte do grupo autor da moción, ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, grazas.

Brevemente, e por orde de intervención, resumindo máis as posibles emendas, agradezo a En Marea a emenda presentada, porque, sen prexuízo de que se teñan dúbidas, señor Moreira, sobre que as redes sociais son medios de comunicación hoxe en día eu creo que non pode ofrecer dúbidas. Quero dicir que, nese sentido, hai que actualizarse tecnoloxicamente, e iso podémolo entender perfectamente. Pola nosa parte, nese sentido si que imos aceptar esta emenda. Creo que incorpora un elenco de propostas e de medidas que configuran dunha maneira máis completa o conxunto de condicións e de necesidades nas condicións de traballo do colectivo de axentes forestais e medioambientais e, nese sentido, si que as imos incorporar.

Tamén agradecemos o apoio do Bloque Nacionalista Galego. E polo que respecta ao posicionamento e á emenda do Partido Popular, realmente é unha emenda, señor Moreira, para xustificar simplemente que van desbotar esta moción. Porque realmente o que tratan é unicamente de eliminar todos os puntos da nosa moción, puntos que no 80 % traen causa precisamente dos compromisos da propia conselleira de Medio Rural, co cal eu preguntaría se as palabras da conselleira de Medio Rural nesta Cámara son papel mollado ou se lle están facendo unha emenda á totalidade, ou emendándolle a plana á conselleira do Medio Rural, como lle advertiamos de que lle podería ocorrer. En todo caso, ese é máis un papel do propio Goberno galego que do Grupo Popular aquí na Cámara, que debería de preocuparse moitísimo máis, precisamente, pola problemática de todos os axentes forestais e medioambientais nun momento coma este, pero eu diría que en calquera momento do ano, se é que realmente teñen preocupación polo forestal e teñen preocupación pola biodiversidade en Galicia.

Porque onte, botándolle un vistazo á proposta de ditame que o Grupo Popular presentou precisamente o venres pasado de conclusións sobre a Comisión de Reforma da Política Forestal, hai unha serie de conclusións ou de recomendacións que fai o propio Grupo Popular en diferentes ámbitos que poden estar en liña co que estamos solicitando e que agora, dunha forma curiosa —por non utilizar outros termos— parece que non se teñen en conta. Porque lle lembro que no seu propio texto, en materia de recomendacións en relación cos servizos de extinción de incendios e a súa coordinación coas emerxencias, consideran necesario estudar evidentemente a configuración dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais desde o punto de vista da participación de empresas públicas, subliñan claramente que é necesario reforzar os mecanismos de profesionalización do servizo, o axeitado fun-

cionamiento do mando único —que tanto discutían cando nós criticabamos que realmente non estaba sendo operativo— ou o papel, que poñen en cuestión tamén, das brigadas municipais e das funcións —financiamento e dependencia, por exemplo— dos GES. Incluso chegan a solicitar neste ditame —que haberá que debater, para resolver definitivamente, na Comisión de política forestal— a posibilidade de centralizar toda a atención de emerxencias no 112, incluídas as derivadas dos incendios forestais. E, é máis, avogan para que, na creación dos equipos forestais —literalmente se di, en palabras do Partido Popular—... «a comisión recomenda que haxa equipos forestais de investigación en cada un dos distritos forestais de Galicia, e a necesaria colaboración e coordinación das brigadas de investigación cos corpos e forzas de seguridade e coa unidade da Policía Autonómica». Por certo, tamén avogan por que o sistema Tetra —pódenllo lembrar á conselleira do Medio Rural— garanta a necesaria interoperabilidade entre os servizos, que tiña tan clara a conselleira.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: En definitiva —e remato, presidente—, se non queren seguir nun modelo ancorado nos anos noventa de axentes forestais e medioambientais de brigadas contra incendios, deberían rematar canto antes estes acordos polos que avogan pero que non apoian.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

De novo hoxe o que plantexamos aquí é un debate non vello, porque en realidade ten pouco tempo, pero si insistente, porque é unha cuestión que os socialistas traemos con bastante asiduidade nunha ou noutra formulación. Cremos que é un problema realmente grave e cremos que é necesario tratalo con maior profundidade que coa que se vén tratando nos últimos tempos.

Quero agradecer a presenza aquí de moitos representantes locais de federacións de veciños que asisten a este debate coa preocupación natural que ten sentirse desprotexidos por un sistema que nin sequera é capaz de darlles resposta a cuestións e a dúbidas que a calquera persoa se lle plantexarían de maneira normal, e, ademais, temos comprobado nos últimos tempos como aos propios profesionais do sistema se lles antollan dúbidas de difícil resposta.

Diciamos que é unha cuestión que non está sendo resolta de maneira correcta e de maneira completa. A verdade é que un ten apenas que revisar, se puideron facelo ou se tiveron a ben facelo —e, se non, convídoos a facelo—, a última interpelación que dende o noso grupo tiveron a oportunidade de facer ao conselleiro sobre esta cuestión, a interpelación que dá lugar a esta moción. A verdade é que é realmente infrutuoso, non só infrutuoso senón realmente frustrante, comprobar a actitude que se ten ás veces sobre algunhas cuestións.

Seguramente dende o Partido Popular se considera unha habilidade, pero a verdade é que, responder unicamente ás cuestións cando non hai turno de réplica, responder cuestións que bordean a realidade e responder apoiándose en declaracións ou en sociedades científicas que lle están quitando a un a razón cando un comproba a realidade, é unha maneira de comprobar como o que algúns consideran habilidade parlamentaria non é máis ca un truco para saír do paso nunha situación que realmente é preocupante. A nós parécenos triste a maneira de afrontar que ten o Partido Popular, particularmente o Goberno da Xunta e particularmente o conselleiro de Sanidade, esta cuestión. E vou tentar explicar o porqué e xustificar novamente —se é que é necesario, e consideramos que si— as nosas peticións.

Algunhas das cuestións que traemos aquí veñen baseándose na errática planificación da atención á cardioloxía e, particularmente, da atención aos infartos agudos de miocardio en Galicia. Hai un servizo, que é o de hemodinámica, que dous hospitais en Galicia deberían telo, como din todos os profesionais, que son o de Ourense e o de Lugo, e que non o teñen. ¿Cal é a explicación para que non teñan ese servizo as 24 horas? Polo de agora en realidade era que os datos dicían que non era necesario. Existía un programa que recolleu datos —que se publicaron unha soa vez— e que avalaba realmente que era necesario implantar ese sistema as 24 horas —como dicían os profesionais—. Cando hai datos que amosaron que era necesario ampliar ese servizo, como dicíamos todos menos o Partido Popular, un pode ter dúas opcións: implantar o servizo ou a que adopta o Partido Popular, que é facer desaparecer os datos. Iso é como aquel que vai ao médico e, cando lle di que está enfermo, cambia de médico.

A cuestión é que hai un problema e vostedes poden intentar ocultalo, pero por moito que o oculten non desaparece. E hai un problema que os datos din, e que evidencian que necesitamos esa atención 24 horas en Ourense e en Lugo.

Preguntas que non dá respondido ninguén:

Primeira: ¿cando empezou o servizo ata as 22 horas, ata as dez da noite, que anunciou o conselleiro aquí neste Pleno a bombo e platillo despois de dicir moi pouco tempo antes que non era necesario implantar? Ese que anunciou por presión cidadá e dos grupos políticos, ¿cando empezou? ¿Poden vostedes garantir que, cando fixemos a interpelación de hai apenas tres semanas, estaba funcionando xa? Porque o anuncio foi hai meses. ¿Poden garantilo? Non creo.

A segunda cuestión é: ¿cando van implantar o servizo as 24 horas? Porque vai facerse, porque todos sabemos que se vai facer. Porque os profesionais xa o dan por feito. Porque, o mesmo día que estabamos aquí facendo a interpelación, os profesionais de cardioloxía estaban en Lugo non deslizando, non suxerindo, senón evidenciando que todo o mundo demanda que

ese servizo é necesario e que a realidade é que se vai facer. ¿Están vostedes escollendo ou esperando a que en Lugo exista menos presión para poder non parecer que o fan por presión cidadá?, ¿por presión doutros grupos? Ou, o que sería peor, ¿están vostedes esperando as eleccións municipais para implantala? Porque sería verdadeiramente lamentable que estiveramos dependendo das eleccións municipais para implantar un servizo de tanta necesidade. Porque a verdade é que todo o mundo sabe que se vai facer.

Porque, ¿cal é a explicación para que o servizo que antes estaba ata as 3 da tarde se ampliase ata as 10 da noite, pero non de 10 da noite a 8 da mañá. ¿Cal é a explicación? Non existe ningunha razón para ampliar só un horario. Non existe ningunha razón para considerar que é máis probable atender uns infartos nun horario que noutro. É máis, como din os propios datos científicos, o número de infartos dáse máis en certos horarios que agora mesmo non están cubertos; probablemente, á primeira hora da mañá, incluso comezando dende antes das 8 da mañá. Polo tanto, non hai unha explicación científica real.

¿Por que en Lugo condenan a ter que estar asistidos aos infartos de miocardio na Coruña durante varias horas do día? ¿Por que alguén que vive na Fonsagrada, en Guitiriz, no propio Lugo ou en Monforte..., aos veciños daquela provincia, os obrigan a irse a máis de dúas horas para ser atendidos de algo que o poden ter no seu hospital, que merecen ter no seu hospital? E o que é máis importante, teñen profesionais con clarísima capacitación, e moi bos profesionais, para atendelos no seu hospital de referencia, que é o de Lugo. Xa lles quitaron moita atención nos hospitais comarcais, polo menos atendamos as cuestións máis necesarias. E isto é necesario en Ourense e é necesario en Lugo, unha provincia que xa ten moitos déficits por culpa da política da Xunta de Galicia, lonxe de atender as necesidades e si máis centrada noutras cuestións en Lugo. Noutros momentos teremos probablemente máis oportunidades de falar diso. ¿Por que esa necesidade de atender soamente unha parte do día? Non hai xustificación posible.

Tiñamos nesta moción tamén algunha proposta sobre algunhas outras áreas. En principio, vostedes saben que preguntamos sobre por que os pacientes do Salnés se trasladan a Vigo e non a Santiago, cando Santiago é un lugar máis cercano. A única explicación que aquí se dá é que o 061 decide. E nós preguntamos o mesmo que preguntamos hai tres semanas na interpelación e que ninguén foi capaz —o conselleiro naquel caso— de responder. Pero o 061 ¿onde ten a sede? ¿En Galicia? ¿Ou tena en Bombay? ¿Ou é que quen dirixe o 061 vive en Kinshasa? ¿Ou é que a responsabilidade do 061 está en darlle contestación ou resposta a alguén que dirixe a sanidade de Cidade de México? ¿Terá que ver o 061 algo coa Consellería de Sanidade? ¡Esperamos que si!

¿Non responden os criterios do 061 á Consellería de Sanidade? ¿Acaso a Consellería de Sanidade pode dicir que iso son criterios do 061 como se non lle fora nada?, ¿como se o 061 fose un ente abstracto que aparece por aí? ¡Ai, hai un 061! Son o conselleiro de Sanidade e non pinto nada aquí. Hai un criterio que dirixe a Consellería de Sanidade que decide que eses transportes van a Vigo e non a Santiago. ¿Por que hai que preferenciar Vigo e non outros hospitais? ¿Cal é a querenza especial por un hospital e non por outro? Preguntámonos, e ninguén nos dá resposta.

A ambulancia medicalizada no Salnés. É unha cuestión hoxe cunha especial sensibilidade. Vostedes seguramente o saberían cando se informaron, e se non seguro que teñen capaci-

dade de informarse pronto. Houbo un suceso trágico onte, a atención sanitaria foi perfecta, os profesionais son magníficos, o resultado foi fatal, pero os funcionarios foron magníficos, a atención foi inapelable. O que debemos é preguntar despois diso e facer unha avaliación, ¿foi inapelable porque todos os recursos están dispoñibles sempre para ter unha ambulancia medicalizada que atenda certo tipo de casos? Non. Sono porque nese momento ocorreu a fortuna de non ter que dedicar recursos que son para outra cousa —como os que estaban no PAC— e que puideran ser transportados nunha ambulancia non medicalizada de inicio, e que puidera esta parar e recollelos. Aínda así, nada garante —e é probable que non— que o resultado fora mellor. Pero o triste é que nada garante que ese resultado non vaia ser peor noutras ocasións se non temos unha ambulancia medicalizada, que tamén se vai acabar impondo no Salnés. Pero agardamos que non esperen ás eleccións municipais. ¡Non xoguen con estas cuestións, por favor!

Para rematar, xa que a min a pouca contestación que me deron na última interpelación déronma cando non había turno de réplica, gustoume moito que me apelaran ás opinións da Sociedade Española de Cardioloxía. A Sociedade Española de Cardioloxía, que tivo a honra de ter dous presidentes recentes galegos, o último presidente galego apuntou directamente que son necesarias as unidades as 24 horas en Lugo e en Ourense, que é necesaria a ambulancia medicalizada no Salnés. Como di a vicepresidenta da Sociedade Española de Médicos de Emerxencias e Urgencias, que ademais é a presidenta da delegación galega, que ademais é xefa de Urgencias do Hospital do Salnés, que di que necesitamos unha ambulancia medicalizada. Non hai profesionais que subscriban que o servizo é perfecto, o que hai son profesionais que din que o servizo necesita esas melloras, que son imprescindibles. E o que din todos os profesionais é que vai acabar chegando máis tarde ou máis temprano. Non sexan cicateros, por favor. Estamos falando de cuestións moi sensibles, onde a atención ten que ver co tempo, coa urxencia, coa necesidade. Temos os mellores profesionais, deámoslles os recursos necesarios. Porque non hai explicación posible para ter a Ourense sen servizo de 24 horas, a Lugo sen servizo de 24 horas, ao Salnés sen ambulancia medicalizada, e que os transportes das persoas que teñen un infarto se fagan a un hospital máis lonxano en lugar de a outro máis cercano por algún criterio que ten que ver máis con priorizar algúns hospitais que outros.

Por favor, deixen de facer electoralismo con isto. Non se lles ocorra pensar que poden chegar a abril e anunciar estas medidas como se non pasara nada, coa casualidade de que en xuño ou a finais de maio haberá eleccións. Porque xa non é que ninguén os crea, é que cometerían probablemente o erro de demostrar que toman as decisións por criterios que non son sanitarios, cousa que moitos sabemos, pero que agardamos, polo ben do sistema sanitario, que non o demostren desta maneira.

Polo de agora, máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Efectivamente, coincido co señor Torrado en que é frustrante, porque todos e todas sabemos —e tamén os deputados e deputadas do Partido Popular, a pesar de que despois probablemente voten en contra— que o tempo é un factor esencial, determinante, á hora de atender a unha persoa que sufra un infarto agudo de miocardio. Que é determinante á hora de salvarlle a vida nese momento, é determinante á hora de practicarlle os procedementos posteriores e é determinante tamén á hora da recuperación posterior.

E é frustrante porque cada minuto que tarda en abrirse unha arteria é un número de células do corazón que non se van recuperar. E podíamos seguir dando datos que poñen de manifesto que logo, cando pretenden nun exercicio que podemos cualificar de moitas maneiras, de que non é certo que non haxa diferenzas entre as persoas que viven nun lado ou noutro do noso país á hora de ser atendidos diante dunha emerxencia vital, e, en concreto, diante dunha atención a un infarto agudo de miocardio, porque saben que non é certo. Saben que si hai diferenzas, e saben que unha persoa que viva no Barco de Valdeorras, ou unha persoa que viva en Ribeira de Piquín, ou unha persoa que viva na Gudiña non ten as mesmas oportunidades que unha que viva aquí, no centro de Santiago ou no centro doutra cidade. Non é, evidentemente, así. E o tempo na atención á persoa que sofre un infarto agudo de miocardio é determinante.

Eu teño que retrotraerme e lembrar aquí neste Parlamento como o Partido Popular deturpou unha iniciativa lexislativa popular que viña avalada por máis de 40.000 sinaturas; na que demandaban Hemodinámica 24 horas no HULA; que aceptou a súa tramitación mais despois deturpouna unha promesa electoral feita por Núñez Feijóo, e que hoxe, 10 de xullo do ano 2018, segue sen cumprirse. Vanse dando pasiños, hoxe xa non é exclusivamente en horario de oficina, xa se ampliou ata as 10 da noite, mais os que teñan a desgraza de que infarten máis alá das 10 da noite a 8 da mañá non poden ser atendidos no HULA. Insisto, promesa feita por Feijóo hai xa varios anos; 10 de xullo do ano 2018 e estase a incumprir.

Podemos seguir co CHUOU, de Ourense, onde se segue pendente da realización dun informe que determine se os estándares... Eu creo que é unha evidencia que unha persoa que infarte —como dixen— no Barco de Valdeorras, que infarte en Verín, e trasladarse a Ourense, xa non digamos se xa pasa das 3 da tarde e ten que trasladarse a Vigo, que é o hospital de referencia. Evidentemente, as oportunidades non se van parecer en nada ás dunha persoa que sufra o mesmo infarto na cidade de Vigo.

E podemos pasar ao Salnés, a miña comarca de referencia, onde inexplicablemente o Partido Popular, negando calquera tipo de evidencia, negando os datos, negando as ratios que din que é unha comarca onde temos un hospital de referencia que non ten unha UCI, onde non temos unha ambulancia medicalizada, onde cada vez que se produce unha urxencia salta de novo a alarma e os tempos de resposta non son os adecuados. E onde a vida dos veciños e veciñas da comarca do Salnés está, evidentemente, en risco. E non sabemos a sinrazón e porque causa o Partido Popular quere maltratar os veciños e veciñas da comarca do Salnés non a dotando desa ambulancia medicalizada. O mesmo que fixo en Marín, que eliminou a ambulancia 12 horas e soamente a teñen ata as 10 da noite. Ou podemos falar da Garda, unha zona moi afastada tamén de Vigo, onde soamente a hai ata as 12 da noite. Evidentemente, estamos falando de necesidades ao longo do país que amosan que esa igualdade na atención non é tal.

Co cal, imos apoiar esta iniciativa do Partido Socialista, que en diferentes aspectos o BNG temos traído aquí, demandando a posición favorable deste Parlamento e que por parte do Goberno da Xunta se atendan as demandas lexítimas dos veciños e veciñas destas zonas, que o que demandan é ter a atención que merecen e que ademais nos parece que é máis que xusta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Nós imos apoiar tamén, obviamente, esta iniciativa. Xa se teñen discutido os puntos, non talvez xuntos, pero en diversas ocasións, tamén na Comisión de Sanidade. Dáse unha situación que é realmente paradoxal, na que temos que continuar solicitando información, neste caso os datos do Regalian, o que resulta absurdo. Porque o mesmo se nos di que non ofrecemos datos que avalen as solicitudes que facemos dos servizos sanitarios, e ao mesmo tempo tampouco se facilitan os datos oficiais cos que conta a Consellería de Sanidade, nin existe lugar onde se poidan consultar. Isto é bastante habitual, sucede coa cobertura de vacacións, coas camas pechadas, coas listas de agarda, e incluso tamén cos datos de atención do infarto.

Si que é certo que hai algún dato recoñecido por parte do conselleiro de Sanidade^o que foi precisamente o que motivou que varios anos despois tivese que dar a razón aos partidos da oposición e aos colectivos sanitarios e veciñais que reclamaban precisamente os servizos de 24 horas na atención non só da hemodinámica, pero sobre todo da hemodinámica, en Lugo e en Ourense; e que motivou a tramitación daquela ILP que no 2013 tramitabamos neste Parlamento, e da que eu mesma fun poñente. Por aquel entón, dicíase nos que non tiñamos razón porque non había datos que arroxaran a necesidade de que eses servizos estivesen abertos as 24 horas, nin tan sequera máis alá dunha quenda de 7 ou 8 horas, dunha quenda de mañá, no hospital de Lugo, por exemplo, e no hospital de Ourense tamén. E resultaba bastante absurdo entender que se todas as sociedades científicas e os datos que hai de informes indican que, a menor tempo de reperfusión, menores secuelas e maior índice de supervivencia, ía ser diferente no caso de Lugo ou no caso de Ourense. Tiveron que pasar varios anos e tiveron que esperar dende 2015 a 2017 —que foi cando se abriron, e o tempo que estivo esa quenda de mañá aberta ata este ano, ata o 2018— para que, efectivamente, volvese haber un dato propio do hospital que trasladaba que só unha de cada catro persoas que infartaban en Lugo puideran ser reperfundidas e atendidas no HULA porque evidentemente tiñan que cingirse a ese horario que chamamos aquí nos debates «de oficina». É unha situación totalmente absurda. Houbo que esperar varios anos, cando era bastante evidente que os estudos eran igual para Lugo que para Ourense, para A Coruña ou para Pontevedra. Ou, máis aínda —e como se acaba de trasladar aquí—, nos lugares máis alonxados e nos que hai unha dificultade de acceso e unha tardanza maior en acudir aos centros aínda podería entenderse, probablemente, e por estatística, que existiría unha dificultade maior de chegar a ese hospital onde se vai facer a reperfusión.

Aquí pídese a ambulancia medicalizada no Salnés. Nós estamos totalmente de acordo, témolo trasladado noutras ocasións. Incluso no debate orzamentario nós solicitamos tamén unha UVI móbil no caso de Chantada e Monforte de Lemos, outra en Carballo, outra en Verín, en Cee e no Barco de Valdeorras, que son os lugares —está nas emendas dos orzamentos deste ano— onde nos trasladan os profesionais precisamente que eles consideran que hai máis dificultade de trasladar e que tardan máis, polos datos que eles mesmos teñen, á hora de facer as atencións, a maiores das ambulancias asistenciais, que tamén serían necesarias. Isto no caso das UVI móbiles.

E é unha realidade que non hai equidade no territorio á hora de acceder a moitos servizos e a moitos dereitos á saúde. E no caso, evidentemente, da atención ao infarto é unha falta de equidade crítica; crítica no sentido —enténdase— de que da tardanza desa atención depende, efectivamente, a vida dunha persoa ou as secuelas que esta persoa poida ter. E, polo tanto, parece bastante lóxico que dende o inicio se reclamasen para todo o territorio galego os mesmos servizos. Sen embargo, aquí tivemos que escoitar cousas de todo tipo dicindo que non había datos.

Parece ser que agora si a Consellería de Sanidade se digna en asumir que hai eses datos, e, efectivamente, nós tamén consideramos que rematarán poñendo o servizo. Tamén se nos xustificaba daquela, en 2013 —recórdoo—, que non había profesionais suficientes. Ben, ao final si os houbo, maxia que acontece ás veces na Consellería de Sanidade. Nós non entramos, dende logo, nesa polémica, que terá que responder a Xunta de Galicia —e vou rematar xa—, pero si que traslado algo: tendo en conta como xestionan o 061, as asignacións de transporte terrestre, as asignacións de transporte aéreo, como están os traballadores, como están as persoas que pertencen ao *call center*, non me estraña nada que abandonen todo ao 061 e non exista ningún criterio por parte da Consellería.

Isto é un «chiste» —entre comiñas, estamos falando dun tema serio—, porque evidentemente consideramos que a Consellería de Sanidade ten que ter algún tipo de criterio á hora de realizar as derivacións aínda que estas se trasladen ao 061, ou aínda que sexa por motivo de tempo ou distancia, pero algún haberá, ou iso queremos pensar. Polo tanto, entendendo estas circunstancias e que xa foi trasladado noutras ocasións, nós imos apoiar a PNL. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Desde logo, señor Torrado, sorprende enormemente que vostede veña a este Parlamento a deostar unha das xoias da coroa da sanidade galega, que é a atención ao infarto de miocardio. E fala, ademais, de «errática planificación».

O Programa galego de atención do infarto de miocardio foi un exemplo para todas as comunidades autónomas do Estado, e foi loado por sociedades e profesionais da cardioloxía de

toda España. E este programa púxose en marcha en maio do ano 2005 —por certo, gobernando o Partido Popular, que vostede o outro día o dubidaba, en maio do 2005 gobernaba o Partido Popular en Galicia—. E o señor conselleiro informouno, na interpelación do pleno do que falaba vostede antes, da situación da atención ao infarto de miocardio nas distintas comunidades autónomas sempre con datos da Sociedade Española de Cardiología. Eu sei que a vostede non lle gustan moito os datos, pero, ben, teremos que falar deles.

Galicia foi a terceira comunidade, e a primeira non uniprovincial, en implantar o sistema de atención en rede ao infarto de miocardio as 24 horas. No ano 2016 aínda había tres comunidades autónomas que non a tiñan, que non tiñan esta rede, que eran Andalucía, Canarias e Extremadura. Casualmente, ningunha das tres gobernadas polo Partido Popular.

Recordoulle tamén as cifras de mortalidade a trinta días, nos infartos do ano 2014, axustadas por idade e sexo. E Galicia tamén era o terceiro mellor territorio segundo eses datos do ano 2014, despois de Cataluña e Murcia. Naquel momento a mortalidade en Andalucía era do 10,1 %, fronte ao 4,2 % de Galicia —no ano 2014—.

Posteriormente, por instancia deste Parlamento aprobouse a creación do rexistro galego, do Regaliam, como ferramenta para avaliar a situación do tratamento desta enfermidade en Galicia, os seus resultados e a toma de decisións sobre unidades de tratamento en función dos resultados. E esa avaliación confirma que en Galicia o 96,5 % das persoas que sofren un infarto de miocardio sobreviven a este. É dicir, a cifra de mortalidade media a trinta días acada o 3,5 %, sendo en todas e cada unha das áreas sanitarias galegas inferior ao 5 %, considerado o óptimo polos expertos. En resumo, a atención ao infarto agudo de miocardio en Galicia é excelente, e as decisións sobre modificacións de protocolos ou unidades de hemodinámica tómanse en función dos resultados do Regaliam.

Está claro, señora Prado, que non é o mesmo infartar no Barco que en Ourense; en Burela que en Lugo; ou en Cee que na Coruña. Eu creo que iso témolo todos absolutamente claro. Pero a partir destas realidades poden facer vostedes toda a demagogia que queiran.

Hoxe, señor Torrado, falou vostede bastante máis de Lugo —eu supoño que en atención ás persoas que están na tribuna, ás que saúdo desde aquí—, pero o outro día falou bastante máis do seu libro, falou bastante máis do tema do Salnés. E respecto dos servizos de hemodinámica de Lugo e Ourense, o de Lugo ampliou o seu horario xa 14 horas, e o de Ourense estase a programar. E farano ata as 24 horas no momento en que os datos do Regaliam e os expertos así o indiquen. Por certo, estas unidades de hemodinámica foron creadas por gobernos do Partido Popular, e no proxecto do Hospital de Lugo do Bipartito nin sequera aparecían como tales.

Nunha noticia de prensa de hoxe fálase, por parte do Partido Socialista de Lugo, de que hai máis mortalidade en Lugo. Estes días pasados falaban de darlles asistencia xurídica aos familiares no infarto de miocardio, e citan unha serie de cifras de mortalidade por áreas, pero esquecen unha: que nese mesmo cadro Ourense ten unha mortalidade do 0 %, que a min particularmente me sorprende moitísimo, fáiseme increíble. Ourense, con 8 horas, ten unha mortalidade do 0 %.

Pide o señor Torrado unha ambulancia medicalizada para o Salnés cando coñece e sabe que habería territorios galegos que, de poñerse algunha ambulancia, probablemente por dispersión e por distancia terían bastante máis indicación que o Salnés. E sabe tamén que o transporte sanitario terrestre en Galicia funciona en rede e coordínase a través da Fundación 061, que toma as decisións asistenciais en función de necesidades obxectivadas e non por caprichos comarcais. E tampouco o goberno do Bipartito en ningún momento puxo ningunha ambulancia medicalizada nova nos anos de goberno, pero iso olvídase tamén.

E, no tema dos desprazamentos das persoas afectadas por infartos, desprázanse en función do lugar da atención e das variables asistenciais que se produzan en cada situación. Por exemplo, ¿que faría un enfermo en Guitiriz?, ¿iría á Coruña ou iría a Lugo? Eu creo que non hai que limitarse ás zonas xeográficas ou ás provincias. Incluso os xefes de servizo non se poñen de acordo. O xefe de servizo de Vigo e o xefe de servizo de Santiago non se poñen de acordo neste tema, e incluso—díxoo o outro día aquí o conselleiro— o Grupo Socialista do Concello de Vigo presentou unha moción pedindo que todos os enfermos da provincia de Pontevedra se desprazaran a Vigo e non a Santiago.

Falamos das ambulancias medicalizadas. Aquí o señor Torrado o outro día fixo xogos florais para asociar 600.000 teóricos euros co gasto en sacerdotes. Nas emendas do Grupo Socialista pedíanse 4 millóns para ambulancias de soporte vital avanzado, non dicía nin cantas nin onde nin con que pagaban o persoal. Pero, por exemplo, En Marea poñía 3,5 millóns por cada ambulancia medicalizada; e o Bloque Nacionalista Galego, 700.000 para as de soporte avanzado e 640.000 para as de soporte básico, o que parece absolutamente incongruente.

Piden os datos completos do rexistro. Sabemos que, polo tema de protección de datos, non se poden dar. A min sorpréndeme, pero tamén me sorprende que non poidamos chamar os enfermos á porta como se fixo toda a vida —porque tamén está prohibido pola Lei de protección de datos— e teñan que sacar un ticket cun número.

Desde logo, sabemos que o señor Torrado é o culpable de todas as cousas boas que pasaron na sanidade galega nos dous últimos anos, tanto do aumento da hemodinámica, como da OPE, como dos hospitais, como dos centros de saúde... Señor Torrado, realmente temos que darlle as grazas por todas as cousas que está conseguindo. Se vostede, señor Torrado, se quere apuntar o tanto da ambulancia do Salnés o día que se poña polos datos do Regaliam, a min non me preocupa o máis mínimo. Pero non dubide de que, como o resto das súas peticións, iso se vai facer por datos e non por caprichos, como lle dicía antes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Polo grupo autor da moción, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Agradecendo o apoio de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, apoio que coñecemos porque habitualmente teñen unhas posicións compartidas sobre esta cuestión, a verdade é que me sorprende pouco a intervención do voceiro do Partido Popular, coñecendo, sobre todo, a intervención do conselleiro. Porque é un hábito replicar as intervencións do conselleiro case lidas. Estaba lendo a interpelación de hai tres semanas e a verdade é que case era literal. Podían ter incluso algunha novidade, un pouco para facer xogos florais, como din que se fan aquí.

Por se hai algunha cuestión na que podo contribuír, eu non importo neste debate. É dicir, vostedes poden atacarme a min. Eu lamento ter ese protagonismo, pero eu non importo neste debate. A min o que me preocupa é que vostedes planifican en función de diñeiro e de coches. E a nós impórtannos as persoas, é unha diferenza, é unha diferenza (*Aplausos.*)

Eu non teño nada que ver coas decisións da Consellería, nin sequera creo que o faría especialmente ben. Non sei, non creo... A min o que me preocupa é que se faga ben. Pero, mire, para saber se se fai ben, xa que vostedes apelan moito aos profesionais, o anterior presidente da Sociedade Española de Cardioloxía, o presidente de Semes Galicia e xefes de cardioloxía de Galicia —por certo, cando din que uns opinan outra cousa e outros opinan outra, un opina unha cousa e os outros opinan distinto—, todos eles, dinlles que o están facendo mal, que todo o que se está facendo ben, está ben, pero que as cousas que non están facendo ben son moi mellorables. ¿Ou é que non hai nada mellorable? ¿Non hai nada mellorable? ¿Está todo perfecto? Será entón que está todo tan perfecto e que todo o que están dicindo os profesionais é porque non teñen nin idea. Porque igual pode ser que os profesionais non saiban de nada e non teñan nin idea.

Os cidadáns están preocupados, os profesionais están reclamando, os partidos políticos preguntamos, facemos propostas, e a Xunta agóchase. E esta é a situación que temos. Vostede acúsame agora de mandar máis dunha comarca que doutra. Eu, a verdade, como xa o conselleiro fixo esa apelación, reviseino. E a verdade é que o centro hospitalario que máis citei foi Vigo —na anterior interpelación—.

Pero dá igual, porque os datos non lles valen á hora da verdade. Válenlles os que teñen, si, válenlles os que teñen. Mire, válenlles tanto os que teñen, e a nós parécennos tan interesantes os datos, que pedimos constantemente datos. ¿Sabe o problema? Que os datos que vostedes din que non se poden dar por protección de datos vostede citounos nesta Cámara e nós non os temos. Vostede citounos nesta Cámara. (*Aplausos.*) A pregunta é: se eses datos non poden existir por protección de datos, ¿que facía vostede citando eses datos?, ¿que facía vostede? Porque o que nós dicimos é que nós non queremos un DNI e un nome, queremos estatísticas. Por certo, as que citou vostede. ¿Ou é que vostede ten datos que non se poden dar? ¿Ou é que o Partido Popular ten datos que non se filtran a ningún outro lado? ¿Ou é que o Partido Popular toma decisións con datos que non ensina? ¿Ou é que os datos que ten o Partido Popular demostran que se vai implantar as 24 horas en Lugo, en Ourense, que se vai implantar a ambulancia medicalizada e que se van modificar os transportes? Non me ensine ese recorte, porque ese recorte é posterior á súa intervención. Por certo, xusto posterior ao anuncio do conselleiro. Por certo, que aínda non se implantou o servizo que vostedes anunciaron.

Esos datos que vostedes teñen é o que nós pedimos. E, se non, é moi fácil, señor Núñez Centeno. Pida vostede a separación dos puntos e voten a favor da concesión dos datos. É moi fácil: voten a favor da concesión dos datos, non hai ningún problema. E así todos teremos datos. Porque, se non, o que están facendo aquí é xustificando que non fan algo porque eu non sei canto e os socialistas non sei que... Non hai necesidade de xustificarse atacando a ninguén, non hai ningunha. Implanten o sistema. É o que piden os profesionais, é a necesidade que están demandando as sociedades científicas...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...é a cuestión que necesitamos. Implanten o servizo, porque van acabar facéndoo.

A verdade é que vostede si que fixo xogos florais, fíxoos para poder acabar xustificando aquí nalgún momento que agora, milagrosamente, os datos din que hai que implantar o sistema 24 horas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Sabe cando o van facer? Xusto antes das eleccións municipais.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: E eu estarei aquí para dicirlles que iso non é decente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor TORRADO QUINTELA: E aínda que sexa por non escoitarme a min, implánteno xa dunha vez. E voten a favor, por favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

Grazas, señor Torrado.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.)

Emenda de modificación.

“Débese modificar o terceiro parágrafo da parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

Remitir aos grupos parlamentarios, nun prazo non superior a un mes, os informes da Comisión Mixta de seguimento en relación á execución ordinaria da prestación de servizos por parte da concesionaria do novo hospital de Vigo.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Comeza a ser un pouco ridículo escoitar neste Parlamento que non se poden dar estatísticas porque teñen confidencialidade. Non sei que van facer as persoas que fan estudos clínicos. Nunca se van poder publicar. ¡É terrible! En fin...

Traemos esta moción substanciando a interpelación que presentamos no pasado pleno. E, por desgraza, é necesario traela non só porque toque, porque tivemos unha interpelación, por suposto, senón porque esta é a situación, e o problema deste conflito da roupa sucia vai xa máis aló dos dous meses. Segue sen resolverse por parte da Consellería de Sanidade. Segue sen poñerse sobre a mesa unha resposta favorable, positiva, por parte da Consellería para chegar a un acordo ou a prol do diálogo. E houbo durante todos estes meses —como saben as súas señorías— folga, protestas e concentracións. Houbo folga nas semanas do mes de xuño, que foi todo un éxito dentro do persoal das profesionais auxiliares de enfermería, concentracións semanais que continúan a día de hoxe todos os martes —esta mesma mañá as compañeiras estaban unha vez máis concentrándose e reclamando os seus dereitos— e peches. E as compañeiras pois aínda non perderon os folgos. Nós tampouco, e entendemos que o resto dos grupos da oposición igual. E queremos reclamar hoxe e propor nesta moción que se tome xa unha solución, sobre todo escoitando o que tiña que dicir o conselleiro de Sanidade no pasado pleno nesa interpelación á que vou facer referencia.

No pasado pleno eu, efectivamente, fun bastante contundente e incidín nos aspectos legais nos que dende En Marea consideramos que non ten razón a Xunta de Galicia e que se aducen para xustificar que se obrigue a estas profesionais a facer un transporte —de roupa sucia, neste caso— para o que en teoría nós entendemos que, sendo profesionais sanitarios, non deberían estar obrigadas. Utilízase habitualmente o Estatuto de persoal sanitario non facultativo do ano 1973. Pero nós xa indicamos que está derogado, dende a Lei do Estatuto marco do persoal estatutario do ano 2003, nunha disposición derogatoria. É verdade que se trasladan de maneira provisoria as tarefas contidas, pero non se poden manter *sine die* unhas tarefas, ao noso entender, sobre todo —sería unha disquisición legal pero é relevante— cando no ano 1995 o Real decreto 546/1995, do 7 de abril, establecía o título de técnico de coidados auxiliares de enfermería e as correspondentes ensinanzas mínimas, e regulaba cales eran esas competencias profesionais. Eu xa fixen referencia no pasado pleno a este

particular e a esta relación de competencias que veñen dentro dese real decreto. Pero, como non se trata dun debate legal —porque o propio conselleiro de Sanidade trasladou na resposta da interpelación que entendía que a menos aceptable era o trámite legal e que tiñan que resolver doutra maneira este problema—, volvemos traer esta situación aquí.

Nós entendemos que é relevante... (*Murmurios.*) Hai moito ruído continuamente. En primeiro lugar, entendemos que é relevante que se retiren eses expedientes abertos ás compañeiras, porque xa trasladamos no seu momento que se facía simplemente para amedrentar os profesionais sanitarios para evitar que exercesen o seu lexítimo dereito á folga. Xa trasladamos aquí os insultos que tiñan recibido e o intento de enfrontamento entre os diferentes profesionais, tanto entre os públicos como cos compañeiros e compañeiras das contratas da privada. E, sen ir máis lonxe, xa trasladamos aquí ese xuízo que, precisamente, gañaron as compañeiras limpadoras —que ademais veu á colación precisamente pola situación que teñen, na que a concesionaria non quere poñer máis profesionais—, que xa lles encargaban unhas tarefas que non tiñan como cometido segundo os pregos de contratación. Esa situación coas profesionais motiva que nós solicitemos —xa o fixemos en comisión— que, como xesto de boa vontade —que xa se fixo antes—, se comece a negociar e se retiren.

E, dende logo, o segundo punto que solicitamos é que se negocien coa Xunta de Persoal esas demandas, que realmente é como unha... (*Murmurios.*) É como unha petición de mínimos. É dicir, solicitar que se senten a negociar e a solicitude de información, que xa estamos chegando a solicitar cousas realmente escasas ou mínimas. Porque o que non se pode soportar é que cheguemos a dous meses de conflito e non exista por parte da xerencia e por parte da Consellería de Sanidade unha oferta á hora de sentarse a devolver ou —digamos— a recoñecer o traballo que fan estas profesionais auxiliares de enfermería. E que se remitan nun prazo non superior a un mes os informes da comisión mixta de seguimento en relación coa execución ordinaria da prestación de servizos por parte da concesionaria do novo hospital de Vigo. Xa o falamos aquí e falámolo tamén en comisión: nos pregos particulares desta concesión que definen a propia relación entre a Administración e a concesionaria do novo hospital de Vigo establécense unha serie de órganos de control e, entre eles, a comisión mixta de seguimento.

Nós xa trasladamos que o problema existente aquí se trataba dun problema de modelo sanitario, no que hai unha concesionaria que ten un beneficio millonario —que xa se ten declarado e que se ten manifestado publicamente nos medios de comunicación— mentres se van deteriorando os servizos públicos. E ante o mínimo conflito —como sucedeu aquí—, en troques de trasladar á concesionaria a responsabilidade que ten de facerse cargo dos servizos que non son sanitarios, pois o Servizo Galego de Saúde opta, sen embargo, por agochar as orellas —coloquialmente trasladado— e asumir ou trasladar esa responsabilidade aos profesionais sanitarios, aos profesionais públicos. Polo tanto, é un modelo que nós consideramos privatizador e que, ao noso entender, non ten ningún tipo de control, xa o trasladamos aquí.

Efectivamente, ¿que din os pregos? Os pregos din que se ten que constituír —por aquel entón— unha comisión mixta de seguimento na que estean representados a Administración e a concesionaria, que se reunise de forma periódica durante todo o prazo de vixencia do

contrato en concesión, que tivese propostas de resolución entre os conflitos xurdidos entre as diferentes partes, que supervisase a execución ordinaria da prestación dos servizos por parte da concesionaria, etc. E ademais os pregos din que, sen prexuízo das funcións desenvolvidas pola comisión mixta de seguimento, o órgano de contratación nomearía un responsable de seguimento da explotación, que tería que informar á Administración das incidencias que se producisen no desenvolvemento da prestación de servizos clínicos por parte da concesionaria realizando os informes pertinentes, etc. Vén todo nos pregos.

Na interpelación pasada preguntamos ao conselleiro de Sanidade cal era o papel que xogaba esa persoa que representaba á Administración, cal era o papel que xogaba a persoa que representaba á concesionaria, cales eran eses informes. E, sen embargo, coma sempre, cada vez que se solicita información, obtivemos a calada por resposta, unha serie de conxeturas e afirmacións pero absolutamente ningún dato, ningunha información. E creo —non sei se igual que na anterior moción— que poderían incluso solicitar a votación por puntos. Porque aquí o que se pide son informes que a estas alturas deberían ser públicos xa. Estamos, a verdade, un pouco cansos xa de solicitar información de maneira oral ou de maneira escrita, e non sei se poñendo unha pancarta ou facendo unha manifestación —que iso seguro que pode suscitar comentarios por parte do grupo maioritario—. Pero da maneira en que o facemos non proporcionan os datos que se solicitan por parte da oposición. Estamos xa chegando a un punto no que é moi difícil facer o traballo.

A realidade é que nós entendemos que esas atribucións non son atribucións propias das auxiliares de enfermería, témolo argumentado dende o punto de vista sanitario, témolo argumentado dende o punto de vista xurídico. Pero eu voume agarrar ao que trasladou o conselleiro de Sanidade no pasado pleno, no que dixo que todo se podía negociar e que había que sentarse a falar. Sen embargo, dende hai tres semanas non houbo realmente unha negociación para que as compañeiras non teñan que facerse cargo dunha maior carga de traballo —valla a redundancia—. ¿Cal é o problema fundamental? Dixémolo aquí: o peso do que se traslada, que as compañeiras teñen que facer outros traballos moi relevantes, obviamente —coñecidos por todas e todos—, entre eles, o aseo de doentes de todo tipo de servizos e moitos máis, e que non poden facerse cargo dun incremento de carga de traballo que vén sobre unha ratio de profesionais que xa ten sido denunciada polas mesmas compañeiras. Hai persoal insuficiente, e máxime cando a estrutura dos servizos foi modificada dende a apertura do novo hospital e a fusión de varios dos servizos que antes estaban en dous centros distintos.

Esa realidade fai que sexa necesario que de forma seria se senten a negociar. Non vale expedientar as traballadoras para intentar disuadilas, non vale insultar as traballadoras e non vale obviar o problema como obviaron previamente o problema no caso da limpeza. Porque eu reitero que dun ano e medio atrás de que saíse a sentenza que daba a razón ás traballadoras da limpeza respecto de que non tiñan que facer elas ese traballo, xa tiñan coñecemento desta circunstancia. Iso tamén é un dos motivos polos que solicitamos ese informe da comisión mixta de seguimento, porque descoñecemos entón para que serven eses órganos estipulados nos pregos de contratación e, dende logo, porque a Consellería de Sanidade e a xerencia pública sepregan continuamente a absolutamente todo o que indica a concesionaria privada. Creo que é unha solicitude de mínimos.

Hoxe mesmo volvín falar coas compañeiras, van seguir con forza as protestas, consideran que teñen razón e, dende logo, que non se pode tratar desta maneira os profesionais sanitarios. Pedimos, por favor, que se senten a negociar, que retiren eses expedientes e que trasladen a información para que valoremos o que se fixo, o que non se fixo e o que se pode facer por parte da Consellería. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas de novo, presidente.

Ben, dende o noso grupo imos apoiar a iniciativa que se presenta. Dende a nosa perspectiva, este é un problema derivado fundamentalmente do modelo de xestión. Hai unha cuestión bastante obvia, e é que os modelos públicos e os modelos privados teñen criterios distintos, teñen, polo tanto, prioridades distintas. É lexítimo, pero hai modelos que non se poden utilizar nun caso ou noutro. Pódense utilizar pero, dende logo, non teñen nin a mesma eficacia nin a mesma eficiencia; nin son, dende o noso punto de vista, tan válidos, nin sequera os modelos mixtos como este do Hospital Álvaro Cunqueiro, o modelo público-privado, que non debería ser utilizado neste caso para este tipo de servizos. Dende logo, a aplicación deste modelo para a construción dun hospital para o servizo sanitario non é válido e demostra que ten varios problemas graves coma este, que afecta en realidade á calidade asistencial e tamén aos dereitos dos traballadores.

A introdución de factores que veñen do modelo privado non é aceptable no sistema público. Non deberíamos traballar no sector sanitario cos criterios de beneficio, non deberíamos traballar cos criterios do modelo explotador laboral, non deberíamos, en definitiva, permitir ou aceptar a entrada do negocio privado dentro das cuestións puramente asistenciais. E, polo tanto, se o permitimos, estamos abrindo a porta a cuestións coma esta. Polo tanto, nós defendemos unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade.

Quero lembrar que ás veces hai cuestións que parecían moi consolidadas e teñen que vir gobernos a cambiar problemas ou posicións que outros modificaron. En realidade, dende o noso punto de vista, o que demostra isto é que o Sergas concede parte dos servizos, permite a entrada do servizo privado dentro da sanidade pública. E casos coma este permítenlle lavar as mans, deixar o problema en mans da concesionaria, en mans de ser un problema laboral, coma se ao Sergas non lle afectara de ningunha maneira que existan problemas coas persoas que teñen contacto directo co servizo e que de maneira directa repercuten na calidade do sistema. Polo tanto, nós o que nos preguntamos é se neste caso non considera que isto é un problema que lle afecta claramente; e, por tanto, se así o considera, debería entrar a contribuír a resolvelo.

E merécenos outra reflexión, sobre todo no debate sobre o modelo do Hospital Álvaro Cunqueiro. ¿En que outro hospital galego existe este problema? ¿En que outro hospital galego existe un problema desta característica? ¿Ou onde hai uns problemas tan tensos entre a concesionaria e o sistema público? ¿En que outro hospital galego? ¡En ningún! ¿Por que é curioso

que existan problemas coas concesionarias —coa concesionaria— e coa atención de calidade no Hospital Álvaro Cunqueiro? ¿Será acaso porque hai unha concesionaria que ten un peso especialmente elevado no Hospital Álvaro Cunqueiro que non teñen noutros hospitais? ¿Terá que ver algo que exista, como mínimo, unha igualdade de peso entre o sector privado e o público na xestión do Álvaro Cunqueiro? ¿Será, por tanto, unha evidencia máis —a pesar de que se repita sistematicamente que non é certo— de que o Álvaro Cunqueiro está sometido a decisións dunha empresa privada? Para nós é unha evidencia de que si, aínda que ao final de todo, xa saben vostedes, ao final da película, sempre será que a culpa é de Touriño ou de Zapatero, que todo pode ser, non hai problema, ou agora mesmo —aínda que non empezaron— da nova ministra de Sanidade, que tamén levará as súas culpas seguramente nalgún momento de moitas cousas.

Será todo iso, pero a cuestión curiosa é que non hai este problema en ningún outro sitio e si o hai no Álvaro Cunqueiro. A verdade é que para nós demostra bastantes cousas, e por iso apoiaremos esta iniciativa, porque evidencia un problema que ten que ver coa desatención que fai o Sergas do propio sistema concedéndolles o espazo para resolver os problemas sobre o persoal ás concesionarias. Porque agora mesmo os que dirixen o Sergas en realidade teñen envexa do sistema do modelo privado. Eles queren, en realidade, poder explotar tamén os profesionais, poder aplicar eses modelos que no sistema público non poden, ¡mira que o intentan! Teñen esa envexa de poder xestionar isto como se fose un hospital privado; e se puideran, faríano.

Por tanto, o que estamos debatendo é, en realidade, que tipo de modelo queremos para o noso sistema. Iso é o que estamos debatendo noutras propostas, e hoxe nesta, por iso a imos apoiar e a emendamos. Seguramente a propoñente deuse conta de que foi unha emenda mínima e pequena sobre, xa que se remite un informe, polo menos dicir que se nos remita aos grupos parlamentarios. Sería unha cuestión en realidade —vaime permitir a brincadeira— non necesaria de emendar porque sería sobreentendido por todo o mundo. Pero nun lugar onde hai que pedir a través de PNL que se remita a información e nunca se aproba, imos permitírnos emendar para que se diga que se nos transmita aos grupos parlamentarios. Porque sería a oportunidade para o Partido Popular de aprobar algunha concesión de información, pero dicir que non nola trasladan porque na proposta resolutiva non está a quen hai que darlla. Entón, para evitar eses problemas.

Xa ven, datos e información, que non está de máis. Porque xa que nos din que traballamos sen datos, polo menos a ver se son capaces no Partido Popular de votar a favor de darnos algún. Eses datos que eles teñen e que non comparten cos demais, eses datos que deben ser de protección de datos. Porque a protección de datos para o PP é que os datos son para min pero non para os demais; esa é a lei de protección de datos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: É unha maneira de entendelo, pero en realidade non é a maneira lexítima de entendelo. Polo tanto, a ver se son capaces de compartir os datos, e, entre todos, cos mesmos datos, faremos as nosas análises. Sería unha boa maneira de facelo, por iso pedimos esa información.

Xa saben, para evitar que despois se nos lembre que entre o 2005 e o 2009, onde se citan algunhas medidas boas, resulta que non gobernou ninguén cando son medidas boas. Cando alguén considera que son malas, seguro que gobernou alguén que nunca era o Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Coa privatización do novo hospital de Vigo, a decisión do Partido Popular de construír este hospital coa —chamada eufemisticamente— colaboración público-privada, non só converteu á concesionaria na responsable do proxecto de construción, senón que o que fixo foi cederlle á mesma a explotación e a xestión de moitos dos servizos deste novo hospital; en realidade de todos menos, teoricamente, da bata branca, que en parte... bueno, noutro momento falaremos desa cuestión.

A realidade é que converteu á concesionaria en propietaria do hospital durante os vinte anos que dura a concesión; e converteu a esta concesionaria na que toma as decisións. O Sergas deixou en mans desta empresa a xestión de todos os servizos non sanitarios, sen establecer absolutamente ningún mecanismo de control nin de garantía de como se teñen que prestar eses servizos. E fíxoo a pesar de contratar a unha empresa e a unha señora á que lle pagou unha importante cantidade por —teoricamente— velar polos intereses do Sergas nese acordo. Parece que esta señora cobrar cobrou, pero non velou polos intereses do Sergas; de feito, non estableceu ningún mecanismo que lle permitira ao Sergas, diante dunha situación como a que se está vivindo neste momento co conflito entre as auxiliares de enfermería —as TCAE— e a empresa concesionaria, poder poñerlle algún tipo de condición á empresa concesionaria. Dentro dos servizos que ten que prestar a concesionaria están os de limpeza e lavandería, e todo indica que a empresa pretende levalos a cabo sen ter a suficiente dotación de persoal para levalos a cabo.

Deste xeito, o persoal de limpeza está subcontratado pola concesionaria —porque o que fai a concesionaria logo é subcontratar; é dicir, sabemos cal é o modus operandi—, e a empresa subcontratada levaba máis de ano e medio denunciando que non tiña persoal suficiente para levar a cabo o traballo. E ademais facía funcións que non estaban no prego de condicións desta subcontrata. E despois de intentar negociar coa empresa concesionaria e de que a Xerencia do Sergas mirase para outro lado, fixo como que non tiña ningún tipo de cuestión que mirar, o que fixo o persoal de limpeza foi denunciar a situación, e ten unha setenza que di que, efectivamente, non está no seu contrato.

A dirección de hoxe, coñecendo o problema, preferiu mirar para outro lado durante máis dun ano, e decide dun día para outro que estas funcións as asuman as auxiliares, as TCAE, xa moi sobrecargadas de funcións, xa realizando moitísimas tarefas. ¿E como o fai? Pois

como fai case sempre as cuestións, con covardía, dun día para outro, dicíndolles que asuman esas funcións sen máis, sen diálogo e sen máis información que a política de «orden e mando» sobre esas profesionais, xa sobrecargadas, que foron asumindo funcións xa con moita carga de traballo sobre as funcións que xa viñan realizando. A partir de aí acoso, vixilancia, listado das profesionais que non acataban ordes, sancións, apertura de expedientes... Bueno, en lugar de velar polos intereses e defender as súas profesionais, o que fai o Sergas, o que fai a Xerencia de hoxe, é acoso e derribo das súas profesionais. Ou sexa, o *modus operandi* que estamos acostumados a ver.

Diante desta situación, o que demandamos desde o BNG ao Sergas é que deixe de exixirles a realización destas tarefas ás profesionais, ás auxiliares. Que lle exixa á empresa que dote de máis persoal e que as realice. Que rectifique, que deixe de protexer a empresa concesionaria e que pase a defender o persoal. Que xa está ben de que a prioridade sexa o negocio e o lucro da empresa e que xa é tempo de que o Partido Popular e a Xunta abandonen a submisión coa concesionaria e empecen a defender os intereses dos galegos e das galegas e os intereses do persoal do Sergas.

Imos apoiar esta iniciativa que presenta hoxe de En Marea. Trouxemos iniciativas similares aquí ao Parlamento. É evidente que esta cuestión se deriva desa privatización do novo hospital de Vigo. E, dende logo, a política laboral que leva co persoal do Sergas parécenos que non é de recibo, que ten que rectificala. Un persoal que leva xa semanas manifestándose, que estivo varios días cunha convocatoria de folga, e que, dende logo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...se algo leva demostrado, é xa moita paciencia, leva demostrado unha entrega ao seu traballo moi por encima en moitos casos do que sería exixible, e cremos que, como resposta a esa entrega, non merecen...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...este comportamento por parte da Xerencia de hoxe de Vigo nin por parte do Sergas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: O que lle pedimos —remato, presidente—...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...é que, diante desa responsabilidade por parte dos TCAE, merecen unha resposta por parte do Sergas, dende logo, de negociar e de dialogar, non de orden e mando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Moi boas tardes.

¿De verdade que a máxima preocupación para En Marea e para o Bloque Nacionalista Galego, con respecto á area sanitaria, son as toallas sucias, a recollida de roupa sucia, nun momento puntual, nunha situación puntual? Eu quero dicirlles, despois de catro veces que falamos neste Parlamento dun tema coma este, señoras e señores, que isto anosa que imos en Galicia, en materia de sanidade, na boa dirección.

Miren, vostedes quedaron no comunismo soviético e todo isto lles queda grande, dígollelo de corazón. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Imos ver onde nos atopamos. Miren, temos exactamente 38.000 persoas traballando actualmente no Servizo Galego de Sanidade. Hai 263 quirófanos habilitados e traballando a día de hoxe en Galicia. Dende o ano 2008 ata o ano 2017 incrementouse o orzamento da Xunta de Galicia en máis de 252 millóns de euros; e temos o maior orzamento da historia de Galicia na Consellería de Sanidade, con 3.800 millóns de euros. Prodúcense 205.000 intervencións cirúrxicas, e lévanse a cabo máis de 74.000 intervencións de cirurxía maior ambulatoria. Ademais disto, hai un 40,7 % de orzamento en materia de sanidade totalmente blindado para a área sanitaria galega. Créanse, ademais, 20 novas infraestruturas, 17 delas son de nova creación e 3 delas ampliacións ou melloras. ¡E vostedes veñen aquí falar por cuarta vez desta nimiedade, de roupa sucia! Moi ben.

Temos uns avances de tal nivel en Galicia que somos centro de referencia nacional para o tratamento de cancro e de corazón, como dicía anteriormente o señor Núñez Centeno. A unidade de oncoloxía radioterápica é referente en toda España para o tratamento de tumores cerebrais en nenos e en nenas. E lévase a cabo un procedemento pioneiro no mundo no tratamento do cancro de pulmón coa parada respiratoria dos propios doentes.

Ademais da memoria científica anual de colaboración entre o Sergas e a universidade, hai importantísimos avances en enfermidades raras e de orixe xenética, en inmunoloxía, en microbioloxía, en reumatoloxía, en microcirurxía e en medicina xenómica. Falamos da mellora da calidade científica, do incremento no número de investigadores con experiencia, de proxectos de colaboración internacionais, da mellora dos procesos de transferencia de tecnoloxía, de creación de spin-off e da realización de diferentes ensaios clínicos.

Dicía no anterior Pleno o conselleiro, na súa interpelación, que o Hospital Álvaro Cunqueiro é un dos mellores hospitais de Galicia, un dos 30 mellores hospitais de España e un dos mellores hospitais de Europa. Como xa lles dixen na anterior comisión —porque xa falamos deste tema—, o Hospital Álvaro Cunqueiro fíxose grazas á colaboración público-privada, cumprindo a Lei estatal de contratos do sector público; por certo, unha lei socialista que apoiaron vostedes no Congreso dos Deputados, Esquerda Unida e o Bloque Nacionalista Galego.

A asistencia sanitaria en Galicia é cen por cento pública, universal e gratuíta. E vostede falaba, señora Solla, de que foi un éxito a folga. Eu creo que as folgas nunca son un éxito, máis ben amosan os fracasos. O feito de trasladar a roupa sucia, como ben sabe, está dentro do

Estatuto das traballadoras, das auxiliares. E así o ratifican as diferentes sentenzas que hai...
(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. (*Murmurios.*) Silencio, por favor. (*Murmurios.*) ¡Silencio! (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Silencio, señor Losada, por favor. (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Por favor! É que..., ¡silencio! (*Murmurios.*) Escóitase murmurio aquí coma outras veces. (*Murmurios.*) ¡Silencio!

Prosiga, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Como ben saben, é unha competencia complementaria das obrigas estatutarias de lavar os doentes ou de facer as camas.

Vostedes solicitan negociar na súa moción. Como ben saben, dende o 2 de maio que comezou este problema, a dirección da EOXI reuniuse en máis de cinco ocasións coa Comisión de centro. E esperamos que tanto a dirección como as traballadoras poidan chegar a un acordo o antes posible, polo ben non soamente do centro, porque afectou á limpeza, á seguridade, á salubridade nas condicións do hospital. Pero prexudicou tamén a máis de trinta operacións que deixaron de levarse a cabo e a trinta probas diagnósticas. Co cal, non nos poderá pedir a nós neste Parlamento que traballemos para que non se leven a cabo os expedientes ou que se eliminen estes expedientes. Supoño que vostede non dubidará que o persoal público na inspección sanitaria fará o seu traballo.

Eu simplemente, señores de En Marea, quero dicirlles que a calidade en sanidade en Galicia está na boa dirección.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Grupo autor da moción, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Agradezo o apoio dos grupos da oposición e —xa é o que nos faltaba para rematar o día— eu agradézolle que me chame prosoviética, porque para min non é nada negativo. Sabe vostede, ademais, que eu son secretaria... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor, silencio!

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Si, afortunadamente, moi ao seu pesar, o meu partido leva legalizado bastantes décadas, cousa que xa sei que non lles gusta. (*Aplausos.*) Vostede chámame prosoviética e a min satisfáime, porque son secretaria xeral do Partido Comunista de Galicia en España, e eu dígolles que vostedes son máis da escola de Chicago. Precisamente por iso,

precisamente por iso, temos un hospital público-privado. Vostede non fixo referencia a ningún aspecto do terceiro punto, no que solicitamos e pedimos información, señora Míguez, sobre o cumprimento das relacións da Administración co concesionario. Vostedes, moi ao noso pesar, unha vez máis van votar outra vez en contra de trasladar a información. Vese que os que estamos do lado da democracia somos os prosoviéticos, e vese que os da Chicago... (*Murmurios.*), que os da escola de Chicago votan a favor da opacidade e de non facilitar información a esta Cámara. Xa estamos acostumadas —eu, polo menos, dos seis anos que levo aquí—.

Que vostede insulte as profesionais auxiliares de enfermería non ten parangón nunha tribuna, señora Míguez, porque para vostede as compañeiras poden ser simples toallas tiradas nun pasillo e para nós son as nosas compañeiras. E unha folga é un dereito lexítimo, gañado a sangue, a lume e con vidas, que está consagrado na Constitución española, señora Míguez. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Unha folga é exitosa cando se gaña, cando ten unha alta participación, cando serve para solventar os dereitos dos traballadores e traballadoras e as súas reclamacións. Unha folga é exitosa cando serve para algo.

E, desde logo, sinto moito trasladarlle que a súa intervención foi peor —e xa é bastante que dicir— que a do conselleiro de Sanidade do pasado pleno, na pasada interpelación. Porque, polo menos, o señor Almuíña dixo nesta tribuna —e eu por iso dixen que me agarraba a esa frase— que todo se podía negociar e que estaban dispostos a sentarse para solucionar este conflito. Desgraciadamente vemos que non é así, e o que non se pode é trasladarlle a un persoal que xa está saturado de traballo unha nova carga de traballo. Aquí non se fixo ningunha proposta. Simplemente pedimos que se senten a negociar e nin sequera son capaces de votar favorablemente a este aspecto.

Non sei realmente onde está o diálogo por parte da Consellería de Sanidade. E, dende logo, vostedes continuarán sen intentar resolver. Probablemente podían propoñer incrementar os profesionais, como fixeron nalgún outro centro, por exemplo no de Ourense, pero aquí non hai ningunha proposta.

Señora Míguez, continuaremos os prosoviéticos reclamándolles democracia nesta Cámara. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

¿Acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista?

¿Señora Solla, acepta a emenda? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Grazas.

(*Murmurios.*)

¡Silencio, por favor!

Imos votar.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Votamos, en primeiro lugar —pechen as portas, por favor— a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia.

Acéptase a emenda de En Marea e non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E votamos a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación dos servizos de mantemento do novo Hospital de Vigo.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.


O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Non hai máis puntos hoxe.

Suspéndese o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás sete e corenta minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25